

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 21 de decembro DE 2018**

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 21 de decembro de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 15/18, do 30 de novembro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 27 de novembro ata o 17 de decembro de 2018.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

- 3.-Corrección do texto do convenio coa Asociación Cultural Correlingua para financiar o Correlingua 2018. A lingua non para!
- 4.-Concesión de subvención nominativa á Asociación de Actores e Actrices de Galicia para financiar os Premios María Casares 2018 e aprobación do correspondente convenio.
- 5.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Galega de Productoras Independientes para financiar o III Encontro Estatal de Asociacións de Produtores en Galicia e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Deportes e Mocidade

- 6.-Concesión de subvención nominativa á entidade 5 Coruña Fútbol Sala para cofinanciar os gastos da realización de actividades de fútbol sala nacional masculino, galego feminino e base con todas as categorías en ligas galegas e locais no ano 2017, e aprobación do convenio.
- 7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Coruña Sport Centre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da realización do Campionato de España de Padel no ano 2017.
- 8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Bergantiños F.C., polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da participación de 11 equipos en competición federada durante o ano 2017.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

- 9.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para o cofinanciamento do programa de Becas Europa FP-Proxecto "Acoeuropa VI" no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente "Erasmus+2016".
- 10.-Aprobación da proposta de acordo do Pleno da Deputación para acordar a saída da Asociación Neria.

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente

11.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2018 terceira fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución das obras "Senda peonil na DP 7803 Santiago a Figueiras entre os P.K. 0+000 ao 2+560 e ramal inicial" (Santiago de Compostela)

12.-Aprobación dun convenio administrativo coa Universidade de Santiago de Compostela para financiar a realización dun traballo científico sobre a especie invasora Vespa velutina.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

13.-Toma de coñecemento do Plan anual de contratación (2019).

14.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Frades polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de acondicionamento do pavillón de Ponte Carreira e outros.

15.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actuacións de reparación e acondicionamento na contorna do Centro de Saúde.

16.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de pavimentación do camiño das Cádivas e do camiño Tras da Vila.

17.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora do saneamento e pavimentación na praza do médico A.C. Ramón Carrera e contorna.

18.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de intervención para a mellora do espazo do campo da feira do núcleo urbano de Moeche.

19.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros, para levar a cabo a obra do proxecto (modificado nº1) de construción do carril bici para unir a ría do Burgo con Mera e actuacións complementarias, incluídas no proxecto construtivo de rede ciclista da área metropolitana da Coruña.

20.-Aprobación da modificación do texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades “xestión dos

areais do concello de Valdoviño: servizo de socorrismo, mantemento e adecuación de acceso ás praias”

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

21.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Reurbanización Rúa Tras de Torre (Sigüeiro)” do Concello de Oroso, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.3110.0215.0, e aprobación definitiva desta obra.

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira para o financiamento do investimento “Acondicionamento de rúas, beirarrúas e seguridade viaria e información nos núcleos urbanos de Ortigueira e Espasante”

23.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Reforma de local comercial para oficinas municipais”, do Concello de Cambre, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 2016.3290.0015.0

24.- Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado “Saneamento e bombeo en Noal”, do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.3110.0234.0

25.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Laxe polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades do "Plan de dinamización turística do Concello de Laxe anualidade 2018"

26.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades do "Festival de Arte Urbano Desordes Creativas 2018"

27.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras da Fase I - Proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio "Casa das máquinas"

28.- Aprobación da modificación das cláusulas VII e XIII do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña para o financiamento do "Sal Festival Sabores Atlánticos A Coruña"

29.- Aprobación da ampliación do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios en materia de colaboración e asistencia á función interventora de comprobación material dos investimentos, así como do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Provincia da Coruña (COSITAL Coruña)

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

30.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de novembro de 2018.

31.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/11/2018 e proxección a 31/12/2018.

32.-Aprobación da desestimación dos recursos de reposición interpostos contra o acordo do Pleno da Corporación do 28/09/2018 que aproba definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo do ano 2018.

33.-Aprobación da proposta de acordo de concesión dunha achega nominativa e formalización dun convenio administrativo co Hogar Español de Montevideo, para cofinanciar os gastos de funcionamento do Fogar de Acollida no ano 2018.

34.-Aprobación da proposta da presidencia sobre adhesión ao código de bo governo local aprobado pola FEMP.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

-Moción de aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra os incendios forestais para desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais.

-Moción do Grupo Provincial de Marea Atlántica sobre a Lei de Benestar animal de Galicia.

-Moción do Grupo Provincial do BNG-Asembleas Abertas relativa ao proxecto de supresión das oficinas que a Tesourería da Seguridade Social mantén abertas na localidade da Coruña de servizos periféricos da administración xeral do Estado- A Coruña

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO
21 DE DECEMBRO DE 2018**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 21 de decembro de 2018, reúñese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
Dª PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D.JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
Dª. CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
Dª ROCIO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
Dª ANXELA FRANCO POUSO	BNG
Dª ROSA GALLEGOS NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
Dª SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	AA.VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
Dª INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
Dª Mª GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
Dª. TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almáu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e once minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Imos comenzar o Pleno cun minuto de silencio en recuerdo dos mariñeiros falecidos.

(A Corporación garda un minuto de silencio).

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 15/18, DO 30 DE NOVEMBRO.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 15/18, do 30 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DESDE O 27 DE NOVEMBRO ATA O 17 DE DECEMBRO DE 2018.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 27 de novembro ata o 17 de decembro de 2018.

3.-CORRECCIÓN DO TEXTO DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2018. A LINGUA NON PARA!

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Corrixir o erro cometido no nome da persoa asinante do convenio en representación da Asociación Cultural Correlingua e no importe do orzamento correspondente aos carteis e, xa que logo, aprobar a modificación do texto do convenio coa Asociación

Cultural Correlingua correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o *Correlingua 2018. A lingua non para!*, cuxa redacción queda como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A A.C. CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2018. A LINGUA NON PARA!

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna-----en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna-----en nome e representación da Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Cultural Correlingua con CIF G70325683 organiza desde 2001 diversas carreiras a prol do idioma por todo o país. Unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar á mocidade e aos centros de ensino a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua CIF G70325683 para

organizar o Correlingua 2018 "A lingua non para!", un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse tres carreiras pola lingua: A Coruña o 04/05/2018

Santiago de Compostela o 07/07/2018

Ferrol o 15/05/2018

Así que, o prazo de execución das carreiras pola lingua é o mes de maio de 2018.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Cultural Correlingua levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

1. Organización de Actividades	20.220 €
---------------------------------------	-----------------

1.1 Premio secundaria Correlingua 2018 en Pontedeume: 2.830 €

* Estadía Alvarella Ecoturismo: 2.790 €

* Visita Museo Etnográfico da Capela: 40 €

1.2 Aluguer equipos de son, xeradores e escenarios: 4.500 €

* Equipo de son, xerador e camión escenario a Sonacustic para o Correlingua da Coruña (04/05/2018): 2.900 €

* Equipo de son, grupo electróxeno e producción técnica a Fábrica de Sons para o Correlingua de Santiago de Compostela (07/05/2018): 1.600 €

1.3 Contratación de profesionais: 11.433 €

* Para a presentación do Correlingua por parte de Isabel Risco: 600 €

* Para as actuacións musicais do Cantalingua: 1.200 €

* Para o acompañamiento da marcha do alumnado de primaria no Correlingua de Santiago: Os Quinquilláns: 500 €

* Para a actuación musical infantil no Correlingua de Ferrolterra: Pakolas: 500 €

* Para a coordinación do Correlingua: catro nóminas de Lucía Barreiro Capón de 2.158,28 € cada unha (Salario líquido: 1.353,33 + IRPF 190,77 € + S. Social 614,18€: 8.633,00 €

1.4 Desprazamentos: 1.457 €

* Autobuses para o desprazamento do alumnado ao premio de secundaria en Pontedeume: 880 €

* Autobuses para o desprazamento do alumnado ao Correlingua de Ferrol: 577 €

2. Edición material e publicitación	4.780€
--	---------------

2.1 Agasallos para o alumnado: 4.513€

* 4.500 chapas para agasallar ao alumnado asistente ao Correlingua da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol: 1.219 €

* 4.500 mochilas para agasallar ao alumnado asistente ao Correlingua da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol: 3.294 €

2.2 Carteis para publicitar o Correlingua na provincia da Coruña: 267 €

TOTAL: 25.000 €

Cantidad total orzada: 25.000 €

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 20.000 €

Coeficiente de financiamento: 80%

Asociación Cultural Correlingua declara que segundo as contas presentadas, dispón dos recursos suficientes para asumir a parte do orzamento da actividade non financiada por esta deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidad efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidad xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que

concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Asociación Cultural Correlingua tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Correlingua.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2018**, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Correlingua deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **1 de marzo de 2019**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Correlingua da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015 das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Correlingua na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Correlingua terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarán esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Correlingua deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Correlingua queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNIS E SANCIÓNIS

1. O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2018.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

4.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA PARA FINANCIAR OS PREMIOS MARÍA CASARES 2018 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación de Actores e Actrices de Galicia para financiar os *Premios María Casares 2018*, por importe de **15.000 €**, cun orzamento subvencionado de 65.845,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de decembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Actores e Actrices de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos Premios María Casares 2018.

Na Coruña

REÚNENSE

Don/a _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____ en representación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Actuando no ejercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obligarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia é unha entidade privada sen ánimo de lucro, de carácter profesional, autoxestora e autónoma, na que se integran na actualidade 337 persoas asociadas.

Segundo.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia ten entre os seus fins agrupar actores e actrices para a defensa dos seus intereses profesionais e desenvolver accións xerais de fomento das artes escénicas e audiovisuais dirixidas ao conxunto da sociedade galega, elaborar propostas de mellora, modernización e racionalización das políticas culturais en Galicia e, en xeral, calquera actividade que contribúa a estimular as prácticas e os consumos escénicos e audiovisuais en Galicia.

Terceiro.- Nestas actividades ten un carácter fundamental a convocatoria dos Premios de Teatro María Casares que foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) como estímulo e recoñecemento ao labor e o traballo do sector teatral.

Desde a súa primeira edición en 1997, os Premios María Casares teñen demostrado sobradamente a súa funcionalidade como espazo privilexiado de encontro anual dos e das profesionais do teatro en Galicia, como foro social de recoñecemento do labor emprendido polos nosos artistas e como ámbito de proxección pública das súas obras.

Cuarto.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

Quinta.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento dos ditos premios, polo que na Base 51ª.-5 das de Execución do Orzamento para 2018, foi incluída unha achega de 15.000 €, en

concepto de subvención nominativa á Asociación de Actores e Actrices de Galicia destinada a financiar os *Premios María Casares 2018*.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación de Actores e Actrices de Galicia con CIF G15089410, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento dos “Premios María Casares 2018”.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia desenvolverá as actividades programadas, consonte co seguinte orzamento:

Gastos de persoal artístico

Dirección-Guión-escenografía	15.800,00
vestuario-maquillaxe	
Músicos na gala	6.000,00
Outras colaboracións artística	500,00

Gastos de persoal técnico

Producción executiva e dirección prod.	5.445,00
Responsable Xestión, admin/votacións	7.000,00
Responsable Comunicación e Contidos	3.900,00
Personal Maquillaxe e perruquería	600,00
Personal producción e protocolo	1.500,00
Personal Roteiros	900,00

Gastos de producción

Iluminación e son Gala	7.800,00
Iluminación e son presentación finalistas	850,00
Cobertura gráfica	700,00
Aluguer de locais	350,00
Aloxamento	1.400,00
Dereitos autoría	150,00
Dereitos proxección	500,00
Asesoría legal	350,00
Seguro R.C.	500,00

Promoción, publicidade e relacóns públicas

Deseño e edición de	3.800,00
---------------------	----------

soportes gráficos e audiovisuais	
Impresión materiais	1.600,00
Servizo de protocolo	1.800,00
Xerras Sargadelos	4.400,00
Total	65.845,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **22,78077 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado é suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 22,78077 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Actores e Actrices de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Actores e Actrices de Galicia, nin con calquera outra na

que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalguna das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Actores e Actrices de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de se a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2018, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación de Actores e Actrices de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Actores e Actrices de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

- 1.-** A Asociación de Actores e Actrices de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgúnha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de

sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Actores e Actrices de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado desde o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

5.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUCTORAS INDEPENDIENTES PARA FINANCIAR O III ENCONTRO ESTATAL DE ASOCIACIÓN DE PRODUTORES EN GALICIA E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Asociación Galega de Productoras Independientes (NIF G15507239), por importe de **6.500 €**, para financiar o III Encontro Estatal de Asociacións de produtores en Galicia, cun orzamento subvencionado de 8.125,75 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de decembro de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Productoras Independientes para financiar o III Encontro Estatal de Asociacións de productores en Galicia.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____ en representación da Asociación Galega de Productoras Independientes.

EXPOÑEN

1.- AGAPI, Asociación Galega de Productoras Independientes, é unha asociación fundada en 1994, precursora do sector audiovisual en Galicia.

2.- Nestes máis de vinte anos, foron numerosas as actividades e iniciativas levadas adiante pola entidade. Agapi foi e sigue sendo interlocutora activa de cara as administracións e televisións tanto galegas como estatais. No ano 2014 a Asociación foi galardoada co Premio da Cultura Galega do Audiovisual, máximo recoñecemento que outorga cada ano a Xunta de Galicia a entidades que destacan polo seu aporte cultural e histórico.

3.- No 2018 celébrase o III Encontro Estatal de Asociacións de produtores por primeira vez en Galicia, sendo a sede do mesmo Santiago de Compostela. Trinta entidades de todos os puntos de España se reúnen en Galicia para falar dos problemas transversais que afectan ao sector da producción audiovisual.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de concesión duna subvención nominativa da Deputación Provincial da Coruña á Asociación Galega de Productoras Independientes (NIF: G15507239 para financiar o III Encontro Estatal de Asociacións de produtores en Galicia de acordo co seguinte programa:

III Encontro Estatal de Asociacións terá lugar os días 1 e 2 de marzo de 2018 en Santiago de Compostela.

O programa queda descrito a continuación:

Xoves 1 de marzo:
22 h. cea de benvida.

Venres 2 de marzo:

- 9.15 presentación ao ICAA do proxecto FASA.
- 10.30 prensa e foto.
- 11.30-14.30 xornada de traballo.
- 14.30 comida
- 16.30-18.30 xornada de traballo.

II.- Orzamento da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos directos:

Contratacóns externas de servizos.

Tarifas relatores no Encontro Estatal de Asociacións: 1.687,68 €

Aloxamento en réxime de media pensión dos relatores participantes no encontro Estatal de Asociacións: 2.945,10 €

Transporte relatores participantes no encontro Estatal de Asociacións- Autobús a disposición, días 1 e 2 de marzo: 1.104,50€

Transporte e aloxamento Dolores. Reunión previa Madrid: 195,00 €

Contratacóns externas de servizos: Xestión e asesoramento no III Encontro Estatal de Asociacións: 481,47 €

Contratacóns externas de servizos: Recollida e tratamento de datos para o estudo de investimento das televisións e administracións: 302,50 €

Contratacóns externas de servizos. Comunicación e prensa: 211,75 €

Difusión, cartelería, material de imprenta: 75,20 €

Asistencia técnica no III Encontro estatal de produtoras: 188,55 €

TOTAL: 7.191,75 €

Gastos Indirectos:

Soldos e salarios do persoal da entidade. Dirección do proxecto: 934,00 €.

TOTAL: 934,00 €

TOTAL GASTOS DIRECTO + GASTOS INDIRECTOS 8.125,75 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **6.500,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,99 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado é suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Galega de Productoras Independientes obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Galega de Productoras Independientes.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Galega de Productoras Independientes, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Galega de Productoras Independientes deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Galega de Productoras Independientes.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Galega de Productoras Independientes unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante da Asociación Galega de Productoras Independientes, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demás xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obligas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obligas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2018**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Galega de Productoras Independientes deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Galega de Productoras Independientes para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Galega de Productoras Independientes da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015), lle poida corresponder na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015) lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Galega de Productoras Independientes na documentación aportada; e se tiveran transcorridos máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Galega de Productoras Independientes terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Galega de Productoras Independientes deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Galega de Productoras Independientes destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Galega de Productoras Independientes deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Galega de Productoras Independientes poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Galega de Productoras Independientes queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Galega de Productoras Independientes serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Galega de Productoras Independientes será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prorroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Galega de Productoras Independientes, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbihdas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondelos aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE 5 CORUÑA FÚTBOL SALA PARA COFINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FÚTBOL SALA NACIONAL MASCULINO, GALEGO FEMININO E BASE CON TODAS AS CATEGORÍAS EN LIGAS GALEGAS E LOCAIS NO ANO 2017, E APROBACIÓN DO CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de decembro de 2018.

2.- Conceder unha subvención nominativa ao **5 Coruña Fútbol Sala**, por importe de **5.000,00 €**, para cofinanciar os gastos da realización de actividades de fútbol sala nacional masculino, galego feminino e base con tódalas categorías en ligas galegas e locais no ano 2017, cun orzamento subvencionado de 31.918,63 €, de aprobar o correspondente convenio de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade 5 Coruña Fútbol Sala, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da realización de actividades de

fútbol sala nacional masculino, galego feminino e base con tódalas categorías en ligas galegas e locais no ano 2017.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____en nome e representación do **5 Coruña Fútbol Sala**

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **5 Coruña Fútbol Sala** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **5 Coruña Fútbol Sala** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación Provincial da Coruña a prol do **5 Coruña Fútbol Sala** (CIF:G70337217), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o cofinanciamento dos gastos da realización de actividades de fútbol sala nacional masculino, galego feminino e base con tódalas categorías en ligas galegas e locais no ano 2017

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **5 Coruña Fútbol Sala** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos federativos	6.500,00 €
Gastos arbitrais	6.000,00 €
Gastos de transportes	7.418,63 €
Gastos material deportivo non inventariable	10.500,00 €
Aluguer de pistas	1.000,00 €
Seguros	500,00 €
Total	31.918,63 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **5.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **15,66%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **15,66 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **5 Coruña Fútbol Sala** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao 5 Coruña Fútbol Sala.**

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza **ao 5 Coruña Fútbol Sala** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o **5 Coruña Fútbol Sala** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **5 Coruña Fútbol Sala.**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **5 Coruña Fútbol Sala.** unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **5 Coruña Fútbol Sala.** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- .- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- .- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- .- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- .- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

- 1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017
- 2.- Unha vez rematadas as actividades, **ao 5 Coruña Fútbol Sala** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **1 de marzo de 2019**.
- 3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao **5 Coruña Fútbol Sala**, para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **5 Coruña Fútbol Sala** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

- 4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **5 Coruña Fútbol Sala** na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, **ao 5 Coruña Fútbol Sala** terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- 1.- **O 5 Coruña Fútbol Sala** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade

Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **5 Coruña Fútbol Sala** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **5 Coruña Fútbol Sala** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **5 Coruña Fútbol Sala** poderá ser esolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **5 Coruña Fútbol Sala** queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro,

Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **5 Coruña Fútbol Sala** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos, e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao 5 Coruña Fútbol Sala** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de marzo de 2019** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DEPORTIVO CORUÑA SPORT CENTRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DA REALIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE PADEL NO ANO 2017.

INTERVENCIÓN

Sr. García Seoane

Simplemente para explicar porque voto que non, díxeno na Comisión, e eu voto que non porque cando vexo en que se gasta o diñeiro, -comenteíno nalgún sitio, coméntoo aquí e xa está, non fun á Comisión por certo, é que como vou a todas xa non sabía se fora a esta ou non, vou a todas cobre ou non cobre, vou a todas-. Persoal de staff 9.200, xuíces e árbitros nove mil e pico, camisetas e bolsas dez mil e pico, paréceme un dispendio de diñeiro tremendo e, polo tanto, opónome rotundamente cando hai tanta necesidade nos clubs das vilas, clubs de fútbol, clubs de natación, todos estes aos que tamén lles damos subvencións, pero que lle damos moitísimo menos que a esta xente que fai este tipo de actividades e que ademais se atreve a cobrar incluso o alugueiro das pistas que son deles, é dicir, estamos pagando o alugueiro dunhas pistas que son da mesma sociedade que fai o torneo. Polo tanto, esa é a razón, non hai outra.

Sr. Fernández Piñeiro

Facer unha aclaración, na primeira documentación que se presentou incluíase ese alugueiro pero finalmente non foi así, é dicir, os mecanismos de control da Deputación funcionaron, trasladóuselles que eses gastos non podían ser subvencionables e polo tanto elimináronse da proposta e non se lle está pagando polo alugueiro das pistas. En todo caso, si que é certo, podemos compartir ou non que os gastos poidan ser maiores ou menores, pero si que é certo que hai que recalcar que se trata do Campionato de España de pádel, que trouxo a mil douscentos deportistas de menos de dezaoito anos a esta cidade e que ademais tivo unha grande ocupación hoteleira e polo tanto tamén tivo unha grande repercusión na economía da cidade da Coruña importante e polo tanto se temos en conta todos esos parámetros, entendemos que poida ser que non sexa tan disparatado. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por mayoría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de decembro de 2018.

2.- Aprobar o convenio co Club Deportivo Coruña Sport Centre correspondente á subvención nominativa, por importe de **25.000,00 €, concedida para financiar a realización do campionato de España de Padel no ano 2017, cun orzamento subvencionado de 63.874,86 €, de acordo co texto que se achega e condicionado á incorporación do crédito.**

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Coruña Sport Centre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da realización do campionato de España de Padel no ano 2017.

Na Coruña,

REUNIDOS

D/Dna._____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación do **Club Deportivo Coruña Sport Centre**.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Deportivo Coruña Sport Centre**, é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Deportivo Coruña Sport Centre** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación Provincial da Coruña a prol do **Club Deportivo Coruña Sport Centre** (CIF:G70412374), fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos assumidos pola entidade beneficiaria, para o cofinanciamento dos gastos da **realización do campionato de España de Padel no ano 2017**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Deportivo Coruña Sport Centre** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Personal staff	9.200,00 €
Xuíces, árbitros	5.200,00 €
Menús árbitros e persoal staff	2.640,00 €

Welcome pack (camiseta e bolsa)	10.500,00 €
Árbitros (outros)	4.243,00 €
Photocall, cartelería e mascota oficial	4.900,00 €
Vinilado Autobús	1.000,00 €
Servizo Fisioterapeuta	1.170,00 €
Aluguer 6 pistas de padel	2.082,65 €
Aluguer outras 6 pistas de padel	3.660,00 €
Equipamento Audiovisuais	705,00 €
Alugueiro cadeiras campionato	200,00 €
Centro Carga Móbiles	585,00 €
Medallas, placas e trofeos	1.537,80 €
Aloxamento persoal organización	3.001,10 €
Servizos ambulancia	12.300,00 €
Gastos inscrícion	950,41 €
Total	63.874,86 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **39,14%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **39,14 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Deportivo Coruña Sport Centre** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao Club Deportivo Coruña Sport Centre**.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, **o Club Deportivo Coruña Sport Centre** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga **do Club Deportivo Coruña Sport Centre**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seral leva a cabo ao **Club Deportivo Coruña Sport Centre** unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal **do Club Deportivo Coruña Sport Centre**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acreedores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que

foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- .- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- .- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- .- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- .- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, **o Club Deportivo Coruña Sport Centre**, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento **o Club Deportivo Coruña Sport Centre**, para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá **ao Club Deportivo Coruña Sport Centre**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Deportivo Coruña Sport Centre** na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, **ao Club Deportivo Coruña Sport Centre**, terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- **O Club Deportivo Coruña Sport Centre**, deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se

atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Deportivo Coruña Sport Centre**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Deportivo Coruña Sport Centre**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Deportivo Coruña Sport Centre**, poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Deportivo Coruña Sport Centre**, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do

reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Deportivo Coruña Sport Centre**, serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos, e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Club Deportivo Coruña Sport Centre**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.-Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O BERGANTÍÑOS F.C., POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DA PARTICIPACIÓN DE 11 EQUIPOS EN COMPETICIÓN FEDERADA DURANTE O ANO 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de decembro de 2018.

2.- Conceder unha subvención nominativa ao **Bergantiños F.C.**, por importe de **7.500 €**, para cofinanciar os gastos da participación de 11 equipos en competición federada

durante o ano 2017, cun orzamento subvencionado de 49.819,00 €, de aprobar o correspondente convenio de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Bergantiños F.C., polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da participación de 11 equipos en competición federada durante o ano 2017.

Na Coruña,

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación do **Bergantiños F.C.**

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Bergantiños F.C.**, é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Bergantiños F.C.**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación Provincial da Coruña a prol do **Bergantiños F.C.**, (CIF:G15116775), fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o cofinanciamento dos **gastos da participación de 11 equipos en competición federada durante o ano 2017.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Bergantiños F.C., desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Arbitraxes	18.785,00 €
Mutualidade	7.848,00 €
Sancións deportivas	2.020,00 €
Contratacións externas - servizo de fisioterapia	500,00 €
Contratacións externas - bus (desprazamentos a competicións)	16.225,00 €
Avituallamentos (auga, bocadillos e froita en desprazamentos a competicións)	2.150,00 €
Adestradores: axuda desprazamentos a competicións e adestramentos	53.700,00 €
Xogadores equipo senior: axuda desprazamentos a competicións e adestramentos	98.000,00 €
Aloxamentos: fase de ascenso a segunda división B	2.200,00 €
Contratacións externas - bus (fase de ascenso a segunda división B)	2.000,00 €
Coordinador deportivo, xogadores: nómina bruta e SS	22.852,00 €
Gastos varios (material deportivo seguro RC)	2.761,00 €
Total	229.041,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **7.500 €**, o que representa unha porcentaxe do **3,27%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **3,27 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Bergantiños F.C.**, obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao **Bergantiños F.C.**

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza ao o **Bergantiños F.C.**, para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serllas encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Bergantiños F.C.**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Bergantiños F.C.**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seral le aboada ao Club Noia Fútbol Sala unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Bergantiños F.C.**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

- .- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.
- .- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- .- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- .- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- .- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- .- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

- 1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017
- 2.- Unha vez rematadas as actividades, **o Bergantiños F.C.**, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2019**.
- 3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento **o Bergantiños F.C.**, para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá **ao Bergantiños F.C.**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

- 4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Bergantiños F.C.**, na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, **ao Bergantiños F.C.**, terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de

xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Bergantiños F.C.**, deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Bergantiños F.C.**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Bergantiños F.C.**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Bergantiños F.C.**, poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Bergantiños F.C.**, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño do 2.015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Bergantiños F.C.**, serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos, e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Bergantiños F.C.**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.-Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO "ACOEUROPA VI" NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE "ERASMUS+2016".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co **CONCELLO DA CORUÑA**, CIF P-1503000J, para regular a achega de **15.000 €** para cofinanciar o **PROGRAMA DE BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO “ACOREUROPA VI”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “ERASMUS+ 2014-2020”**, cun orzamento subvencionado de 216.235,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 6,9369 %.

3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220180043390, da partida 0520/3269/46201, do vixente orzamento xeral para 2018.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO “ACOREUROPA VI”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “ERASMUS+ 2016”

Na Coruña, o de do dous mil dezaoito

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Doutra, D/Dna. Silvia Cameán Calvete, Concelleira Delegada de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña, CIF P1503000J.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

O Programa Erasmus+ foi creado pola Unión Europea para promover un espazo europeo en materia de educación e formación profesional. Un dos seus obxectivos esenciais é mellorar a calidade da formación profesional de modo que axude a preparar a xoves traballadores fronte aos cambios tecnolóxicos e industriais e mellorar as posibilidades de emprego.

O Programa Erasmus+ ofrécelles aos estudiantes e aos recentemente titulados universitarios a posibilidade de realizar prácticas en organismos e empresas doutros países europeos, que lles acheguen cualificacións profesionais complementarias, co fin de mellorar as oportunidades de acceso ao mundo laboral. Ao mesmo tempo, pretende ofrecerelles aos organismos e empresas de acollida unha experiencia transnacional e un apoio á innovación a través da transferencia de tecnoloxía mediante a mobilidade dos recursos humanos.

Na segunda convocatoria realizada en 2016 polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación – SEPIE, no marco do “Erasmus+ 2014-2020”, o Concello da Coruña participou presentando o programa de Bolsas Europa FP-Proxecto **“ACOREUROPA VI”**, no que a Deputación da Coruña manifestou a súa

vontade de participar como entidade socia, colaborando no seu financiamento, para o caso de que fora aprobado.

O citado proxecto foi finalmente aprobado polo SEPIE, polo que procede agora a subscrición do correspondente convenio administrativo co Concello da Coruña no que se formalice a participación da Deputación da Coruña.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é a formalización da participación da Deputación Provincial da Coruña, como entidade socia, na execución do programa de Bolsas Europa FP-Proxecto “**ACOREUROPA VI**”, promovido polo Concello da Coruña no marco do Programa Erasmus+ 2014-2020.

O proxecto prevé a concesión de 50 bolsas, de ata 3 meses de duración, que se vai realizar dende setembro/2017 a decembro/2018, segundo o calendario do proxecto, en empresas dos seguintes destinos: Florencia-Italia, Cork-Irlanda, Burdeos-Francia e Lisboa-Portugal, dirixidas aos alumnos titulados nos diferentes ciclos medios de Formación Profesional que se imparten nos institutos de ensino secundario e centros integrados de formación profesional do Concello da Coruña socios do proxecto.

O convenio de subvención foi asinado polo SEPIE o 18.01.2017, e o prazo de execución do proxecto remata o 31 de decembro de 2018.

A Deputación participará na súa execución mediante:

- Asesoramento técnico nas distintas etapas do proxecto
- Apoio nas estratexias de difusión
- Asistencia na definición do calendario de traballo
- Apoio no contacto cos organismos intermediarios do proxecto
- Asistencia na elaboración e entrega da documentación aos participantes
- Cofinanciamento do proxecto cunha achega de 15.000,00 €.

II. ORZAMENTO DO PROXECTO

O orzamento do proxecto ascende a 216.235,00 €, cuxas partidas e finanziadores se detallan no seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO DE GASTO	FINANCIADOR			TOTAL (€)
	SEPIE	DEPUTACIÓN	CONC.A CORUÑA	
Xestión do proxecto	17.500,00	0,00	18.800,00	36.300,00
Preparación lingüística e pedagóxica	2.250,00	0,00	0,00	2.250,00
Estancias (aloxamiento, manutención, transportes e organización en destino) e viaxe	154.760,00	15.000,00	6.125,00	175.885,00
Seguros e difusión	0,00	0,00	1.800,00	1.800,00
TOTAL (€)	174.510,00	15.000,00	26.725,00	216.235,00

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 15.000,00 euros, que equivalen ao 6,9369 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 6,9369 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o

importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo á subvención do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos – OAPEE (hoxe SEPIE) e aos recursos propios do Concello da Coruña, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/3269/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Correspondelle ao concello o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o concello tramite e aprobe algunha modificación da memoria de actividades inicialmente aprobada, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar da memoria modificada, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Despois de asinar o convenio aboarase un primeiro prazo, por importe do 50 % do importe da achega provincial, despois da presentación por parte do concello da Coruña dunha copia das resolucións de adxudicación das bolsas aos participantes.

2. O 50 % restante da achega aboarase despois da xustificación da execución total do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Informe final do proxecto, presentado perante o SEPIE, subscrito polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, de accordou co modelo normalizado establecido polo citado servizo, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Copia das resolucións de adxudicación das bolsas aos participantes

- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
 - Certificación da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, o Concello da Coruña deberá acreditar que está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais, así como coa Deputación provincial (este último aspecto farase de oficio).
4. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar realizadas entre o 01.09.2017 e o 31.12.2018, e unha vez rematadas, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á ENIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.
3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, o Concello da Coruña deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida ou autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio .

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o concello deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá escollela a Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, e segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgúnha das infracciones tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións disposto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. Considerando que o proxecto “ACOREUROPA VI”, segundo o calendario presentado, realiza entre o 1 de setembro de 2017 e o 31 de decembro de 2018, o convenio terá efectos retroactivos dende o 01.09.2017, e estenderá a súa vixencia ate o 31.07.2019.
2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter realizadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 31.07.2019, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2019. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesta data.
De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e cos informes previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo con data do de do 2018.

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado o que se indica na cabeceira.

O Presidente da Deputación

A Concelleira de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña"

10.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ACORDO DO PLENO DA DEPUTACIÓN PARA ACORDAR A SAÍDA DA ASOCIACIÓN NERIA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. A Deputación Provincial da Coruña acordou a súa incorporación como socio da asociación NERIA, en virtude do acordo plenario da Corporación adoptado o día 25 de outubro de 1996.

2.- En sucesivos trámites anuais a Deputación foi aboando as súas cotas de socio ata a anualidade do ano 2013.

3.- No ejercicio 2014 e nas anualidades sucesivas o aboamento da cota da Deputación non pudo materializarse, ante a imposibilidade da asociación NERIA de acreditar perante a Deputación a circunstancia de estar ao corrente de súas obrigas coa administración tributaria e coa Seguridade Social.

4.- Ante a situación exposta, e dada a imposibilidade acreditada, nos sucesivos controis financeiros realizados pola Intervención da Deputación Provincial á asociación NERIA, de que a asociación poida fazer fronte ás súas obrigas económicas, e acreditada tamén a circunstancia de que a asociación non ten actividade dende hai varios anos acórdase:

1º.- A baixa da Deputación Provincial da Coruña como socio da Asociación NERIA para os efectos previstos no artigo oito da asociación con efectos do 1 de xaneiro de 2019.

2º.- Poñer a disposición da asociación NERIA os medios persoais e materiais precisos para facilitar o eventual proceso de disolución e liquidación da asociación."

11.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2018 TERCEIRA FASE E INICIO DOS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DAS OBRAS "SENDA PEONIL NA DP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS ENTRE OS P.K. 0+000 AO 2+560 E RAMAL INICIAL" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

INTERVENCIÓNS

Sr. Dios Diz

Bo día Sr. Presidente, bos días a todos e a todas, desculpade que faga unha intervención sobre este tema porque para nós é un asunto moi importante. A senda peonil que une a parroquia das Figueiras coa cidade de Santiago é unha actuación longamente demandada pola veciñanza. As primeiras peticións veñen dos inicios de 2000 onde o Concello solicita sendas peonís para a subida ao Monte Pedroso. O primeiro proxecto que a Deputación presenta para a construcción dunha senda peonil de Santiago desde a antiga curtidoría do Carme de Abaixo a Figueiras é de abril de 2009, tiña un orzamento de algo máis de 469.000 euros, non conectaba cos núcleos de Figueiras, senón que remataba no inicio da estrada ao Pedroso. Foi aprobado en sesión plenaria do 24 de abril de 2009, e incluído na segunda fase do Plan de travesías daquel ano. Máis de ano e medio despois da redacción do proxecto, en decembro de 2010, o proxecto non chegara a licitar, nesa data foi incluído na sexta fase do Plan de sendas peonís, poucos meses antes de que se convocaran as eleccións municipais. A obra quedou nun caixón ata o 2015 cando nós pedimos o seu rescate. Ao pouco de chegar Compostela Aberta o goberno de Santiago de Compostela, en setembro de 2015 e incorporado xa na institución provincial, solicitamos ao deputado responsable, José Manuel Pequeño, que se retomara aquel proxecto que levaba moitos anos nun caixón, desde ese momento Concello e Deputación comezan a traballar conxuntamente. En febreiro de 2017 o deputado José Manuel Pequeño ao que agradecemos a súa sensibilidade neste tema, máis eu, xunto con técnicos desta casa, visitamos Figueiras para ver, in situ, a necesidade desta actuación. A partir de aí inícianse as conversas entre técnicos municipais e provinciais para revisar o proxecto de 2009 e finalmente a Deputación decide licitar un proxecto novo, descartando o existente. En outubro de 2017 publícase o inicio da licitación da redacción do novo proxecto de senda peonil de Figueiras e o prazo para presentar o proxecto rematou en xullo de 2018.

A parroquia de Figueiras, cos seus mil habitantes aproximadamente é unha das parroquias rurais más habitadas do Concello e atópase moi mal conectada coa cidade por non ter unha senda peonil segura e por iso é tan importante esta actuación. A senda peonil é necesaria para conectar o centro da cidade con Figueiras, pero tamén para dar servizo ás vivendas e ás instalacións a carón do Pedroso, como

é o centro de educación especial, ou o centro integrado de formación profesional. Sabemos que este é un primeiro paso fundamental, pero ainda falta para que a senda sexa unha realidade, é necesario que o proxecto se licite e se adxudique o antes posible, e non queremos que volva quedar nun caixón como pasou cos gobernos que nos precederon no Concello de Santiago, por iso estaremos vixientes para que esta actuación bote a andar o antes posible. Moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bo día, non vou trasladar por suposto un debate de ámbito local a esta Deputación, simplemente para constatar que, obviamente, alegrámonos desde o noso Grupo Provincial que o concelleiro da Marea de Podemos de Santiago de Compostela estea satisfeito porque despois de tres anos da presentación dunha moción no Concello de Santiago, asinada polo Grupo municipal do PSdeG, o Grupo municipal do BNG e o Grupo municipal do Partido Popular, e non asinada polo Grupo municipal da Marea de Podemos de Santiago de Compostela, que foi presentada en novembro de 2015, tardou tres anos esta Deputación en iniciar esta obra, e iniciar a tramitación que nosoutros, obviamente, tamén consideramos que é moi importante e, polo tanto, tamén estamos moi satisfeitos. Moitas grazas.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2018 TERCEIRA FASE cun orzamento total de con un orzamento total de 754.128,97.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPUESTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
18.1170.0004.0	SENDA PEONIL NA DP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS ENTRE OS P.K.S 0+000 AL P.K. 2+560 E RAMAL INICIAL	SANTIAGO COMPOSTELA	754.128,97 €	39.193,88

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPUESTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
18.1170.0004.0	SENDA PEONIL NA DP 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS ENTRE OS P.K.S 0+000 AL P.K. 2+560 E RAMAL INICIAL	SANTIAGO COMPOSTELA	754.128,97 €	39.193,88

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

12.-APROBACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DUN TRABALLO CIENTÍFICO SOBRE A ESPECIE INVASORA VESPA VELUTINA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- "1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, así como a aplicación do límite xeral do 80 % de coeficiente de financiamento, previsto na Base 51.5, das de execución do orzamento, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2.c) da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 67 do seu regulamento.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CIF Q1518001A, para regular unha achega de 100.000,00 €, para cofinanciar unha actividade investigadora sobre a especie invasora VESPA VELUTINA, cuxo orzamento subvencionado ascende a 111.192,75 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 89,9339 %.
3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220180044540.1, do 3.12.2018, da Partida 0520/3269/45390, do vixente Orzamento Xeral para 2018.
4. Condicionar o gasto á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2019, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria de acordo coa normativa vixente no momento, tendo en conta que o convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio económico actual.
5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O FINANCIAMENTO DUNHA ACTIVIDADE INVESTIGADORA SOBRE A ESPECIE INVASORA VESPA VELUTINA

Na Coruña, a de do douce mil dezaoito

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de Presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Antonio López Díaz, que intervén neste acto en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, CIF Q1518001A, con domicilio social na

Praza do Obradoiro, s/n, CP 15782 Santiago de Compostela, na súa calidade de Reitor Magnífico e conforme as competencias que ten atribuídas.

Os dous actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña, en adiante a Deputación, ven colaborando coa Universidade de Santiago de Compostela, en adiante USC, na realización de traballos de investigación, tanto nos campos económico financeiro, de emprego, empresarial ou institucional, como en estudos de interese medioambiental.

As especies exóticas invasoras constitúen a segunda causa de perda de biodiversidade no mundo tras a modificación do hábitat. A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, define unha especie exótica invasora como “aquel que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética”.

Un dos casos máis representativos da chegada a Galicia de especies exóticas invasoras é o do avisón asiático ou avispa negra (*Vespa velutina* ssp. *nigrithorax*), introducida en Europa no ano 2004, e que desde entón foi asentándose por toda a cornixa cantábrica e atlántica. En Galicia detectouse a súa presenza no ano 2013.

Na provincia da Coruña, a progresiva colonización territorial da *Vespa velutina* supón un risco para o noso medio ambiente, para a actividade agrícola e, de maneira moi importante, para a producción apícola e de froita. A súa propagación tamén afecta ás zonas urbanas e semiurbanas, o que incrementa considerablemente o risco para as persoas.

Ante a expansión da *Vespa velutina* é preciso incrementar o coñecemento da autoecoloxía da especie e o seu impacto no medio, así como desenvolver metodoloxías científicas que permitan o seu control e minimizar o seu impacto no territorio a curto e medio prazo. Con esta finalidade, no 2016/2017 a USC, coa financiamento da Deputación da Coruña, desenvolveu un exitoso proxecto de investigación sobre dita especie invasora, que constitúe o máis notable esforzo para coñecer o desenvolvemento desta praga na provincia da Coruña feito ata agora.

Dado o interese coincidente da Deputación e a USC en ampliar a actuación investigadora sobre a *Vespa velutina*, coa finalidade de desenvolver ferramentas útiles que axuden a minimizar o impacto da praga baseándose nos traballos xa realizados, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación e a USC para desenvolver unha actividade investigadora sobre a especie invasora Vespa velutina.

O traballo científico que se levará a cabo servirá de base para o desenvolvemento de ferramentas útiles para minimizar o impacto desta especie invasora, e consistirá nunha acción coordinada na procura baseada na investigación de novos métodos para a contención da praga e a minimización do impacto da mesma, no estudo de novas estratexias de loita biolóxica, e do seu comportamento e distribución territorial na nosa comunidade, así como a avaliación do seu impacto dende un punto de vista socioeconómico.

Os obxectivos que se perseguen no desenvolvemento das liñas de investigación encadradas neste plan de traballo fundamentalmente son:

- Desenvolver una ferramenta de mostraxe colaborativa que involucrase á sociedade para compilar as comunicacións de presenza de niños ou individuos a fin de minimizar a incerteza temporal existente na actualidade nos modelos de predición da distribución da especie.
- Desenvolvemento de ferramentas de control da poboación de Vespa velutina.
- Estudo do potencial patoxénico dun parasito identificado en Vespa velutina e outros véspidos autóctonos.
- Obtención dun biocida específico para loitar contra a Vespa velutina.
- Estudo de trampas para a Vespa velutina más selectivas e específicas.
- Propor a coordinación das colaboracións entre os diferentes actores implicados na loita contra esta especie invasora e a procura de financiamento público para desenvolver novos estudos e investigacións sobre a Vespa Velutina e o seu impacto.
- Elaboración de materiais divulgativos dando a coñecer os principais resultados obtidos de xeito que os actores sociais interesados podan ter coñecemento daqueles.

As liñas de traballo que se financian con este convenio son as seguintes:

- Liña 1: Creación dunha ferramenta informática para a monitorización automatizada da distribución da avespa asiática en Galicia.
- Liña 2: Caracterización molecular e parasitolóxica dun Nosemátilo (Nosema sp) de potencial interese para o control biolóxico de *Vespa velutina*.
- Liña 3: Velucida: desenvolvemento e análise dun biocida específico para loitar contra a *Vespa velutina*.
- Liña 4: Actividades de divulgación e difusión do impacto socioeconómico da praga
- Liña 5: Trampeo selectivo: estratexias de captura eficientes contra a *Vespa velutina*, síntese de feromonas.

As ditas liñas de traballo detállanse no Anexo ao presente Convenio.

II. ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

O orzamento do traballo científico ten o seguinte desagregamento:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
Personal contratado	73.696,32 €
Material funxible	11.980,00 €
Viaxes e dietas	4.400,00 €

Servizos externos	11.008,00 €
Custos indirectos (10% s/101.084,32 €)	10.108,43 €
CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE	111.192,75 €

O orzamento detallado da actividade investigadora inclúese no Anexo ao presente Convenio.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

O custo estimado para a realización de traballo científico proposto, 111.192,75 €, será financiado pola Deputación cunha achega de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 89,9339 % sobre o orzamento total, e pola USC cunha achega de 11.192,75 €, o que representa o 10,0661 % do devandito orzamento.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/3269/45390 do Orzamento Xeral para 2018.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade. Neste caso, superada a achega correspondente a USC, minorarase por o importe que excede a achega provincial. A concorrencia de axudas ou subvencións non poderá superar o importe do gasto efectivamente dedicado á actividade.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Correspondelle á USC o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación a USC axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que a USC tramite e aprobe algunha modificación da memoria de actividades inicialmente aprobada, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar da memoria modificada, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A USC fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación en todas as actividades desenvolvidas no aspecto investigador ou no divulgativo, así como nos documentos editados e na publicidade que con tal motivo se faga.
2. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

O importe do financiamento provincial referido na cláusula III, será transferido á USC nun PAGO ÚNICO.

Para a realización deste pago, unha vez finalizado o traballo de investigación, a USC remitirá á Deputación a seguinte documentación:

- Informe de execución final no que se indicará o grado de avance nas liñas de traballo previstas de acordo co Plan de actuación detallado. Neste informe farase

descripción do equipo investigador e das súas actividades, e as propostas de actuación a curto, medio e longo prazo.

- Certificación clasificada dos gastos realizados e imputados á axuda, na que se indiquen os acredores co seu NIF, documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago. Deberá achegarse unha copia dos correspondentes documentos xustificativos. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento indicado na cláusula II.
- Identificación e xustificación dos custos indirectos imputados á actividade.
- Certificación da aprobación das facturas e demás documentación xustificativa polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC e se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo do xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

No caso de non achegarse documentación a xustificativa do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estarase ao disposto na cláusula VIII.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.
2. Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIV.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á USC para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.
4. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demás responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A USC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias

coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente ou mediante a presentación dos correspondentes certificados. Coa subscrición do presente convenio, a USC autoriza á Deputación á obtención telemática de ditas certificacións.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados aínda non pagos.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. SEGUIMENTO E VIXILANCIA

Coa finalidade de realizar o adecuado seguimento e vixilancia das actuación desenvolvidas en aplicación deste convenio tanto na Deputación como na USC, constituirase unha Comisión composta por 2 membros de cada unha das institucións asinantes, cuxo calendario de traballo será determinado na súa primeira reunión.

XII. REINTEGRO, INFRACCIÓNIS E SANCIÓNIS

1. O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

- 2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XIII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demás normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dacoruna.gal”.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIV. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31.07.2019, con efectos retroactivos dende o 1.01.2018. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no ejercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a USC non poda ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 30 de xuño de 2019, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2019, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade

orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a USC perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da USC, respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do dedo 2018

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadriplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

Asdo.: Valentín González Formoso

O REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo.: Antonio López Díaz"

ANEXO
ACTIVIDADES DO PROXECTO INVESTIGADOR SOBRE A VESPA VELUTINA

1. PLAN DE ACCIÓN

1.1. Obxectivos Xerais e Impacto Esperado

Os obxectivos que se perseguen no desenvolvemento das liñas de investigación encadradas neste plan de traballo fundamentalmente son:

- Desenvolver una ferramenta de mostraxe colaborativa que involucrase á sociedade para compilar as comunicacións de presenza de niños ou individuos a fin de minimizar a incerteza temporal existente na actualidade nos modelos de predición da distribución da especie.
- Desenvolvemento de ferramentas de control da poboación de *V. velutina*:
- Estudo do potencial patoxénico dun parasito identificado en *V. velutina* e outros véspidos autóctonos.
- Obtención dun biocida específico para loitar contra a *Vespa velutina*.
- Estudo de trampas para a *Vespa velutina* más selectivas e específicas.
- Propor a coordinación das colaboracións entre os diferentes actores implicados na loita conta esta especie invasora, e a procura de financiamento público para desenvolver novos estudos e investigacións sobre a *Vespa Velutina* e o seu impacto.
- Elaboración de materiais divulgativos dando a coñecer os principais resultados obtidos de xeito que os actores sociais interesados podan ter coñecemento daqueles.

1.2. Resultados Esperados

Os principais resultados que se esperan acadar no 2018 son:

- Melloras no módulo de predición de tendencia climática do actual “Sistema Integrado para a monitorización da distribución da *Vespa velutina* en Galicia” aloxado como servizo automatizado no Centro de Supercomputación de Galicia.
- Creación dunha aplicación móvil para a detección e información da presenza real da *V. velutina* en campo.
- Determinación da composición molecular dos niños de *V. velutina* para determinar as fontes dos materiais de construcción preferentes utilizadas pola especie.
- Determinación da capacidade dun fungo autóctono galego de invasión e reproducción no epitelio intestinal da *V. velutina*. A confirmación da súa capacidade reprodutiva xustificaría novos estudos co gallo de determinar as súas propiedades patoxénicas e o seu potencial uso como ferramenta de control biológico da *V. velutina*.
- Determinación da viabilidade do uso en campo dun biocida específico (velucida) para a desactivación dos niños de *Vespa velutina*.
- Concienciación e difusión do impacto socioeconómico da praga que axudará os actores sociais/apicultores na toma de decisións sobre os métodos a aplicar para combater a avespa dentro dunha perspectiva custe-beneficio.
- Caracterización de distintos modelos comerciais de trampas, así como obtención mediante síntese orgánica das feromonas *4-oxo-octanoic acid* (4-OOA) e o *4-oxo-decanoic acid* (4-ODA).

2. EQUIPO DE TRABALLO

Para o desenvolvemento de traballos contarase cun equipo multidisciplinar conformado por investigadores de diversos grupos de investigación da USC relacionados coa materia, e con apoio da Área de Xestión e Valorización de I+D do Vicerreitorado de Investigación e Innovación.

INVESTIGADOR/A	DEPARTAMENTO
Luís M. Rodríguez Lado	Edafoloxía e Química Agrícola
Xulio M. Maside Rodríguez	Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría
Ana Isabel García Arias	Economía Aplicada
Xesús Feás Sánchez	Facultade de Veterinaria
Técnicos I+D	Área de Xestión e Valorización de I+D do Vicerreitorado de Investigación e Innovación

3. LIÑAS DE TRABALLO

Liña 1: Creación dunha ferramenta informática para a monitorización automatizada da distribución da avispa asiática en Galicia.

Liña 2: Caracterización molecular e parasitolóxica dun Nosemátilo (*Nosema sp*) de potencial interese para o control biolóxico de *Vespa velutina*.

Liña 3: Velucida: desenvolvemento e análise dun biocida específico para loitar contra a *Vespa velutina*.

Liña 4: Actividades de divulgación e difusión do impacto socioeconómico da praga

Liña 5: Trampeo selectivo: estratexias de captura eficientes contra a *Vespa velutina*, síntese de feromonas.

Liña 1: Ferramenta informática para a monitorización automatizada da distribución da avispa asiática en Galicia

Antecedentes

A liña de traballo está encamiñada á creación dun “Sistema Integrado para a Monitorización da *Vespa velutina* en A Coruña e Galicia” baseado nunha ferramenta informática capaz de predir a súa presenza probable a curto prazo e cartografiar súa posible expansión. O sistema está formado por unha aplicación estatística que utiliza datos de presenza de niñas comunicada pola cidadanía conxuntamente con unha serie de datos ambientais en formato dixital, para calibrar un modelo predictivo, que é posteriormente aplicado sobre as condicións ambientais presentes e futuras para a estimación da probabilidade e risco de aparición da especie en Galicia a curto prazo. Este sistema rematouse e está operativo dende o 01/10/2017 no enderezo <http://webs.gis.cesga.es/velutina> para a súa consulta pública. As predicións no sistema están actualizadas a día 07/02/2018. A totalidade da información xerada dentro da aplicación está dispoñible para a descarga gratuita na mesma páxina web.

As actividades da liña de traballo continuaron dende o 01/10/2017 ata a actualidade e nunha revisión do sistema realizada neste período, incluíronse novas funcionalidades á plataforma:

1) Na nova versión da aplicación, a actualización das predicións pódese realizar independentemente da existencia de datos novos de presenza da especie. Neste

caso, o sistema basea as predición nas presenzas almacenadas no pasado e a aplicación actualiza as previsións tendo en conta datos actualizados de parámetros climáticos. Isto permite reducir a incerteza que xeran os modelos nas predicións a longo prazo xa que se reduce a distancia das series de datos climáticos entre o momento de actualización e o final do límite temporal definido na aplicación (ano seguinte).

2) Reprogramouse o módulo dedicado á compilación automática de datos climáticos dende os servidores de Meteo Galicia. A nova versión do módulo elimina os erros que se producían cando unha estación climática da rede de seguimento era dada de baixa no servizo de Meteo Galicia, o que provocaba a interrupción do proceso de cálculo. Ademais, a nova versión non só compila datos de precipitación e temperatura diárias senón que recupera tódolos datos dos sensores implementados en cada unha das estacións e os almacena nunha base de datos ordenada para a súa posterior análise.

3) Modifícase o módulo de análise climático para informar das características de cambio climático previstas para o futuro próximo. Isto permite coñecer cuantitativamente cal é o cambio climático esperado para a totalidade do período de análise en relación ao clima normalizado en Galicia utilizando series de datos climáticos longas (30 anos).

Por outra parte, neste período iniciouse unha nova actividade co obxectivo de explorar a capacidade das técnicas analíticas de pirólise para determinar a fonte dos materiais empregados polas avespas na fabricación dos niños. A análise realizouse sobre o material extraído dun niño recollido na localidade de Santiago. Os resultados analíticos mostran unha alta calidade no sinal molecular, na que se diferencian elementos con valor de biomarcador: guaiacoles (compostos propios de especies leñosas: árbores ou arbustos) e siringoles (presentes en carballos e, eucaliptos) da lignina; taninos de carballos e terpenos abiéticos de piñeiro, entre outros. O niño analizado mostra que as avespas utilizaron preferentemente materia vexetal de carballo e piñeiro na construcción do niño. Esta técnica mostra un gran potencial para elucidar a natureza do material vexetal preferente para construcción de niños, así como definir potenciais especies vexetais que a avespa tende a evitar. A vantaxe deste método e que é rápido e económico en comparación coa análise de pole ou outros métodos analíticos moleculares. Por outra banda, este tipo de aproximación é innovadora xa que nunca foi utilizado na investigación da etoloxía de insectos.

Proposta de traballo

O Sistema de Monitorización Automatizada desenvolvido ata o momento concibiuse como unha ferramenta de predición da evolución da praga en Galicia presentando a distribución más probable da especie en tempos pasado, actual e futuro. O sistema na actualidade utiliza datos de presenza comunicados no ano precedente para estimar a distribución esperada da avespa no futuro. Esta aplicación está proxectada como un servizo de información á cidadanía a medio e longo prazo polo que a súa mellora e mantemento dependen do seu financiamento. A principal actividade proposta neste paquete de traballo está dirixida a desenvolver un sistema complementario de captura de datos de presenza en tempo real que, vinculado á presente aplicación de predición, melloren a capacidade preditiva do sistema na actualidade. Nesta proposta inclúense ademais os custos de mantemento, xestión e actualización da aplicación nos servidores do Centro de Supercomputación de Galicia para os vindeiros dous anos. Proponse ademais unha segunda liña de investigación

dirixida a coñecer as fontes principais de materiais utilizadas pola avespa asiática na construcción dos seus niños.

Detalle das liñas de investigación propostas:

1. Liña 1A:

Creación dunha aplicación móvil de mostraxe colaborativa para incrementar a precisión temporal dos modelos de predición da distribución de *V. Velutina* en A Coruña-Galicia. Dentro da liña de monitorización espazo-temporal da avespa asiática, propónse a creación dunha aplicación de recollida de datos, baseada nunha mostraxe colaborativa, que permitiría incrementar a calidade das predicións de presenza real de niños no ano en curso. Este sistema estaría baseado nunha aplicación móvil gratuita, para Android e iPhone, na que os usuarios poderían comunicar a presenza da especie mediante un rexistro automatizado das características dun avistamento a un sistema centralizado de recollida de datos, para a súa posterior integración no sistema de predición da distribución potencial da avespa asiática existente na actualidade.

A aplicación móvil comunicaría vía web unha fotografía do avistamento, as súas coordenadas, data e climatoloxía estimada, a un centro de datos no que se compilaría e trataría a información dos datos recibidos. Estes datos poderíanse representar directamente como puntos de observación no mesmo servidor de mapas habilitado para as predicións de risco. Os datos recibidos irían engrosando unha base de datos actualizada que se empregarían no sistema de predición actual para xerar mapas de probabilidade e risco baseadas en observacións no presente período. Isto permite:

- 1) unha mellor monitorización da presenza da especie en tempo real para incrementar a eficacia da comunicación da areas afectadas e non afectadas pola especie a curto prazo;
- 2) minimizar o sesgo de densidade de avistamentos, principalmente debidos a diferenzas de densidade de poboación, e mellorar as predición en areas remotas con menor densidade de poboación, como ocorre na provincia de Ourense e no interior de Lugo;
- 3) a difusión do uso da aplicación serviría para visibilizar as actividades realizadas dende a Deputación da Coruña na loita contra a avespa asiática e axudaría á visualización real da expansión desta especie invasora en Galicia.

2. Liña 1B:

Determinación dos materiais de preferencia empregados pola avespa asiática para a construcción dos niños: Tradicionalmente, a determinación do radio de acción de colonias de avespas realizaase a través de análises polínicos. Sen embargo, o área de nutrición non ten necesariamente que coincidir coa área de recolección de material de construcción, nin espacial nin temporalmente. O material dos niños de *Vespa velutina* é principalmente papel (celulosas e ligninas mastigadas xunto con proteínas da saliva do insecto). A lignina é un polímero polifenólico que consiste de unidades demetoxifenoles, e a súa composición molecular é específica das especies arbóreas. A composición e relacións específicas de estes compostos, pódese analizar a través de pirólises analítica (Py-GC-MS). No presente ano realizamos unha análise preliminar de material dun niño de Santiago e os resultados mostran alta calidade no sinal molecular, ademais da detección de varios elementos da material prima con valor de biomarcador: guaiacoles (especies leñosas: árbores ou arbustos) e siringoles (carballo, eucalipto) da lignina; taninos carballo e terpenos abiéticos de pinos, polo

que a análise molecular dos niños por pirólise ten un gran potencial para elucidar ónde recollen o materia de construcción estes insectos. A vantaxe deste método e que é rápido e económico en comparación coa análise de pole ou outros métodos moleculares. Este tipo de aproximación nunca foi utilizado na investigación de niños de avespas.

O estudio inclúe a recollida e análise de niños de diferentes ambientes de vexetación e determinar os sinais moleculares da composición dos niños mediante técnicas de pirólise e estatística multivariante. Nunha segunda fase utilizarase esta información para determinar as áreas de acción potencial da *V. Velutina* na fase de construcción dos niños en base á disponibilidade de materiais nas áreas de recollida. Os resultados incluirán unha análise do potencial do método Py-GC-MS para entender mellor o comportamento construtivo da especie a as súas preferencias de selección de hábitat en base a os seus requisitos construtivos. É unha liña de investigación innovadora neste campo polo que se prevé a súa publicación nunha revista internacional como *Journal of Chemical Ecology*.

Estas liñas de traballo realizaranse entre xaneiro e novembro de 2018 e incluirán as seguintes actividades:

- Reprogramación dos scripts de captura de datos meteorolóxicos
- Integración dos novos scripts e cálculo de cambiamento climático no servizo de predición
- Posta a punto da análise composicional de niños por pirólise
- Desenvolvemento app móvil
- Adaptación aplicación para análise en tempo real
- Recollida niños
- Análise e interpretación de datos de pirólise
- Preparación de manuscrito

Liña 2: Caracterización molecular e parasitolólica dun Nosemátilo (*Nosema sp*) de potencial interese para o control biolóxico de *Vespa velutina*.

Antecedentes:

Nunha análise parasitolólica desenvolvida durante 2017 e 2018 catalogamos os parásitos protozoarios presentes nunha mostra representativa da poboación de *V. velutina* e dos himenópteros autóctonos en Galiza (xéneros *Vespa*, *Vespula*, *Polistes* e *Bombus*).

Para elo:

1. Constituímos unha colección de mostras de himenópteros de Galiza, integrado por *V. velutina* (79/660; puntos de captura/individuos), *V. crabro* (32/150), *Vespula spp* e *Polistes* (37/129) e *Bombus spp* (25/63).
2. Diseccionamos os exemplares e procesamos os abdomes para constituir un Banco de ADN de himenópteros de Galiza.
3. Combinando técnicas de microscopía e moleculares, catalogamos a presenza e identidade de enteropatóxenos dos grupos Apicomplexa (*Apicystis*), tripanosomátidos (*Lotmaria* e *Critchidia spp*) e microsporidios (*Nosema spp*).

A análise dos resultados permitiu constatar a presenza de unha grande diversidade de protozoos nos véspidos e abesóns galegos, téndose indentificadas unha ducia de especies distintas: cinco de nosemátidos (e.g. *N. bombi*, *N. ceranae*, *N. thompsoni* e dous taxóns ainda non descritos na bibliografía científica), seis de tripanosomátidos

(e.g. *Critidia bombi*, *C. mellifcae*, *C. acanthocephali*, *Lotmaria passim* e outros taxóns novos) e *Apicystis bombi*.

Froito desta análise identificamos un organismo, identificado como *Nosema-A* en adiante, de potencial actividade patoxénica na *V. velutina* e polo tanto de interese para o seu uso como sistema de control biolóxico. Trátase dun nosemátilo aínda non caracterizado parasitoxicamente na literatura científica, do que só existe rexistro previo da súa presenza nun illado de couce do millo europea (*Ostrinia nubilalis*) e noutro de *Bombus* sp en China. Puidemos verificar a súa presenza en varios himenópteros galegos (*V. crabro* e *Vespula* spp) e en catro illados de *V. velutina*, coa particularidade de que presentaba unha elevada carga parasitaria na avespa asiática, o que suxire que a súa presenza non é transeúnte (froito da depredación de insectos parasitados) se non que deriva da capacidade de reproducirse no tubo dixestivo da avespa.

Proposta de traballo:

Obxectivo. Os resultados anteriores permiten identificar un obxectivo científico de grande interese: a caracterización biolóxica e determinación do potencial patoxénico de *Nosema-A* na parasitación de *V. velutina*. Os primeiros pasos nese camiño son a determinación da capacidade de invasión e a súa capacidade de reproducción no interior no tecido epitelial do tubo dixestivo da *V. velutina* e a súa caracterización molecular.

Fases:

1. Procura de mostras frescas de *Nosema-A*: recolleita de exemplares adultos de *V. velutina* procedentes de niños retirados e análise por microscopía óptica da presenza de Nosemátilos. Confirmación por PCR da identidade dos nosemátilos presentes.
2. Disección de tubos dixestivos completos de individuos dos niños infectados e análise citolóxica de tubos dixestivos de *V. velutina* infectadas polo parasito para determinar a súa capacidade de invasión do tecido epitelial. Este traballo realizarase en colaboración co Grupo do Dr. M. Higes (Patología Apícola, Instituto Regional de Investigación y Desarrollo Agroalimentario y Forestal de Castilla-La Mancha).
3. Caracterización xenética e determinación precisa das súas relacións filoxenéticas con outros nosemátilos, mediante a amplificación e secuenciación de xenes nucleares de copia única (e.g. *actin*, *hsp70*, *RPB1*). Dependendo de limitacións técnicas propias da escaseza de secuencias conservadas nestes organismos. Para elo utilizaranse as mostras obtidas en 2018 así como as xa incluídas no Banco de ADN de himenópteros.

Medios dispoñibles:

O noso grupo está integrado por persoal de dous centros de investigación: CIMUS e Servizo de Microbioloxía do CHUS. Contamos con longa experiencia no estudo de parásitos humanos e animais, e particularmente de himenópteros, e temos acceso a toda a tecnoloxía e instalacións necesarios para realizar o estudo.

A análise microscópica e molecular realizaranse no noso laboratorio na USC e no Servizo de Microbioloxía do CHUS. As probas de infección e patoxenicidade serán realizadas no Centro de Patología Apícola de la Comunidad de Castilla-La Mancha, grupo co que colaboramos activamente hai máis de unha década.

As actividades previstas realizaranse entre xullo e novembro de 2018, incluíndo a realización de:

- Recolleita de mostras de vespa velutina
- Análise microscópica
- Análise molecular

- Análise da patoxenicidade da *v. velutina*
- Análise de resultados

Resultado esperado:

Determinación da capacidade dun fungo autóctono galego de invasión e reprodución no epitelio intestinal da *V. velutina*. A confirmación da súa capacidade reprodutiva xustificaría novos estudos co gallo de determinar a súa utilidade como ferramenta de control biolóxico da *V. velutina*.

Liña 3: Velucida: desenvolvemento e análise dun biocida específico para loitar contra a *Vespa velutina*.

Antecedentes

Dos resultados obtidos anteriormente, a estratexia do *toxic baiting*, mostrouse como unha ferramenta potencialmente efectiva para a desactivación de niños e o control poboacional da *Vespa velutina* (ver Anexo I), xa que o insecto en condicións laboratoriaisinxire *ad libitum* o cebo, ben de base proteica e/ou azucrada, mostrando preferencia polo segundo, porén non é atraída nos colmeares polos cebos de base proteica. Asemade a *Vespa velutina* en condicións laboratoriais consume o cebo coa presenza do biocida, é dicir, non detecta o biocida no velucida, cunha acción do biocida retardada, en función da súa concentración, permitindo unha capacidade de voo á *Vespa velutina* variábel (45-90 minutos) pero suficiente para a distribución posterior do biocida aos seus conxéneres.

Destacar que o uso de velucida, require unha cantidade mínima de insecticida, en comparación coa fumigación directa de niños, diminuíndo o risco medioambiental e para a saúde de quen os manipulan. Ao mesmo tempo, debido ás limitacións temporais do ensaio e ao descoñecemento do comportamento e manexo da especie invasora, fanse precisos máis estudos laboratoriais controlados, e tamén de campo, para o seu uso en protocolos de control da *Vespa velutina* por parte da administración e outras entidades interesadas. Continuando así, a liña de investigación establecida no ano 2017.

Plan de traballo

Realización dos estudos precisos para o desenvolvemento do biocida, basicamente dúas fases:

- (a) nivel laboratorial continuando coa testaxe en individuos e paquetes de larvas, para ver como o biocida afecta a estas últimas principalmente.
- (b) a nivel de campo, testándoo en niños para estudar o efecto na colonia.

As tarefas desenvolveranse entre xaneiro e novembro de 2018 incluíndo:

- Estudo biocida laboratorio (adultos e larvas)
- Testaxe en campo do velucida
- Divulgación
- Análise resultados
- Informe final

Liña 4: Actividades de divulgación e difusión do impacto socioeconómico da praga

Antecedentes

Na fase anterior calculáronse os custos nos que incorren os apicultores na loita contra a avespa asiática por ser este o sector produtivo máis afectado pola expansión da praga. Estes custos foron calculados para o conxunto da provincia de A Coruña

mediante unha mostra representativa do número de apiarios e para o conxunto dos medios empregados polos apicultores na loita contra a praga.

Esta información resulta de especial relevancia na toma de decisións sobre os métodos a aplicar para combater a avespa dentro dunha perspectiva custe-beneficio. Os interesados nesta información son os propios apicultores que non son conscientes do custo que lles supón o emprego dun método ou outro. Por este motivo o estudo realizado só ten sentido se se difunde os achados realizados entre a poboación máis concernida pola problemática e que ten que tomar decisións ao respecto do seu proceso produtivo.

Plan de Traballo

Propónse como nova liña a desenvolver a elaboración de documentos de divulgación dos principais resultados do ano anterior que teñan como contido:

1. Custos estandarizados para o cálculo dos custos derivados da loita contra a praga.
2. Custos comparados para os distintos métodos de loita co fin de que sirvan para a toma de decisións.
3. Análise sectorial da producción de mel na provincia de A Coruña.
4. Progreso da investigación no potencial uso dun parásito autóctono como ferramenta de control biológico.
5. Para a divulgación procurarase a colaboración das asociacións galegas de apicultores.

Para a divulgación procurarase a colaboración das asociacións galegas de apicultores.

As tarefas desenvolveranse entre xaneiro e novembro de 2018 incluíndo:

- Colaboración co museo de Historia Natural. 1º Evento
- Elaboración de dípticos con información relevante
- Divulgación entre as asociacións de apicultores: 2º evento
- 3º evento a deseñar
- Informe Final

Liña 5: Trampeo selectivo: estratexias de captura eficientes contra a *Vespa velutina*, síntese de feromonas.

Antecedentes

O uso de trampas con líquidos atraentes para capturar: raíñas fundadoras en primavera (coa finalidade de evitar o establecemento de niñas) e obreiras en verán/outono (coa finalidade de baixar a presión depredadora nos apiarios) é un estratexia de loita contra a *Vespa velutina* controvertida.

A comunidade científica pon o acento no risco de xeneralizar prácticas de trampeo sen ningún control, levadas a cabo por persoal non cualificado e sen unha análise posterior a curto, medio e/ou longo prazo da súa eficacia ou impacto no control da expansión da *Vespa velutina*. Toda practica de trampeo debe ser o más específico posible, para evitar que outros insectos presentes na natureza, sexan capturados.

Debemos ter presentes por exemplo os resultados previos de investigadores como Goldarazena ou Monceau. Así o primeiro autor expón que un trampeo levado a cabo do 1 de setembro ao 30 de novembro, na provincia de Álava, arroxou un resultado de 54.203 insectos capturados, dos cales tan só 55 eran *Vespa velutina*. Tamén o número de abellas atrapadas non foi desprezable, cun total de 2.706 exemplares; destacando por último que a trampa empregada foi a Veto-Pharma ©, a priori

“deseñada” especificamente para a captura de *Vespa velutina*, pero que á vista dos resultados, non é así [Goldarazena, A., et al. Spread of the yellow-legged hornet *vespa velutina nigrithorax* du Buysson (Hymenoptera: Vespidae) across Northern Spain (2015) EPPO Bulletin, 45 (1), pp. 133-138]. Monceau amósanos a importancia de colocar trampas cerca de puntos onde a *Vespa velutina* ten acceso á auga, así como por exemplo a importancia da temperatura para o trampeo efectivo ou a non necesidade de trampear cerca dos apiarios nesta época do ano [Monceau, K., et al. Chasing the queens of the alien predator of honeybees: A water drop in the invasiveness ocean. (2012) Open Journal of Ecology.Vol.2, No.4, 183-191]. Ao mesmo tempo, outro recente estudo mostra que o trampeo primaveral de raíñas foi ineficiente como método para limitar a distribución da poboación de *Vespa velutina* [Monceau, K. & Thiéry D. 2017. Vespa velutina nest distribution at a local scale: an eight-year survey of the invasive honeybee predator. Insect Science, 24, 663–674.]. A utilización de feromonas que atraían selectivamente á *Vespa velutina*, é unha área de alto interese. Recentemente o 4-oxo-octanoic acid (4-OOA) e o 4-oxo-decanoic acid (4-ODA) a un ratio de 0.78 4-OOA/4-ODA mostraron atracción específica para machos de *Vespa velutina* [Wen, Ping et al. The sex pheromone of a globally invasive honey bee predator, the Asian eusocial hornet,, *Vespa velutina*. Scientific Reports, 12956, 7] en condicións controladas de campo.

Plan de traballo

Estudo da selectividade e caracterización de distintos modelos comerciais de trampas.

Obtención por síntese orgánica dos compostos 4-oxo-octanoic acid (4-OOA) e o 4-oxo-decanoic acid (4-ODA), dúas feromonas que recentemente se mostraron que atraen aos machos da especie.

Tarefas (realizaranse de xaneiro a novembro)

- Síntese orgánica 4-OOA e 4-ODA
- Trampeo: estudo da selectividade e caracterización de distintos modelos comerciais de trampas
- Revisión Bibliográfica
- Divulgación
- Análise resultados
- Informe final

4. ORZAMENTO DETALLADO

A continuación detállase o orzamento correspondente ás actividades programadas:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
Personal	73.696,32 €
Xulio Maside (Dedicación 20% xuño-novembro)	6.277,34 €
Ana Isabel García Arias (Dedicación 10% xuño-novembro)	2.194,62 €
Investigador Senior 1 (xaneiro-outubro)	28.904,18 €
Investigador Senior 2 (xaneiro-outubro)	28.904,18 €
Investigador Formación (xullo-outubro)	7.416,00 €
Funxible	11.980,00 €
Oligos, Phusion High Fidelity, Topo TA Cloning, Qiaprep kit, Seq. Sanger, exploración microscopía electrónica, plástico e funxible de laboratorio	4.680,00 €

Material para trameo e deseño de biocida: Cebos, trampas, anacínes, gaiolas experimentais, material de laboratorio, material de papelería, material ferretería, servizo mensaxería, Reactivos químicos, síntese feromonas, pequeno material laboratorio síntese orgánica	6.800,00 €	
Elaboración de material divulgativo	500,00 €	
Viaxes e Dietas		4.400,00 €
Traballo de campo, testaxe, recollida de mostras, trameo	2.600,00 €	
Compilación de material de niños	500,00 €	
Desprazamentos actos divulgativos	300,00 €	
Inscrição e asistencia a congresos internacionais	1.000,00 €	
Subcontratacóns		9.858,00 €
Subcontratación Servizos AGA (mostras, recollida de datos, mantemento Apiario Experimental (VelVetApi)), servizos SERPA (mostras insectos/niños; transporte, trameo e recollida de datos), SERCANT (mostras insectos /niños; trameo e recollida de datos)	1.600,00 €	
Servizo de Predición con datos en tempo real (Web hosting e utilización do servizo de cálculo do CESGA, desenvolvemento e xestión de aplicación androide e IOS, xestión de datos offline, visualización de observacións en tempo real e publicación en servizos Google Play e Apple Store)	4.258,00 €	
Analíticas de laboratorio: análises de niños por Py-GC- MS	4.000,00 €	
Outros custos		1.150,00 €
Transporte material grupo de patoloxía Apícola de Marchamalo (transporte urxente península)	150,00 €	
Servizos RIAIDT da USC (RMN, LC MS/MS, servizos analíticos varios, servizos de microscopía ...)	1.000,00 €	
Custos Indirectos (10% s/101.084,32 €)		10.108,43 €
ORZAMENTO TOTAL ACTIVIDADE		111.192,75 €
FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE		
Achega da Deputación da Coruña (89,93%)	100.000,00 €	
Cofinanciamento da USC (10,07%)	11.192,75 €	

EQUIPO DE TRABALLO

Para o desenvolvemento dos traballos contarase cun equipo multidisciplinar conformado por Profesores Titulares de Universidade de diversos grupos de investigación da USC relacionados coa materia, que serán responsables dos traballos principais do proxecto, e con apoio do persoal técnico da Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) do Vicerreitorado de Investigación e Innovación.

A selección do equipo de traballo farase pola USC de acordo coa súa propia normativa.

Tamén se establecerán liñas de colaboración con outras administracións e centros de investigación, galegos, nacionais e estranxeiros”

13.-TOMA DE COÑECEMENTO DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN (2019).

O Pleno toma coñecemento do **PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN (2019)**.

14.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FRADES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DE PONTE CARREIRA E OUTROS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrenza, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu reglamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Frades para cofinanciar as obras do Acondicionamiento de Pavillón de Ponte Carreira e outros cunha achega provincial de 58.026,15 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/342/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000% respecto dun orzamento de 72.532,69 euros e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FRADES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DE PONTE CARREIRA E OUTROS

Na Coruña, ____ de _____ de 201____

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Frades**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

...a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación....

...d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...

...I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre...

Neste sentido, o Concello de Frades considera de primeira necesidade acondicionar o espazo sobre o que se pretende actuar, os pavillóns de Ponte Carreira e Abellá. Existe unha necesidade obxectiva inmediata de solucionar os problemas de eficiencia enerxética e de seguridade para as practicas deportivas que se realizan nestas instalacións.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións pretendese por parte do Concello evitar o empeoramento da situación actual, para o que se proxecta a colocación de elementos de seguridade e substitución do pavimento actual por un vinílico deportivo indoor multideporte así como a mellora dos elementos de iluminación; actuacións estas, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do concello, e consisten na realización de actuacións, na súa meirande parte centradas nos pavimentos, actualmente de formigón armado, proteccións do perímetro do campo de xogo, e alumeados principalmente.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Frades** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Frades, con CIF P1503900A, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de acondicionamento de pavillón de Ponte Carreira e outros., tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto **Óscar Pidre Mosquera Nº colexiado 3.964**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	50.373,42 euros
Gastos xerais 13,00%	6.548,54 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.022,41 euros
IVE (21%)	12.588,32 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	72.532,69 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 58.026,15 euros o que representa unha

porcentaxe de 80,0000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,0000 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/342/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria trámite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación deste polo

órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboadoo co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNIS E SANCIÓNIS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen preuxízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no ejercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a

iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____
E en proba de conformidade, asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

15.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO NA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabanas para cofinanciar as actuacións de reparación e acondicionamento no entorno do Centro de Saúde, cunha achega provincial de 31.458,96 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/454.1/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do 70,13795 % respecto dun orzamento de 44.852,98 euros e **validar as actuacións**, de conformidade co

establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE

Na Coruña, a _____ de 201_____ **REUNIDOS**

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Cabanas**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Cabanas** considera de primeira necesidade as actuacións de reparación e acondicionamento no entorno do Centro de Saúde.

As obras que por vía deste convenio se vai subvencionar, son urxentes e prioritaria e terán por obxecto impermeabilizar o muro existente de contención de terras sobre o que se apoia a beirarrúa e aparcadoiro, e asemade a Rúa Cardeita, que, derivado das condicións meteorolóxicas, tivo arrastres de material de afirmado e do seu forte, provocando traccións nos vehículos, presentándose na actualidade moi deteriorados, chegando a poñer en risco a seguridade viaria nese tramo, e no acceso á estrada autonómica AC-122.

As persoas beneficiarias do proxecto serán tódolos veciños do Concello e as persoas dependentes dos servizos que ofrece o Centro de Saúde.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cabanas** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Cabanas**, con CIF **P1501500A**, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento actuacións de reparación e acondicionamento no entorno do Centro de Saúde., tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro, Antonio J. Durán Maciñeira, Nº colexiado **15.305**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	31.150,07 euros
Gastos xerais 13,00%	4.049,51 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	1.869,00 euros
IVE (21%)	7.784,40 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	44.852,98 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 31.458,96 euros o que representa unha porcentaxe de 70,13795 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,13795 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidad, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/454.1/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria trámite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

- 1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboadoo co primeiro pago prepagable**
-

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infracciones tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demás normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

- 1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do**

30 de SETEMBRO de 2019, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso podrá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimiento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

16.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DAS CÁDIVAS E DO CAMIÑO TRAS DA VILA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabanas para cofinanciar as obras de pavimentación do camiño das Cávidas e do camiño Tras da Vila, cunha achega provincial de 24.541,04 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/454.1/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 30.676,30 euros e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DAS CÁDIVAS E DO CAMIÑO TRAS DA VILA

Na Coruña, a ____ de _____ de 201_____
REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Cabanas**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Cabanas** considera de primeira necesidade as actuacións sobre o Camiño das CÁDIVAS e do Camiño Tras da Vila.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións, preténdese por parte do Concello realizar as obras de pavimentación de camiños no tramo do Camiño Inglés ao seu paso polo núcleo de Cabanas, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do Concello e consisten en realizar obras necesarias para a mellora do firme de puntos determinados na rede municipal de camiños, en concreto no comezo do Camiño das Cádivas e continuando ao outro lado da AC-141,e comezo do Camiño Tras da Vila.

As persoas beneficiarias deste proxecto son tódolos veciños do Concello e peregrinos que fan o tramo do camiño Inglés dende Ferrol a Santiago.

As obras proxectadas van encamiñadas a mellorar as condicións de transito e seguridade viaria neste tramo do Camiño Inglés, tratándose por tanto dunha obra singular polo seu interese público e social, que vén condicionada á hora de expor unha solución para a súa reparación e deste xeito asegurar o uso e goce de todos os cidadáns.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cabanas** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Cabanas**, con CIF **P1501500A**, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos assumidos pola entidade beneficiaria,

para o financiamento das obras de Pavimentación do Camiño das Cádivas e do Camiño Tras da Vila, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de Canais, Camiños e Portos, Francisco Barea Paz, Nº **colexiado 23.977**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	21.304,46 euros
Gastos xerais 13,00%	2.769,58 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	1.278,27 euros
IVE (21%)	5.323,99 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	30.676,30 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 24.541,04 euros o que representa unha porcentaxe de 80,0000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,0000 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas,**

honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/454.1/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria trámite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obliga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboados co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNIS.

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infracciōns tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sanciōns previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNIS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do antícpo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN NA PRAZA DO MÉDICO A.C. RAMÓN CARRERA E CONTORNA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión para cofinanciar as obras de mellora do saneamento e pavimentación na Praza Médico A.C. Ramón Carrera e contorna, cunha achega provincial de 50.000,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/153.2/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 37,31343 % respecto dun orzamento de 134.000,00 euros e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN NA PRAZA MÉDICO A.C. RAMÓN CARRERA E CONTORNA

Na Coruña, ____ de _____ de 201_____
REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Corcubión**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Corcubión considera de primeira necesidade a realización das obras necesarias para a adecuación e mellora do saneamento e pavimentación dun tramo do sistema viario, neste caso mixto (para peóns e automóbiles), do Concello de Corcubión.

Preténdense con esta actuación continuar coa posta en valor do Conxunto Histórico Artístico de Corcubión e da súa contorna, así como humanizar espazos especialmente degradados mediante a substitución do deteriorado pavimento continuo de formigón que presenta gran parte da zona na actualidade, por un novo pavimento que combine as lastras de granito de acabado serrado coa lousa deste espazo, ao non existir a día de hoxe unha alternativa para o aparcamento dos

diferentes vehículos dos veciños; polo que a proposta formulada permite a súa humanización cunha mínima dotación.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras de Mellora do Saneamento e Pavimentación na Praza Médico A.C. Ramón Carrera e contorna, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade fundamental para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do Concello e consisten na realización das seguintes actuacións:

Dende un punto de vista construtivo a actuación a desenrolar consistirá na pavimentación da zona de actuación, continuando co tratamento realizado en outras rúas do Casco Histórico, é dicir, utilizando un pavimento de lastras de granito, corte en serra, de 10x10x8 cm., sentados sobre capa de morteiro semiseco 1/6 de cemento, de 8 cm. de grosor, afirmados con maceta; combinado cun pavimento perimetral a base de lousa de granito de 60x40x6 cm. sobre unha mesma capa de morteiro. Ambos os dous pavimentos se disporán sobre soleira de formigón HM-20/P/20/I de 10 cm. de grosor. No tocante ao acabado, á cor e á tonalidade das lastras e das lousas será escollido polo director de obra e polo concelleiro de Obras do Concello das mostras que deberá presentar a empresa construtora adxudicataria da execución da obra; e que se corresponderán co utilizado en outras actuacións de características similares promovidas polo Concello de Corcubión na contorna da zona de actuación.

Preténdese tamén a creación dunha rede separativa no ámbito de actuación, que recolla e canalice dun xeito separado as augas pluviais e residuais, conducíndoas ata os pozos de saneamento que conforman parte da rede xeral existente.

Proxéctase co propio pavimento un canal superficial de recollida de augas que discorra polo centro da rúa ou dun lateral das prazas. Paralelo a este e soterrado, executarase un colector de PVC de 250 mm. de diámetro ao longo da tramo, que conecte os sumidoiros proxectados, así como as baixantes de pluviais das vivendas que verten cara estes espazos, coa rede de pluviais existente.

Os sumidoiros serán de formigón e construídos in situ, con medidas interiores de 51x34 cm. e 60 cm. de profundidade, grosor de paredes de 12 cm., con marco e reixa de fundición de 60x40 cm.

Proxéctase tamén a execución dunha rede de saneamento que sirva ás vivendas que conectan cos espazos sobre os que se actúa. Construirase para iso os pozos de rexistro na posición indicada na documentación gráfica, de formigón HM-20 de ate 0,85 m de altura (aínda que se definirá más exactamente na obra) e de 80 cm. de diámetro interior, pechado con tapa de fundición de 62,5 cm. de diámetro.

A actuación contempla tamén a reposición do pavimento de formigón ou de lousas de granito de pouco espesor naquelas zonas nas que únicamente se actúa nas redes de saneamento.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Corcubión** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Corcubión**, con CIF **P1502800D**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de Mellora do Saneamento e Pavimentación na Praza Médico A.C. Ramón Carrera e contorna, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución **redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez Nº colexiado 3442**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	93.062,02 euros
Gastos xerais 13,00%	12.098,06 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	5.583,72 euros
IVE (21%)	23.256,20 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	134.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 50.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de 37,31343 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do

orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 37,31343 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/153.2/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria trámite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo

polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible a polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboadoo co primeiro pago prepagable**
-

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa

Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demás obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓNNS.

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que

resulte aplicable.4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

- 1.O presente convenio de cooperación producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no ejercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso podrá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
- De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a

iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbihdas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

18.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MOECHE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA DO ESPAZO DO CAMPO DA FEIRA DO NÚCLEO URBANO DE MOECHE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche para cofinanciar as obras de Intervención para a Mellora Espazo Urbano Campo da Feira, Núcleo Urbano de Moeche, cunha achega provincial de 63.000,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/933.91/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 78.750,00 euros e **validar as**

actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, tendo en conta que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de outubro de 2.019

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MOECHE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA DO ESPAZO DO CAMPO DA FEIRA DO NÚCLEO URBANO DE MOECHE

Na Coruña, ____ de _____ de 201_____ **REUNIDOS**

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Moeche**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Moeche considera de primeira necesidade as actuacións de Intervención para a Mellora do Espazo do Campo da Feira do Núcleo Urbano de Moeche

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras correspondentes á mellora da accesibilidade, seguridade, salubridade e estética para cada ámbito do espazo da Feira de Moeche, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade fundamental para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do Concello e consisten na realización de actuacións nas seguintes zonas:

- Ámbitos 1 e 2: Mellora de seguridade na contorna da nave de almacenaxe S-Le e mellora de seguridade no acceso Le dende o espacio de estacionamento
 - Ámbito 3: Mellora no acceso NO da antiga nave dos tecidos
 - Ámbito 4: Mellora de saneamento e salubridade na contorna da antiga nave das verduras.
 - Ámbito 5: Mellora de aspecto exterior da nave do polbo
 - Ámbito 6: Mellora de accesibilidade, salubridade e estética no edificio multiusos. Creación de aseos adaptados e espacio de almacenaxe.
 - Ámbito 7: Mellora de seguridade na contorna da nave dos cabalos
 - Ámbito 8: Mellora de seguridade e de aspecto exterior na nave do gando
- As obras abranguen principalmente á renovación de varandas, a mellora de accesos aos edificios, a resolución das deficiencias de drenaxe existentes nestes espazos e a renovación do aspecto exterior das naves. En definitiva, melloras todas elas encamiñadas a facer do espazo un lugar máis amable e atractivo para o usuario.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Moeche** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Moeche**, con CIF **P1505000H**, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de Intervención para a Mellora do Espazo do Campo da Feira do Núcleo Urbano de Moeche, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo **arquitecto Valerio González Somoza Nº colexiado 4520**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	54.691,30 euros
Gastos xerais 13,00%	7.109,87 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.281,48 euros
IVE (21%)	13.667,35 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	78.750,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 63.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/933.91/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria trameite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do reconocemento da obliga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e otros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboadco co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,

ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación rovincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do percepto.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES.

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infracciones tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancions previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso podrá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

19.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS, PARA LEVAR A CABO A OBRA DO PROXECTO (MODIFICADO Nº1) DE CONSTRUCCIÓN DO CARRIL BICI PARA UNIR A RÍA DO BURGO CON MERA E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS, INCLUÍDAS NO PROXECTO CONSTRUTIVO DE REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o texto e a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Oleiros** para levar a cabo o proxecto (Modificado nº1) de construcción do Carril Bici para unir loa ría do Burgo con Mera e actuacíons complementarias., incluídas no proxecto construtivo da rede ciclista da área metropolitana da Coruña, cunha achega provincial de 813.709,05 € (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00%

2º Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario, ao estenderse a vixencia do convenio ao 31 de outubro de 2019

3º.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de facendas locais

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA LEVAR A CABO O PROXECTO (MODIFICADO Nº1) DE CONSTRUCCIÓN DO CARRIL BICI PARA UNIR A RÍA DO BURGO CON MERA E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS., INCLUÍDAS NO PROXECTO CONSTRUTIVO DA REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA

Na Coruña, a _____

REUNIDOS

O _____ Deputación Provincial da Coruña
O _____ Concello de Oleiros

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

MANIFESTAN

- A Deputación Provincial da Coruña redactou o proxecto construtivo da “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, o cal recolle as obras necesarias para a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade da Coruña cos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, que constitúen a súa Área Metropolitana.
- As actuacións que se propoñen permiten a conexión de treitos ben diferenciados tanto polo seu tipo de percorrido, como polo ámbito urbano e natural que atravesan, permitindo que os usuarios deste medio de transporte como é a bicicleta, poidan compartir o seu uso lúdico como dun medio de transporte alternativo ao mesmo tempo.
- As políticas de promoción da mobilidade “branda”, de fomento da seguridade viaria e da concienciación social teñen contribuído noutros países ao incremento deste modo de transporte que é económico, áxil, saudable e ecolóxico. Porén, calquera intento de potenciar o uso da bicicleta como medio habitual de transporte pasa, necesariamente, pola reordenación urbana e viaria, xunto coa execución dunha infraestrutura continua que permita garantir o uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.
- Na Área Metropolitana existen 53 quilómetros de vías para bicicletas e, polo tanto, o que se pretende coas obras que vai recoller o proxecto é comunicar estes e construír outros novos para conseguir uns percorridos que permitan a mobilidade entre os concellos que configuran este entorno.
- O proxecto confirma a viabilidade técnica de crear un itinerario ciclista comarcal que posibilite percorrer o litoral dende as Praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros), e dende outro ámbito natural como é a Presa de Cecebre pretendese incorporar o carril de bicicleta existente dende ela ata a desembocadura do río Mero na ría do Burgo, onde se fan as obras para conectalo co do paseo do Burgo ata a Ponte da Pasaxe.
- No proxecto recóllese as actuacións necesarias como son a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construcción, coa finalidade de acadar o obxectivo de xerar unha rede básica que poida ser ampliada no seu futuro por outras actuacións da mesma natureza. Nesta fase do proxecto lógrase establecer un itinerario para ciclistas de preto de 78 quilómetros.
- O Pleno da Corporación Provincial en sesión do 29 de xullo de 2016 acordou a aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da

Coruña e o concello de Oleiros, para levar a cabo as obras do proxecto construtivo da separata do proxecto da “ rede ciclista metropolitana da Coruña”.

- O 31 de agosto de 2016, formalizouse o convenio en documento administrativo,co núm.32/2016” condicionando a súa entrada en vigor á:
 - Obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
 - Existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
 - Existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan da cantidade achegada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución de óbralas
 - Aprobación definitiva do proxecto técnico.
- O contrato de execución das obras foi adxudicado o 19 de decembro de 2016 á empresa **Arias Infraestruturas S.A** por Decreto de Alcaldía 5059/2016 por importe **de 813.709,05 (21% IVE incluído)** e formalizado en documento administrativo o 22 de decembro de 2016.
- O concello de Oleiros, o 20 de outubro de 2017,solicitou unha prórroga da vixencia do convenio, fóra do prazo conferido para o efecto.
- Rematou o prazo de vixencia do convenio 132/2016, estando en execución a obra e sendo vontade das partes cumplir co obxecto do convenio subscrito o 31 de agosto de 2016, se propón a formalización dun novo convenio.
- O concello de Oleiros presenta o proxecto **Modificado núm1** da obra denominada “ Construcción de carril bici para unir a Ría do Burgo con Mera e actuacións complementarias”, Separata do proxecto da Rede Ciclista Metropolitana da Coruña., supervisado favorablemente polos servizos provinciais
- A Deputación provincial da Coruña, por Resolución da Presidencia núm.30517 do data 12 de setembro de 2018, toma coñecemento do proxecto modificado núm1

Visto o anterior considérase procedente a firma dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para a execución das obras do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña, que afectan a ese municipio.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre ambas as dúas administracións

Por todo o exposto, a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros acordan formalizar o presente convenio con suxección ás seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros, CIF P1505900I, que permitan realizar as obras do **proxecto (modificado nº1)** de

construcción do carril bici para unir la ría do Burgo con Mera e actuacións complementarias., incluídas no proxecto construtivo da rede ciclista da área metropolitana da Coruña. Este documento contén de feito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias establecidas no proxecto “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, aprobado con anterioridade. O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase en **813.709,05 €** IVE incluído, e que corresponden ó ás actuacións do Tramo I a realizar no concello de Oleiros.

As obras, que na data da sinatura atópanse praticamente rematadas, teñen como obxecto a conexión dos tramos ciclistas existentes nun único tramo continuo que se desenvolverá entre a Ría do Burgo e Mera e dar cobertura ciclista a os núcleos costeiros de Santa Cristina, Bastiagueiro, Santa Cruz e Mera.

Así, coas obras propostas resolvérónse descontinuidades de beirarrúas/carril bici existentes, redundando na seguridade viaria do entorno. En concreto, os tramos de actuación, cunha lonxitude total de 11,9 km son:

Paseo marítimo do Burgo

Urbanización Beiramar - AC.173 PK. 1+100 (Glorieta do Che)

AC-173 (PK.3+040)- AC.173 (PK.4+280).

AC-173 (PK.4+280)- AC-173 (PK.6+900)

AC-173 (PK.6+900)- AC-173 (PK.9+400)

SEGUNDA. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS OBRAS.

O orzamento total de execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ó que se fai referencia na cláusula anterior, é o seguinte:

Presuposto execución material	734.436,20 €
Gastos xerais (13%)	95.476,71€
Beneficio industrial (6%)	44.066,17€
SUBTOTAL	873.979,08€
Adxudicación	672.486,81€
TOTAL ORZAMENTO ADXUDICACIÓN	813.709,04 €
INCLUIDO 21% IVE	

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal e como se define na cláusula anterior cunha achega máxima de 813.709,04 € o que representa unha porcentaxe do 100,00%.
2. No caso de que o importe máximo xustificado non alcanzara o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só aportará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, polo tanto, non se financiarán os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios pola dirección das obras, seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco financiaranxe os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións de obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201 do presupuesto provincial do ano 2018 (EMC1/2018). Dado que a vixencia do convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e

suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ó cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

TERCEIRA. AUTORIZACIÓNS E LICENZAS.

O concello dispón dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras incluídas na separata, que afectan ó termo municipal, así como á reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, realizáronse as xestións pertinentes ante os organismos correspondentes, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha **placa en lugar visible** na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

QUINTA. DIRECCIÓN DAS OBRAS. COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE.

1. A dirección das obras realizarase por persoal dos servizos técnicos do concello de Oleiros e/ou por medios externos. Así mesmo, actuará como codirector/a persoal técnico designado pola Deputación da Coruña.
2. O concello de Oleiros levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Se procederá ao pago da achega provincial a favor do concello unha vez que se xunte ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - Certificación do **acordo de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social** disposto na cláusula OITAVA.
 - Acreditación do compromiso de **publicidade do financiamento provincial**, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser diligenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un **técnico designado pola Deputación**, quen asinará tamén a correspondente Acta.
 - Certificación do **acordo de aprobación das certificacións** de obra e do **recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente
 - Certificación do acordo da **incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
2. O aboamento da contía materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
3. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe total no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

SÉTIMA. ACTA DE RECEPCIÓN.

O concello de Oleiros notificaralle á Deputación da Coruña a data de formalización da acta de recepción das obras coa debida antelación para que asista, si é o caso, un representante designado pola Deputación da Coruña

OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da achega provincial, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

NOVENA. REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS.

1. O incumplimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de cooperación terá **carácter retroactivo** para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de setembro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de outubro de 2019**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

DUODÉCIMA. NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE.

O presente convenio ten natureza administrativa sendo xurisdición contencioso-administrativa a competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado e sesión plenaria de data

Así din e asinan, por cuadriplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento."

20.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES “XESTIÓN DOS AREAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO: SERVIZO DE SOCORRISMO, MANTENEMENTO E ADECUACIÓN DE ACCESO ÁS PRAIAS”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"MODIFICAR a cláusula XIII VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN, do texto do convenio de cooperación entre a Deputación

Provincial da Coruña e o concello de **VALDOVIÑO** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades “*xestión dos areais do concello de Valdoviño: servizo de socorrismo, mantemento e adecuación de acceso ás praias*”, aprobado por Acordo plenario do 30 de novembro de 2018, no seguinte senso:

ONDE DÍ:

“...1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario...”,

DEBE DICIR:

“...1.- O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xuño de 2.018 a 31 de outubro de 2.018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o 31 de outubro do 2.019.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no

exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria

*2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.*

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do antícpo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario..."

21.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA “REURBANIZACIÓN RÚA TRAS DE TORRE (SIGÜEIRO)” DO CONCELLO DE OROSO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017 CO CÓDIGO 17.3110.0215.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTA OBRA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017

Logo de ver que no Anexo V.2 a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+2017 con cargo á achega 2016, no que figura, entre outras, a obra do concello de Orosa denominada "Reurbanización Rúa Tras de

Torre (Sigüeiro)", co código 17.3110.0215.0 coa condición da presentación da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia

Logo de presentar o Concello de Orosa un proxecto modificado desta obra, coa finalidade de adaptar o proxecto da obra citada ás condicións e consideracións técnicas contidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, con diminución no seu orzamento; xunto cos informes técnicos favorables xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Orosa denominada "Reurbanización Rúa Tras de Torre (Sigüeiro)", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, co código 17.3110.0215.0, que foi aprobada polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, de forma condicionada á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e cun orzamento de contrata de 169.481,07 €.

Este proxecto modificado foi presentado co obxecto de cumplir as condicións sinaladas na autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e ten un orzamento de contrata de 128.652,34 €, polo que experimenta unha diminución orzamentaria respecto do proxecto inicial de 40.828,73 €, segundo se indica continuación:

2017.3110.0215.0	DIMINUCIÓN DO ORZAMENTO SOBRE CONTRATA		
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	130.620,41	128.652,34	1.968,07
CONCELLO	38.860,66	0,00	38.860,66
TOTAL	169.481,07	128.652,34	40.828,73

2.- En consecuencia, coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia á cuxa obtención quedou condicionada a aprobación desta obra dentro do Plan, considerar definitivamente aprobada esta obra dentro do POS+ 2017.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
Orosa	17.3110.0215.0	Reurbanización Rúa Tras de Torre	128.652,34 €	0,00 €	128.652,34 €	Autorización da D.Xeral de Patrimonio Cultural

3.- Esta obra finanziarase íntegramente con achega provincial con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1535/76201 do vixente orzamento provincial."

22.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA O FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DE RÚAS, BEIRARRÚAS E SEGURIDADE VIARIA E INFORMACIÓN NOS NÚCLEOS URBANOS DE ORTIGUEIRA E ESPASANTE”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- "1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ortigueira para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ortigueira
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento de rúas, beirarrúas e seguridade viaria e información nos núcleos urbanos de Ortigueira e Espasante
ORZAMENTO DO PROXECTO	125.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	100.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	25.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/1532/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/1532/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2018.

Dado que a vixencia deste Convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE RUAS, BEIRARRÚAS E SEGURIDADE VIAL E INFORMACIÓN NOS NÚCLEOS URBÁNS DE ORTIGUEIRA E ESPASANTE”

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, D/D^a en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte, D/D^a en nome e representación do Concello de Ortigueira
Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ortigueira ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira, con CIF P1506200C, para o financiamento da obra de “Acondicionamento de rúas, beirarrúas e seguridade viaria e información nos núcleos urbanos de Ortigueira e Espasante”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, canais e portos, Sergio Daniel Orosa López.
2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa disponibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	86.811,58
Gastos xerais (13 %)	11.285,50
Beneficio industrial (6 %)	5.208,69
IVE (21 %)	21.694,21
Orzamento da contrata	125.000,00

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000,00€ o que representa unha porcentaxe do 80,00%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcance o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1532/76201 do orzamento provincial para o ano 2018. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
4. No caso de que a entidade beneficiaria trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha

distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 58.2 b) das de execución do orzamento para o ano 2018, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboadoo co primeiro pagamento prepagable.
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requerimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.
3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6^a das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadre de sancións previstas nas normas citadas e na base 56^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2019**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2021**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo

improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido más os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

En nome e representación da Deputación
Provincial da Coruña

En nome e representación do Concello de
Ortigueira

O Secretario Xeral

Jose Luis Almazán Supervía"

23.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA OFICINAS MUNICIPALIS”, DO CONCELLO DE CAMBRE, INCLUÍDO NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016 CO CÓDIGO 2016.3290.0015.0

INTERVENCIÓNS

Sr. Secretario

Hai aquí unha emenda de adición presentada polo portavoz do Grupo Provincial do Bloque, Xosé Regueira Varela.

Sr. Requeira Varela

Simplemente é porque nestes momentos non podemos verificar se a documentación realmente está ou non está correcta, parece ser que é probable que algún documento aínda teña que ir ao Pleno do Concello de Cambre o vindeiro xoves, entón propoñemos que se aprobe cunha emenda de adición que diga literalmente "Condicionar a aprobación anterior", -é dicir, o texto do convenio que pasou pola Comisión-, "á previa aprobación deste proxecto polo órgano competente do Concello de Cambre".

Vótase a emenda, que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente vótase o ditame coa emenda, e se aprobá tamén por unanimidade.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cambre do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma de local comercial para oficinas municipais", incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 2016.3290.0015.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 27 de maio de 2016, polo que se aprobou o Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, no que se inclúe este investimento

Logo de aprobar o Concello de Cambre un proxecto modificado deste investimento, que xa está adxudicado, previos os informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario do mesmo e do redactor do proxecto inicial, con idéntico orzamento de contrata que o do proxecto inicial, para reducir o consumo enerxético e dar solución aos erros e omisións do proxecto inicial que é necesario emendar para a correcta execución do investimento

Tendo en conta que este proxecto modificado supervisouse favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do PAI 2016, aprobadas mediante acordo plenario do 30 de decembro de 2015 (BOP número 2 do 5 de xaneiro de 2016), posteriormente modificadas mediante novos acordos plenarios do 28 de outubro de 2016 (BOP número 208 do 3 de novembro de 2016) e do 14 de setembro de 2018 (BOP número 183, do 25 de setembro de 2018)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento do Concello de Cambre denominado "Reforma de local comercial para oficinas municipais", incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 2016.3290.0015.0, sen variación económica nin substancial, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria da obra, para reducir o consumo enerxético e dar solución aos erros e omisións do proxecto inicial que é necesario emendar para a correcta execución do investimento, de acordo cos seguintes datos:

	Axentes	Contrata	Adxudicación	Baixa
Proxecto Modificado "Reforma de local comercial para oficinas municipais" Concello de Cambre PAI 2016 (2016.3290.0015.0)	Deputación	221.744,60	155.376,44	66.368,16
Concello	0,00	0,00	0,00	
Total	221.744,60	155.376,44	66.368,16	

O préstamo provincial asignado a este investimento finanziarase con cargo á partida 0430/9433/82120 do vixente orzamento provincial.

Condicionar a aprobación anterior á previa aprobación do proxecto polo órgano competente do Concello de Cambre."

24.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO NÚMERO 2 DO INVESTIMENTO DENOMINADO "SANEAMENTO E BOMBEO EN NOAL", DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017 CO CÓDIGO 17.3110.0234.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Porto do Son do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Saneamento e bombeo en Noal", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0234.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 8 de xuño de 2017, a aprobación definitiva deste investimento quedou condicionada á realización das seguintes condicións suspensivas:

FINANCIAMIENTO						Condicóns a realizar
Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Total	
17.3110.0234.0	Porto do Son	Saneamento e bombeo en Noal	223.727,47	0,01	223.727,48	-Autorización Servizo Urbanismo da Xunta -Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas

Tendo en conta que mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2017/41109, do 26 de decembro de 2017, esta deputación considerou cumpridas as condicións ás que foi sometida a aprobación definitiva deste investimento, logo de tomar coñecemento da aprobación polo Concello de Porto do Son dun proxecto modificado número 1, sen variación do seu orzamento total, para dar cumprimento ao disposto na Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 3 de novembro de 2017, na que se autorizaba a execución do investimento coa condición de realizar o cruzamento da estrada AC-550 cunha perforación horizontal dirixida “topo”, cando no proxecto inicial estaba previsto realizar o cruzamento “a ceo aberto”.

Logo de aprobar o Concello de Porto do Son, previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria da obra, un proxecto modificado número 2, sen variación económica, para modificar o trazado da impulsión inicialmente proxectada coa finalidade de descargar un pozo de bombeo actualmente saturado e obter un importante aforro enerxético

Tendo en conta que este proxecto modificado número 2 supervisouse favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado número 2 do investimento denominado “Saneamento e bombeo en Noal”, do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.3110.0234.0, cos datos que se indican a continuación, sen variación económica nin substancial, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria da obra, para variar o trazado da impulsión inicialmente proxectada coa finalidade de descargar un pozo de bombeo actualmente saturado e obter un importante aforro enerxético:

	Axentes	Contrata	Adxudicación	Baixa
Proxecto modificado núm. “Saneamento e bombeo en Noal” Concello de Porto do Son POS+ 2017 Código: 2017.3110.0234.0	Deputación	223.727,47	177.749,00	45.978,47
	Concello	0,01	0,00	0,01
	Total	223.727,48	177.749,00	45.978,48

A achega provincial a esta obra finanziarase con cargo á partida 0430/1604/76201 do vixente orzamento provincial."

25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DO "PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE ANUALIDADE 2018"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva. O obxecto da presente subvención e segundo se desprende da memoria presentada pola entidade relativa a "**PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE ANUALIDADE 2018**" consiste en executar unha serie de accións que teñen por obxectivo aportar valor engadido ao desenvolvemento turístico da provincia desde a administración municipal. Por unha banda o proxecto intenta transmitir a idea de que a programación complementaria debe enfocarse tamén en épocas de menor afluencia turística. Por outra, permite tomar conciencia nas sociedades receptoras da importancia de satisfacer a demanda turística, e en definitiva, intenta impulsar a sostibilidade entendida como implicación e integración da poboación local, empresarios, administración local e visitantes, convertendo ao turismo nun axente de desenvolvemento local. O Plan configurase en diversos enfoque prácticos centrándose na formación e dinamización concienciando á poboación local, integrando a identidade propia, facendo labor pedagóxica e buscando sinerxías de colaboración privada e pública. Por outra parte, establece estratexias de promoción, promovendo a especialización do destino turístico, fidelizar aos visitantes, fomentar a calidade e promover a imaxe dixital. Por último, establece estratexias de comercialización, impulsando a penetración en mercados con potencialidade.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE LAXE**, CIF **P1504100G** para o financiamento do "**PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE ANUALIDADE 2018**"

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 30.000,00 euros, co que se executa e financia o 100,00 % da actividade por parte da Deputación da Coruña.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015 para a firma do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Laxe polo que se instrumenta unha polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades “PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE ANUALIDADE 2018”.

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, en representación do CONCELLO DE LAXE

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE LAXE na dinamización turística do Concello a través do Plan de Dinamización Turística para o 2018 coa finalidade de garantir a máxima eficiencia das inversíons en actividades de promoción, dinamización e difusión turística a nivel municipal, ambas as dúas partes,

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE LAXE, CIF P1504100G**, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento das actividades “PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE ANUALIDADE 2018” tal e como aparecen definidas na memoria de actividades PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LAXE ANUALIDADE 2018

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR

O CONCELLO DE LAXE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Difusión - cartelería, difusión en liña, anuncios en prensa, radio e outros	12.000,00 €
Representacións artísticas - actuacións musicais	4.000,00 €
Investimentos e equipamentos - mobiliario, útiles, sinaléctica, equipos procesos información	2.000,00 €
Actividades e gastos correntes - actividades formativas e divulgativas, outras actividades, gastos protocolarios, dietas e gastos aloxamento conferenciantes, premios, material funxible e varios	12.000,00 €
TOTAL	30.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 € (gastos de persoal) o que representa unha porcentaxe de 100,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4321/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE LAXE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Correspondelle ao CONCELLO DE LAXE o outorgamento dos contratos de

subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE LAXE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE LAXE tramite e aprobe algúna modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE LAXE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE LAXE, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presupuesto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

4.- O CONCELLO DE LAXE estará obrigado a cumplir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE LAXE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboados co primeiro pago prepagable.

5.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE LAXE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE LAXE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE LAXE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao CONCELLO DE LAXE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE LAXE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE LAXE na documentación

achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE LAXE terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE LAXE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE LAXE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE LAXE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE LAXE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS.

- 1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infracciones tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atrasos na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE LAXE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE LAXE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018, conservando a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2019, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE LAXE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2019**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE LAXE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbihdas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE LAXE, respectivamente.
3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día_de

E, en proba de conformidade, as partes comparecientes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación
LAXE"

O representante do CONCELLO DE

26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DO "FESTIVAL DE ARTE URBANO DESORDES CREATIVAS 2018"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva. O obxecto da presente subvención e segundo se desprende da memoria presentada pola entidade relativa a "**FESTIVAL DE ARTE URBANO DESORDES CREATIVAS 2018**" consiste en executar unha serie de accións únicas que teñen por promocionar un dos valores turísticos da provincia en expansión e que está conseguindo un maior pulo, a arte urbana, un novo xeito de atractivo turístico que sorprende ao visitante e que serve como elemento de rexeneración de espazos degradados ademais de expresión artística única e orixinal. Tendo en conta este feito, a presente proposta pretende promover e apostar pola arte urbano como atractivo turístico da provincia.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscibir entre a Deputación Provincial de A Coruña e o **CONCELLO DE ORDES**, CIF P1506000G para o financiamento do "**FESTIVAL DE ARTE URBANO DESORDES CREATIVAS 2018**"

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 19.916,60 euros, co que se executa e financia o 80,00 % da actividade por parte da Deputación da Coruña.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015 para a firma do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades "Festival de Arte Urbano Desordes Creativas 2018"

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE ORDES

Os comparecientes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos estanllas atribuídas

MANIFESTAN

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE ORDES consideran de gran interese para a provincia potenciar e promocionar a vila de Ordes como destino turístico a través do seu "Festival de arte urbano Desordes Creativas 2018", evento que trata de acercar esta arte plástica aos veciños, e ofrecendo ao visitante un novo motivo para visitar o municipio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE ORDES, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE ORDES, CIF P150 000G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento das actividades " FESTIVAL DE ARTE URBÁN DESORDES CREATIVAS 2018 ", tal e como aparecen definidas na memoria de actividades "DESORDES CREATIVAS Festival Internacional de Arte na rúa Ordes"

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE ORDES levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Loxística alugueiro elevadores	4.356,00 €
Loxística subministración de material de pintura	4.083,75 €
Subministración cartelería e dípticos	968,00 €
Aloxamiento artistas	2.178,00 €
Intervención artistas	3.630,00 €
Obradoiros e exhibicións	2.178,00 €
Cobertura audiovisual (vídeo e foto reportaxe)	968,00 €
Deseño gráfico e publicidade (deseño carteis, programas, web, redes sociais , coordinación con imprenta)	2.238,50 €
Produción e xestión (comisiado, viaxes artistas, loxística, supervisión espazos, estratexias deseño e comunicación, coordinación necesidades e sinerxías)	4.295,50 €
TOTAL	24.895,75 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 19.916,60 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE ORDES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Correspondelle ao CONCELLO DE ORDES o outorgamento dos contratos de suministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE ORDES axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE ORDES tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer

constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE ORDES.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE ORDES, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- 4.- O CONCELLO DE ORDES estará obrigado a cumplir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE ORDES, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 5.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- 6.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboados co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ORDES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE ORDES terá dereito ao aboamento

dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE ORDES deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xullo e o 31 de outubro de 2018.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE ORDES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao CONCELLO DE ORDES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE ORDES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ORDES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE ORDES terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE ORDES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarán esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE ORDES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE ORDES deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE ORDES poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE ORDES queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgúns das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación, se estará ao disposto ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demás normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE ORDES serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE ORDES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dcoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo ata o 31 de outubro do ano 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xullo do ano 2019, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE ORDES non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de maio de 2019**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a

Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE ORDES perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE ORDES, respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do día E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación
Ordes"

O Representante do Concello de

27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA FASE I - PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO "CASA DAS MÁQUINAS"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifiquen a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Apréciase no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva. O obxecto da presente subvención e segundo se desprende da memoria presentada pola entidade relativa a **FASE I - PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO "CASA DAS MÁQUINAS"** consiste en executar unha serie de accións recollidas dentro do proxecto Fase I- Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Edificio "Casa das máquinas" que consisten fundamentalmente en levar a cabo a rehabilitación do edificio Casa das Máquinas, construído a principios do século pasado mediante un proxecto do reputado arquitecto López de Rego e que, de facto, é un caso destacado de arquitectura industrial da cidade de Santiago de Compostela, ao sumo, destino turístico que, por capacidade de atracción, resulta estrutural de cara ao interese provincial.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscibir entre a Deputación Provincial de A Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO CIF P1507900G** para o financiamento das obras da **FASE I - PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO "CASA DAS MÁQUINAS"**

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 201.645,38 euros, co que se executa e financia o 80,00 % da actividade por parte da Deputación da Coruña.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015 para a firma do convenio.

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA FASE I - PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO "CASA DAS MÁQUINAS"

Na Coruña, ____ de _____ de 201____

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Santiago de Compostela**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Santiago de Compostela considera de primeira necesidade as actuacións sobre, a **Fase I - Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Edificio "Casa das Máquinas"**:

A Casa das Máquinas, deseñada polo arquitecto compostelán Xesús López de Rego, foi construído en 1919, encóntrase catalogado patrimonialmente debido as súas características tipolóxicas e compositivas de especial significación arquitectónica e ambiental. O edificio, que estivo albergando un transformador eléctrico, ten unha cualificación urbanística de dotación con uso previsto sociocultural. O edificio presenta un notable deterioro nos seus muros exteriores, e risco de derrubamento do tellado. Trátase dun notable exemplo de arquitectura industrial da cidade. Os recursos patrimoniais de referencia, ademais de supoñer parte da heranza común dunha sociedade, adoitan representar unha oportunidade para o desenvolvemento. Os bens materiais protexidos e ben conservados, son considerados de gran interese de cara á permanencia da identidade dunha cultura a través do tempo, e precisamente por iso, afondan no feito de permitir posicionamento de destino. Unha planificación turística que pretenda dar lugar á preservación do atractivo cultural e un correcto progreso debe poñer especial atención sobre o patrimonio, reafirmando o papel da conservación e rehabilitación. Isto redonda positivamente, como vemos, a nivel de identidade. Pero tamén desde o punto de vista social, turístico e económico. O reforzo destas distintas dimensións sitúanos próximos ao concepto de desenvolvemento equilibrado e integral e, polo tanto, máis preto de acadar un destino turístico sostible.

O contrario a todo isto, é dicir, unha condición ruinosa dun punto transcendente nun destino turístico, ocasiona nefastas consecuencias a nivel de respecto polo propio e de proxección de imaxe. Un elemento patrimonial relevante ten un estreito vínculo coa cultura e, en consecuencia, coa conciencia colectiva dos referentes compartidos por unha comunidade, algo que se relaciona tamén co feito de cómo nos ven dende fóra.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar a Fase I - Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Edificio "Casa das Máquinas" , motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Santiago de Compostela, con CIF P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da Fase I - Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Edificio "Casa Das Máquinas", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Arquitectos Terán y Blanco. Taller de arquitectura S.L.P

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, incluíndo uns Gastos xerais do 13 %, un Beneficio industrial do 6 % e un IVE do 21 %, ascende a un total de **252.056,73 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **201.645,38 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,0000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**
Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3339/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria trame e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo governo, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e otros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboados co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboados aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.
3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do percepto.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.
3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE -PRESIDENTE DO CONCELLO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo.:_____

Asdo._____

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo._____ "

28.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS CLÁUSULAS VII E XIII DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO “SAL FESTIVAL SABORES ATLÁNTICOS A CORUÑA”

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º.- Modificar as cláusulas do convenio aprobado na comisión de 22 de novembro de 2018 e posteriormente no pleno do 30 de novembro, que a continuación se desagregan:

No convenio que foi informado e aprobado, na cláusula VII establecese que:

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA estarán rematadas no momento da firma do convenio.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES contado a partir da firma do convenio e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 16 de data Luns, 22 de xuño de 2015), pójalle corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

E na cláusula XIII establecese que:

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xuño de 2018 ata o 31 de xullo do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos

devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de decembro do 2018.

2. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá ter e presentada a xustificación no prazo máximo de dous meses contados a partir da firma do convenio e, en todo caso antes do día 30 de novembro de 2018.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

Dado que a sinatura do convenio, en todo caso sería posterior á data para a presentación da xustificación estableceuse a modificación da devanditas cláusulas VII e XIII.

A redacción literal da cláusula VII quedaría establecida nos seguintes termos:

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA estarán rematadas no momento da firma do convenio.

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 16 de data Luns, 22 de xuño de 2015), poidalle corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

E a cláusula XIII quedaría como segue:

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xuño de 2018 ata o 31 de xullo do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xullo do 2019.
 2. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de xuño de 2019.
 3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario
- 2º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015 para a firma do convenio.

O texto definitivo do convenio quedaría como sigue

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña para colaborar na financiamento do proxecto “SAL Festival Sabores Atlánticos A Coruña”.

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

- Que a Deputación provincial da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña consideran de gran interese a celebración do Sal Festival Sabores Atlánticos A Coruña, xa que actúa como escaparate para reforzar o concepto da oferta gastronómica da cidade, reflexo tamén da gastronomía da provincia.

- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con CIF Q6550029J, para o financiamento do proxecto “SAL Festival Sabores Atlánticos A Coruña”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
PUBLICIDADE	34.862,59
ALOXAMENTOS POÑENTES	2.552,00
SEGURO CANCELACION	11.588,84
SEGURIDADE	5.449,00
SECRETARIA TECNICA	21.628,75
IDENTIDADE CORPORATIVA	5.033,60
INFRAESTRUTURAS	108.839,50
ARGUMENTARIOS	663
PROGAMACION INFANTIL	6.243,60
XESTION ADEGAS	2.057,00
AMBIENTACION MUSICAL	1.815,00
PERSOAL DE APOIO	11.416,01
PLAN DE SEGURIDADE	1.034,55
PRESENTACION DO FESTIVAL	1.493,80
PRESENTACION DO FESTIVAL NO SALON GOURMET DE MADRID	1.874,50
MATERIAL PROMOCIONAL	5.615,61
WEB, COMUNICACION, VIDEO	16.806,09
INSTALACION ELECTRICA	3.993,00
GRUPOS ELECTROXENOS	5.489,62
POÑENTES	24.422,10
SPEAKERS	5.544,81
REXISTRO DA MARCA SAL	469,69
TAXAS	3.629,70
UNIFORMES E BOLSAS	2.704,35
ALIMENTACION ELECTRICA	17.036,50
CONEXION RED AGUA	10.579,03
CUADROS ELECTRICOS	17.438,14

MANTELES PAPEL	300,08
DESPRAZAMENTOS POÑENTES	5.910,00
TOTAL	336.490,46

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 115.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 34.1763 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 34.1763 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46701, onde existe crédito corrente suficiente mediante bolsa de vinculación xurídica para o financiamento do proxecto.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darrle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA trámate e aprobase algúnsa modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acreedores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demás xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA estarán rematadas no momento da firma do convenio.
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 16 de data Luns, 22 de xuño de 2015), poidalle corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarse mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarán esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se deveñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015).

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015).

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xuño de 2018 ata o 31 de xullo do 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xullo do 2019.

2. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de xuño de 2019.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de _____. E, en proba de conformidade, as partes comparecientes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña,"

29.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS EN MATERIA DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA Á FUNCIÓN INTERVENTORA DE COMPROBACIÓN MATERIAL DOS INVESTIMENTOS, ASÍ COMO DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COLEXIO OFICIAL TERRITORIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (COSITAL CORUÑA)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Primeiro. Aprobar a ampliación da prestación do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación en materia de colaboración e asistencia presencial aos órganos de intervención municipais no exercicio das funcións fiscalizadoras relativas á comprobación material dos investimentos naqueles municipios pertencentes ao ámbito territorial da provincia da Coruña cunha poboación inferior a 20.000 habitantes e respecto daqueles investimentos aos que se refire o artigo 20.3 do Real decreto

424/2017 de réxime xurídico do control interno, isto é, cando o importe do investimento suxeito a comprobación material sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido.

Segundo. Aprobar o convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Provincia da Coruña (COSITAL Coruña), co seguinte texto:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COLEXIO DE SECRETARIOS INTERVENTORES E TESOUREIROS DA PROVINCIA DA CORUÑA (COSITAL Coruña)

No pazo provincial, sede da Deputación Provincial da Coruña
A Coruña, de de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Valentín González Formoso, en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en nome e representación desta, con CIF P1500000C, segundo o disposto no art. 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e art. 61.11 do R.D. 2.568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Doutra, o presidente do Colexio Oficial Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Provincia da Coruña (CIF Q1566007I), D. José Antonio Rueda de Valenzuela.

Actúa de secretario D. José Luis Almau Supervía, Secretario Xeral da Deputación Provincial, que dá fe do acto.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal bastante e representación suficiente para outorgar o presente documento e a tal fin.

EXPOÑEN

1º.- De conformidade co disposto no art. 36.1.b) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, pola Lei 57/2003, do 16 de decembro e pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, a Deputación provincial ten a competencia para prestar:

"b) A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso garantirá nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención", determinándose no apartado 2.c do art. 36 da mesma lei

que a Deputación ou entidade equivalente garante o desempeño das funcións públicas necesarias nos concellos, segundo quedan reguladas no art. 92.bis da Lei 7/1985, e préstalles apoio na selección e formación do seu persoal sen prexuízo da actividade desenvolvida nestas materias pola Administración do Estado e das Comunidades Autónomas.

"c) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas nese ámbito.

2º.- O Real decreto lexislativo 2/2004 sinala no seu artigo 214 o contido da función interventora en cuxo ámbito se inclúe a "*comprobación material dos investimentos*". Tales tarefas, imprescindibles para o cumprimento das esixencias de fiscalización establecidas no artigo mencionado corresponden ás Intervencións Municipais.

3º.-Pola súa banda, a Lei 9/2017 de contratos do sector público, mantendo as previsións normativas de contratación pública precedentes, establece no seu artigo 220.2 ao referirse ao cumprimento dos contratos que: "*En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das súas características. Á Intervención da administración correspondente seralle comunicado, cando iso sexa preceptivo, a data e lugar do acto, para a súa eventual asistencia en exercicio das súas funcións de comprobación do investimento*"; singularmente para o contrato de obras, o artigo 243 establece respecto diso que: "*Á recepción das obras a súa terminación e para os efectos establecidos nesta lei, concorrerá un facultativo designado pola administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.*

(...)

2. Se as obras están en bo estado e conforme as prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comenzará entón o prazo de garantía."

Finalmente, a Disposición adicional terceira da mencionada Lei 9/2017, esixe a asistencia do órgano interventor á "*recepção material de todos os contratos, agás os contratos menores, en exercicio da función de fiscalización material dos investimentos que esixe o artigo 214.2.d) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. Poderá estar asistido na recepción por un técnico especializado no obxecto do contrato, que deberá ser diferente do director de obra e do responsable do contrato. Os servizos de asistencia das Deputacións provinciais asistirán aos pequenos municipios para estes efectos e os demais establecidos na lei.*"

4º.-A finalidade da intervención da comprobación material do investimento é a de verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos e adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato ou encargo.

Con ocasión da entrada en vigor do Real decreto 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público

local, dando cumprimento ao preceptuado no Real decreto lexislativo 2/2004, concrétanse as obrigas que corresponden ao órgano interventor relativas ás funcións inherentes á intervención da comprobación material dos investimentos, no seu artigo 20 que sinala respecto diso o seguinte:

1. *Antes de liquidar o gasto ou recoñecer a obriga verificarase materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións finanziadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato.*

2. *A intervención da comprobación material realizaraa o órgano interventor. O órgano interventor poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.*

3. *Os órganos xestores deberán solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a súa asistencia á comprobación material do investimento cando o importe desta sexa igual ou superior a 50.000,00 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, e sen prexuízo de que as bases de execución do orzamento fixen un importe inferior, cunha antelación de vinte días á data prevista para a recepción do investimento de que se trate.*

4. *A intervención da comprobación material do investimento realizarase, en todo caso, concorrendo o órgano interventor, ou en quen delegue, ao acto de recepción da obra, servizo ou adquisición de que se trate.*

Cando se aprecien circunstancias que o aconsellen, o órgano interventor poderá acordar a realización de comprobacións materiais do investimento durante a execución das obras, a prestación de servizos e fabricación de bens adquiridos mediante contratos de subministracións.

5. *O resultado da comprobación material do investimento reflectirase en acta que será subscrita por todos os que concorran ao acto de recepción da obra, servizo, ou adquisición e na que se farán constar, no seu caso, as deficiencias apreciadas, as medidas que se han adoptar para emendas e os feitos e circunstancias relevantes do acto de recepción.*

Nesta acta ou en informe ampliatorio poderán os concorrentes, de forma individual ou colectiva, expresar as opinións que estimen pertinentes.

5º.-O Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Provincia da Coruña (COSITAL Coruña en diante) é unha Corporación de Dereito Público amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e ten entre os seus obxectivos "*a realización de cantas actuacións redunden na mellora e beneficio dos intereses xerais da ciudadanía destinataria das funcións públicas reservadas aos Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local.*", procurando o establecemento dos procedementos necesarios que coadxuvan ao eficaz exercicio das funcións que teñen encomendadas os Funcionarios de Habilitación Nacional.

6º.-O obxectivo do presente CONVENIO radica en determinar as canles de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e COSITAL para posibilitar de forma efectiva o cumprimento, por parte dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, das obrigas normativas vixentes referidas á Intervención das comprobacións materiais dos investimentos naqueles supostos en que a inexistencia de dispoñibilidades persoais e/ou a esixencia de coñecementos técnicos para levar a cabo esas funcións, requiran a asistencia e colaboración da

Deputación provincial a través do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (SATM), sen prexuízo de que en función, tanto das demandas municipais como das dispoñibilidades persoais e/ou materiais do SATM, poida considerarse no futuro a ampliación do ámbito subxectivo e/ou obxectivo de aplicación.

De conformidade con estes antecedentes, as partes establecen o seguinte:

CLAUSULADO

Primeira.- Obxectivo

Este CONVENIO ten como finalidade o establecemento dun marco estable de colaboración entre a Deputación e COSITAL Coruña en materia de xestión da colaboración e **asistencia por parte do Servizo de Asistencia Técnica aos Municipios (SATM) da Deputación Provincial da Coruña** aos municipios cuxo ámbito poboacional se define no seu articulado, para a realización das **funcións de intervención material na comprobación dos investimentos** cando por parte do órgano interventor solicite a devandita **asistencia** como consecuencia da necesidade de **coñecementos técnicos específicos** para a súa realización.

Segunda.- Compromisos

Para estes efectos a Deputación provincial a través do seu Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, comprométese á prestación do servizo de colaboración e asesoramento aos órganos interventores na execución das funcións de intervención da comprobación material dos investimentos, nos termos, cos requisitos e procedementos que se desenvolven nas seguintes estipulacións.

Pola súa banda, o COSITAL Coruña coadxuará na difusión deste servizo de asesoramento entre os funcionarios de habilitación nacional do seu ámbito territorial, colaborando de forma permanente, tanto coa propia Deputación como cos seus colexiados, na formalización e programación das actuacións que se soliciten e assumindo os labores de intermediación para a efectiva realización dos obxectivos do presente convenio.

Non se establecen compromisos específicos de orde orzamentaria ou económica-financeiro no cumprimento do presente acordo

Terceira.- Ámbito de aplicación subxectivo

O servizo de asesoramento na comprobación material dos investimentos por parte do SATM da Deputación Provincial da Coruña, prestarase a aqueles **municipios pertencentes ao ámbito territorial da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes**, nos termos establecidos na normativa mencionada, sen prexuízo da posibilidade de ampliación do ámbito subxectivo nos termos sinalados na exposición do presente convenio.

Cuarta. Ámbito de aplicación obxectivo

A Deputación provincial comprométese á prestación do asesoramento necesario para posibilitar as funcións interventoras de comprobación material dos investimentos por parte dos órganos de intervención dos municipios sinalados na cláusula anterior cando o **importe do investimento suxeito a comprobación material sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre**

o valor engadido, de conformidade co establecido no artigo 20.3 do Real decreto 424/2017, sen prexuízo da posibilidade de ampliación deste ámbito obxectivo na medida que o permitan as condicións sinaladas na parte expositiva

Quinta. Procedemento

O procedemento para a prestación do labor de asesoramento e colaboración ao órgano de intervención para a realización da función de intervención da comprobación material dos investimentos nos supostos nos que, concorrendo os requisitos anteriores, sexa necesaria ou conveniente a asistencia do persoal da Deputación adscrito ao SATM como consecuencia da esixencia de coñecementos técnicos específicos para realizarla con garantías, será o seguinte:

- a) Presentación da solicitude asinada polo alcalde ou alcadesa, mediante o Procedemento de SUBTEL "Asistencia Técnica a Municipios", no [Modelo que se xunta \(anexo I\): procedemento de SUBTEL \[0091\] Asistencia técnica a municipios - Solicituds de asistencia presencial](#)
- b) Documentación complementaria que necesariamente deberá incorporarse, sen prexuízo de calquera outra complementaria que se considere conveniente:
 - Documento do proxecto de obras completo
 - Solicitude de asistencia técnica por parte do órgano de intervención municipal
- c) [Aceptación do modelo de acta de recepción proposto polo SATM que se incorpora como anexo a este documento \(anexo II\)](#)

O modelo de solicitude indicará o prazo mínimo co que debe tramitarse a solicitude respecto da data de realización da comprobación material do investimento, que en ningún caso poderá ser inferior a 15 días, tal e como se indica no modelo de solicitude.

Sexta.

Tanto a Deputación Provincial da Coruña como o COSITAL Coruña, comprométense ao mantemento e fomento dunha vía de colaboración institucional entre ambas as dúas entidades coa intención de favorecer a efectiva realización das actuacións definidas neste clausulado tratando de mellorar así a eficacia da xestión pública, e en xeral, para o fomento da colaboración mutua naqueles asuntos que se estime de interese e relevancia para a consecución dos obxectivos marcados, como poidan ser a celebración de xornadas de difusión en sede colexial para o público coñecemento e formación das persoas interesados ou calquera outra que se estime conveniente.

Sétima.

O presente CONVENIO entrará en vigor o día 01/01/2019 e terá vixencia anual, prorrogable automaticamente un máximo de catro anos, salvo denuncia expresa dalgunha das partes, notificada á outra cun mínimo dun mes de antelación á efectividade de tal resolución.

Oitava.

O presente CONVENIO ten carácter administrativo, sendo de aplicación as normas desta orde para a súa interpretación e resolución de dúbidas que puidesen xurdir respecto diso.

Novena.

No non previsto no presente CONVENIO, estarase ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, pola Lei 57/2003, do 16 de decembro e pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, o R.D. lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e demais normas que resulten aplicables.

Décima.

O presente convenio ten carácter administrativo, e por tanto, todas as cuestiós que se poidan presentar no tocante ao seu cumprimento, interpretación, resolución e efectos, serán dilucidadas ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Anexo I

SATM / MODELO DE SOLICITUDE DE ASISTENCIA TÉCNICA PRESENCIAL

De acordo co establecido no vixente Regulamento de prestación dos servizos de asistencia técnica, xurídica e económica a municipios e, no seu caso, nas bases do plan/convenio respectivo ou na normativa pola que se regulan os contratos do sector público, solicítase a presenza/integración dunha funcionario/a técnico/a da Deputación da Coruña no acto/órgano abaixo indicado¹:

CONCELLO: (*)	
PLAN/CONVENIO:	
DENOMINACIÓN SUBMINISTRACIÓN:	OBRA /
CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN EN SUBTEL:	
TIPO DE ASISTENCIA REQUIRIDA: (*)	<input type="checkbox"/> Formalización de acta de comprobación da implantación dunha obra incluída nun plan/convenio de colaboración coa Deputación da Coruña. <input type="checkbox"/> Formalización de acta de recepción dunha obra ou subministración incluída ou non nun plan/convenio de colaboración coa Deputación da Coruña. <input type="checkbox"/> Pertenza á Mesa de Contratación dunha obra, servizo ou subministración <input type="checkbox"/> Pertenza a un Comité Técnico de avaliación de ofertas dunha obra, servizo ou subministración <input type="checkbox"/> Pertenza a unha Comisión de desenvolvemento de documentos técnicos.

¹ Os campos marcados con “(*)” son de obrigado cumprimento. Os restantes campos cubriranse só no caso de obras ou actuacións incluídas en plans ou convenios financiados pola Deputación da Coruña.

<i>DESCRICIÓN DA ASISTENCIA REQUIRIDA:</i> (*)	
<i>LUGAR:</i> (*)	
<i>DATA PROPOSTA:</i> (*)	
<i>HORA PROPOSTA:</i> (*)	
<i>PERSOA DE CONTACTO:</i> (*)	
<i>TELÉFONO FIXO (+ EXT) / MÓBIL:</i> (*)	
<i>CORREO ELECTRÓNICO:</i> (*)	
<p><input type="checkbox"/> Declaro que o Concello que presido consinte que os datos contidos neste expediente sexan incorporados aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos poderán ser incorporados e tratados en ficheiros ou inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, baixo responsabilidade da Deputación da Coruña. O enderezo onde a persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición é o oficial da Avda. Porto da Coruña nº 2 15003 A Coruña.</p> <p>Faise constar todo o anterior en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e na súa normativa de desenvolvemento</p>	

NOTAS:

- A solicitude deberá comunicarse á Deputación da Coruña cun mínimo de 15 días de antelación á data prevista para a realización do acto ou a constitución do órgano de que se trate, salvo que circunstancias xustificadas o impidan.
- Coa solicitude deberá achegarse a documentación técnica e administrativa (proxectos, pregos, etc.) que resulte precisa en cada caso.
- A data e hora solicitadas estarán suxeitas á dispoñibilidade do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, de xeito que poderán ser modificadas na confirmación de presenza que efectuará a Deputación da Coruña.

Anexo II

ACTA DE RECEPCIÓN

<i>Obra:</i> XXXXXXXXXXXXXXXX XXXXXXXXXXXXXXXX XXXXXXXXXXXXXXXX
<i>Situación:</i> XXXXXXXXXXXXXXXX XXXXXXXXXXXXXXXX XXXXXXXXXXXXXXXX
<i>Concello contratante:</i> XXXXXXXXXXXXXXXX
<i>Empresa contratista:</i> XXXXXXXXXXXXXXXX
<i>Orzamento:</i> XXXXXXXXXXXXXXXX

ASISTENTES	<i>Na data do xx/xx/yyyy, reúnense no lugar sinalado os asistentes que se relacionan á marxe, coa finalidade de recibir as obras de referencia. Concorre tamén persoal técnico da Deputación da Coruña en funcións de asistencia como delegado da Intervención municipal, co exclusivo obxecto de comprobar a efectiva realización material das obras previstas aplicando os investimentos públicos consignados neste contrato.</i>
<i>Conforme, o/a representante do Concello contratante</i>	
<i>Asdo.: XXXXXX XXXXX XXXXXX</i>	<i>Efectúase este acto en cumprimento do disposto nos</i>

<i>Conforme, o/a director/a das obras</i>	<i>art. 210, 242 e 243 da L 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e nos art. 163 ao 173 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o seu Regulamento xeral. Así mesmo, o exercicio da función de fiscalización material dos investimentos públicos pola Intervención municipal responde ao establecido no art. 214.2.d do RDLex 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no art. 20 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local e na adc. 3ª da citada L 9/2017.</i>
<i>Asdo.: XXXXXX XXXXX XXXXXX</i>	<i>Despois de inspecionar detalladamente as obras, os facultativos do Concello e da Dirección constatan que están completamente rematadas, en bo estado e con axuste ao proxecto relativo a esta contratación; sen prexuízo, no seu caso, de excesos de execución nas unidades previstas e/ou de prezos novos que, sen superar os límites legais, serán determinados na acta de medición xeral preceptiva.</i>
<i>Conforme, o/a representante da empresa contratista</i>	<i>Con base no así verificado, o Concello contratante recibe as obras, a Dirección sinala a data do xx/xx/xxxx para efectuar a medición xeral e a empresa contratista dáse por notificada de todas estas circunstancias.</i>
<i>Asdo.: XXXXXX XXXXX XXXXXX</i>	<i>En consecuencia con todo o anterior redáctase a presente acta, asinada polos asistentes en exemplar quintuplicado, co fin de que conste para o cómputo do prazo de garantía e demás efectos que resultan oportunos.</i>
<i>Comprobado, o/a técnico/a da Deputación delegado pola Intervención municipal</i>	
<i>Asdo.: XXXXXX XXXXX XXXXXX</i>	

Terceiro. Facultar o Presidente da Corporación para a sinatura do presente convenio."

30.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2018 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE NOVEMBRO DE 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de novembro de 2018.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial

Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2018.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

31.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30/11/2018 E PROXECCIÓN A 31/12/2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria ao 30 de novembro de 2018, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2018 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpla, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

32.-APROBACIÓN DA DESESTIMACIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA O ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28/09/2018 QUE APROBA DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2018.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 17 deputados (13 do PP, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

"Visto o expediente relativo aos recursos interpostos contra o acordo plenario do 28/09/2018 de aprobación definitiva da valoración de postos de traballo e da modificación da Relación de postos de traballo 2018 no que se acreditan os seguintes

I. Antecedentes de feito

Na sesión plenaria celebrada o día 27/07/2018 a Corporación provincial acordou aprobar inicialmente a modificación da Relación de postos de traballo 2018.

No BOP nº 144 de 31/07/2018 publicouse o anuncio desta aprobación inicial, no que se indica que o expediente exponse ao público coa finalidade de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas durante o prazo que se indica no anuncio.

Contra a dita aprobación inicial do expediente presentáronse varias alegacións que se resolvieron por acordo plenario de 28/09/2018, aprobándose con carácter definitivo, a valoración de postos de traballo e a modificación da Relación de postos de traballo 2018.

Contra o dito acordo interpuxéronse recursos de reposición nos que se solicita que se incremente o importe do complemento específico resultante da valoración de postos de traballo correspondente a cada un dos postos que ocupan os recorrentes e que se reflicte na Relación de postos de traballo aprobada.

II. Fundamentos de dereito

1.- María Josefa López Cao, Amalia Mosteiro Regueiro e Lucía Barral Cao:

As interesadas ocupan os postos de cociñeira, subgrupo C2, no Centro residencial docente Calvo Sotelo cun complemento específico en 2017 de 11.839,87 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselles un complemento específico de 16.291,10 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores II e IV.B.

Non concorren nos postos que ocupan as interesadas as circunstancias previstas no Manual de valoración para determinar o complemento específico para asignar o grao 3 do factor II, penosidade. Os postos que citan nos seus escritos de recurso teñen funcións distintas e diferentes condicións de desempeño, polo que non son comparables.

O grao 2 do subfactor IV.B contémplase para postos suxeitos a disponibilidade flexible con localización, suposto de feito distinto do que refiren as interesadas consistente en cambios das quendas asignadas inicialmente provocadas por ausencias doutros empregados.

2.- Esther Expósito Suárez e Rosa María Gestoso Pazo:

As interesadas ocupan os postos de axudante de cociña, agrupación profesional, no CRD Calvo Sotelo, cun complemento específico en 2017 de 11.426,83 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselles un complemento específico de 15.022,30 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II e IV.B.

A solicitude do grao 2 do factor I.A, nivel de dificultade, non encaixa coas funcións que realizan nin coa titulación 5 que se esixe para o desempeño do posto de axudante de cociña segundo consta na relación de postos de traballo 2018 debendo desestimarse a alegación relativa ao subfactor I.A.

Non concorren no posto que ocupa a interesada as circunstancias previstas no Manual de valoración para determinar o complemento específico para asignar o grao 3 do factor II, penosidade. Os postos que cita no seu escrito de recurso teñen funcións distintas e diferentes condicións de desempeño, polo que non son comparables.

O grao 2 do subfactor IV.B contémplase para postos suxeitos a disponibilidade flexible con localización, suposto de feito distinto do que refire a interesada consistente en cambios das quendas asignadas inicialmente provocadas por ausencias doutros empregados.

3.- María del Carmen Gestoso Pazo:

A interesada ocupa o posto de cociñeira, subgrupo C2, no Fogar Infantil Emilio Romay cun complemento específico en 2017 de 11.839,87 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 16.291,10 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados ao factor II.

Non concorren no posto que ocupa a interesada as circunstancias previstas no Manual de valoración para determinar o complemento específico para asignar o grao 3 do factor II, penosidade. Os postos que cita no seu escrito de recurso teñen funcións distintas e diferentes condicións de desempeño, polo que non son comparables.

4.- Amalia Prieto-Puga López

A interesada ocupa o posto de administrativa de administración xeral, subgrupo C1, no IES Calvo Sotelo cun complemento específico en 2017 de 6.492,18 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 12.338,10 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores II e IV.

As tarefas que menciona a recorrente subsúmense nas funcións do posto incluídas no catálogo. Polo que se refire o factor II a nota de atención continua ao público só se contempla para aqueles postos nos que esa atención supón a parte mais relevante da xornada. O seu posto de traballo ten asignado o horario xeral, coa flexibilidade prevista no acordo plenario que regula os horarios de traballo do persoal da Deputación provincial da Coruña. Por Resolución 18474 do 10/10/2011 ten concedida por motivos de conciliación da vida familiar, laboral e persoal a flexibilidade na súa xornada de traballo. O desfrute das vacacións ha de ter en conta as necesidades do servizo, en todos os ámbitos da organización.

5.- María del Carmen Garrido Fariña:

A interesada ocupa o posto de psicóloga no Fogar Infantil Emilio Romay, a media xornada, cun complemento específico en 2017 de 4.365,11 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 7.954,38 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A e VI.A.

A pertenza á Comisión Técnica do FIER ven establecida no regulamento de organización e funcionamento interno do FIER, que tamén regula as súas funcións, que o son da Comisión e non de cada un dos membros que a componen por razón do seu posto. Este feito xa se tivo en conta para a valoración do posto da recorrente e do resto de traballadores/as que poden formar parte dos órganos colexiados do Fogar Infantil.

As funcións como membro da Comisión Técnica, a emisión de informes ou a supervisión dos feitos polos titores sustentan a diferente gradación no subfactor I.A

respecto das educadoras do FIER, xa que o subfactor VI.A mide o grao de repercusión das funcións do posto respecto dos obxectivos da Administración provincial.

6.- Dores Sánchez Alegre:

A interesada ocupa o posto de Técnica de normalización lingüística, subgrupo A1, cun complemento específico en 2017 de 8.730,22 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 15.412,55 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores IV.B e VI.A.

A recorrente relaciona unha serie de tarefas e actividades materiais que son precisamente a secuencia de accións a seguir para concretar e materializar as funcións do seu posto. Tampouco poden atribuírse ao posto de traballo que ocupa a recorrente a totalidade das funcións da Unidade Técnica de Normalización Lingüística. A xornada ordinaria na Deputación ofrece marxe razonable para as tarefas que cita a alegante para xustificar o grao 2 do subfactor IV.B. O grao 5 do subfactor VI.A procede en postos con responsabilidades de dirección, supervisión ou coordinación técnica, que non están presentes nas tarefas que menciona a recorrente.

7.- Teresa Bermúdez Miras, Ana Ramudo Funcasta, María José Lago Díaz, María del Carmen Pérez López, Beatriz Quiñoy Quiñoy, Esther Bustos Gerpe, María Raquel Agra Caamaño, Rosa M^a Trillo Arias, Dolores Rojo Silva, Sara Mosteiro Regueiro e Rosaura Fernández Pérez.

As interesadas ocupan os postos de auxiliar educadora, subgrupo C2, no Fogar Infantil Emilio Romay cun complemento específico en 2017 de 10.351,30 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselles un complemento específico de 14.664,35 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, III, IV. B e VI.A.

Segundo resulta do catálogo de funcións aprobado polo Pleno as funcións dos postos de educador, acordes coa titulación esixida, grupo A2 (diplomatura ou grao universitario), educador infantil, grupo B (técnico superior en educación infantil) e auxiliar educador, subgrupo C2, (graduado en ESO) non son as mesmas, polo que non é posible a equiparación solicitada nos factores I.A e VI.A. Non concorren no posto de auxiliar educador as circunstancias previstas para a asignación de graos superiores no factor III de perigosidade. As circunstancias que citan en relación co factor IV.B xa se tiveron en conta ao asignar o grao 7 no subfactor IV.A.

8.- María Begoña Varela García, Paula Cousillas Pampín e Sonia Martínez Casás:

As interesadas ocupan os postos de titora de garda, subgrupo C1, no Fogar Infantil Emilio Romay, cun complemento específico en 2017 de 10.463,84 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselles un complemento específico de 15.648,65 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores II, III, IV.B e VI.B

Non concorren nos postos que ocupan as interesadas as circunstancias previstas no Manual de valoración para determinar o complemento específico para asignar o grao 3 do factor II, penosidade. A conducción habitual de vehículos que se alega xa se tivo en conta para asignar o grao 2 do factor III de perigosidade. O grao 3 do subfactor IV.B contémplase para postos suxeitos a dispoñibilidade en horario fóra da súa

xornada, suposto de feito distinto do que refiren as interesadas consistente en cambios das quendas asignadas inicialmente provocadas por ausencias doutros empregados. O que os usuarios do servizo sexan orixinarios dos diferentes concellos da provincia non basta para considerar procedente a asignación do grao 4 do subfactor VI.B, tal como este se define no manual de valoración.

9.- María Pilar González Rábade, Laura Quintián Grandío, Marta María Pena Fernández, Elena Teijeiro López, Socorro Souto Pardo, Ofelia Gómez Casabella, Benedicta Lobo Rodríguez, Amable Vizoso Díaz, Rosa Mª García Rey, Noemí Prados Ansede e Teresa Cadahía Fernández.

As interesadas ocupan os postos de auxiliar educadora, subgrupo C2, no Fogar Infantil Emilio Romay cun complemento específico en 2017 de 10.351,30 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselles un complemento específico de 14.664,35 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II, III e VI.A. As funcións aprobadas e a titulación esixida (graduado en ESO) non xustifican a asignación dun grao superior no factor I.A, nivel de dificultade. As alegadas polas reclamantes non coinciden coas do catálogo, engadíndose outras propias do contido doutros postos de traballo. Non concorren nos postos que ocupan as interesadas as circunstancias previstas no Manual de valoración para determinar o complemento específico para asignar o grao 3 do factor II, penosidade. Tampouco concorre a “atención continua ao público” que se cita para xustificar a asignación do grao 2 do factor III de perigosidade. O máximo nivel de responsabilidade sobre os menores non corresponde os postos de auxiliar educador, a gradación no factor VI.A reflecte axeitadamente a diferente responsabilidade que sobre os menores asumen os diferentes postos do Fogar, clasificados pola titulación esixida para o ingreso nas prazas correspondentes, titor/a (técnico superior en educación infantil), educador/a B (técnico superior en educación infantil), educador/a (diplomado ou graduado universitario).

10.- Saleta Alonso Barreiro, Paula Mª Aguete Suárez:

As interesadas ocupan os postos de auxiliar educadora, subgrupo C2, no Fogar Infantil Emilio Romay cun complemento específico en 2017 de 10.351,30 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselles un complemento específico de 14.664,35 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, e VI.A. Segundo resulta do catálogo de funcións aprobado polo Pleno as funcións dos postos de educador A2 (diplomado ou graduado universitario) e auxiliar educador C2 (graduado en ESO) non son as mesmas, polo que non é posible a equiparación solicitada nos subfactores I.A, nivel de dificultade e VI.A, responsabilidade xeral. Non concorren no posto de auxiliar educador as circunstancias previstas para a asignación de graos superiores no factor III de perigosidade.

11.- Elena Teijeiro López:

A interesada ocupa o posto de auxiliar educadora, subgrupo C2, no Fogar Infantil Emilio Romay cun complemento específico en 2017 de 10.351,30 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 14.664,35 euros.

Manifesta a súa desconformidade co grao asignado ao factor I.A.

As funcións que se citan para xustificar a asignación dun grao superior no factor I.A, dificultade técnica non coinciden coas do catálogo, engadíndose outras propias do contido doutros postos de traballo.

12.- Josefa LLago Vizoso, Amalia Llago Vizoso, Dolores Lamas Hermida, Lucía López Castro, Aurelia Piñeiro Calleja, M^a Dolores Hermida Piñón, Laura Cartamil García, Rebeca Leiro Lesta, María Luz Roca Barro e Luisa Villar Rouco:

As interesadas ocupan os postos de auxiliar educadora, subgrupo C2, no Centro de día de menores de Ferrol, cun complemento específico en 2017 de 8.258,51 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselles un complemento específico de 13.078,35 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores II, III e VI.B.

As funcións que se citan para xustificar a asignación dun grao superior nos factores dificultade técnica e responsabilidade xeral non coinciden coas do catálogo, polo que non poder terse en conta. Non concorren no posto que ocupa a interesada as circunstancias previstas no Manual de valoración para determinar o complemento específico para asignar o grao 3 do factor II, penosidade nin o grao 2 no factor III de perigosidade. O que os usuarios do servizo sexan orixinarios dos diferentes concellos da provincia non basta para considerar procedente a asignación do grao 3 do subfactor VI.B, tal como este se define no manual de valoración.

13.- María Isabel García Rey:

A interesada ocupa o posto de auxiliar educadora nocturna, subgrupo C2, no Fogar Infantil Emilio Romay cun complemento específico en 2017 de 13.021,64 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 16.250,35 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores IV.B e VI.A.

Non se aprecia a existencia de "situacións conflictivas habituais que poden supoñer risco" no seu posto de traballo. O grao 2 do subfactor IV.B contémplase para postos suxeitos a dispoñibilidade flexible con localización, suposto de feito distinto do que refire a interesada consistente en cambios das quendas asignadas inicialmente provocadas por ausencias doutros empregados. O máximo nivel de responsabilidade sobre os menores non corresponde aos postos de auxiliar educador, a gradación no factor VI.A reflecte axeitadamente a diferente responsabilidade que sobre os menores asumen os diferentes postos do Fogar, clasificados pola titulación esixida para o ingreso nas prazas correspondentes.

14.- Isabel Pandiella Faraldo, Noa Fernández Añón, María Dolores de Dios Carrera, Francisco de Felipe Ares e Francisco José Cardesín Berrocal:

Os/as interesados/as ocupan os postos de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas, subgrupo A2, cun complemento específico en 2017 de 25.218,81 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselles un complemento específico de 26.083,65 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, III, VI.A e VI.B.

Como os propios recorrentes afirman nos seus escritos a valoración de postos de traballo foi dirixida a definir o complemento específico dos postos de traballo da Deputación provincial, resultando da dita valoración un incremento no complemento específico dos postos que ocupan.

Os labores de dirección técnica ou administrativa a que se refire a descripción do grao 7 do subfactor I.A, dificultade técnica, son as que se desenvolven no ámbito da estrutura organizativa provincial. A dirección de obras é unha tarefa propia dos postos que ocupan os interesados e deriva directamente dos estudos requeridos para o seu ingreso na función pública, e non da súa eventual posición no organigrama provincial. O traballo ocasional en zona de obras non leva de seu que as condicións nas que se desenvolve o dito traballo sexa a intemperie. Segundo o dicionario da RAE intemperie e “a cielo descubierto, sin techo ni otro reparo alguno”, o que sen dúbida pode afirmarse respecto dos operarios que desenvolven a súa actividade a pé de obra. Pretender que as visitas que poidan realizar os enxeñeiros as obras se desenvolven nas mesmas condicións é esaxerado: é habitual atopar instalacións provisionais que fan as veces de oficinas e que permiten, sen dúbida, atender a boa parte das cuestións obxecto da visita; a marxe temporal para levalas a cabo é amplo, de xeito que pode escollerse o momento mais axeitado; dado que a súa visita non leva de seu actividade manual algunha e perfectamente posible ampararse da choiva ou da friaxe que eventualmente poidan atopar con roupas e outros elementos ao efecto. Resulta sen dúbida forzado pretender que os labores se desenvolven á intemperie.

Resulta evidente que as consultas que poidan realizar os cargos electos e o persoal eventual (que ten a condición de empregado público) non teñen encaixe no factor de atención continua o público. A nota de atención continua ao público só se contempla para aqueles postos nos que esa atención supón a parte mais relevante da xornada. As circunstancias que os propios recorrentes cualifican como anómalas non poden xustificar un maior grao no factor de penosidade dado o seu carácter excepcional.

O grao 3 do factor de perigosidade refírese a postos que desenvolven a súa actividade en zona de obras, a totalidade da súa actividade.

Considérase que o grao 7 do factor VI.A reflecte adecuadamente a responsabilidade derivada das tarefas propias dos postos que desempeñan os interesados, tendo en conta que os postos superiores do Servizo de Vías e Obras teñen asignado ou ben o mesmo grao ca eles (como é o caso dos enxeñeiros de camiños, canles e obras) ou ben o grao inmediatamente superior (o caso do xefe do servizo). O mesmo pode dicirse respecto do subfactor VI.B, responsabilidade sobre a asistencia a municipios.

15.- Patricia de la Fuente Martínez:

A interesada ocupa o posto de auxiliar educadora, subgrupo C2, no Fogar Infantil Emilio Romay cun complemento específico en 2017 de 10.351,30 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 14.664,35 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II e VI.A.

A gradación asignada nos factores I.A e VI.A reflecten axeitadamente o nivel de dificultade e de responsabilidade do posto de traballo de auxiliar educador que desempeña a recorrente. Non concorren no posto que ocupa a interesada as circunstancias previstas no Manual de valoración para determinar o complemento específico para asignar o grao II no factor de perigosidade.

16.- Marcos Edreira Echegaray e M^a Teresa Seoane Sánchez:

Os/as interesados/as ocupan o posto de auxiliar educadora nocturno/a, subgrupo C2, no Fogar Infantil Emilio Romay cun complemento específico en 2017 de 13.021,64 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 16.250,35 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores II, IV.B e VI.A.

As funcións que se citan para xustificar a asignación dun grao superior no factor dificultade técnica non coinciden coas do catálogo, engadíndose outras propias do contido doutros postos de traballo. Non concorren nos postos que ocupan as interesadas as circunstancias previstas no Manual de valoración para determinar o complemento específico para asignar o grao 3 do factor II, penosidade. Tampouco concorre a “atención continua ao público” que se cita para xustificar a asignación do grao 2 do factor de perigo. O grao 2 do subfactor IV.B contémplase para postos suxeitos a disponibilidade flexible con localización, suposto de feito distinto do que refire a interesada consistente en cambios das quendas asignadas inicialmente provocadas por ausencias doutros empregados. O máximo nivel de responsabilidade sobre os menores non corresponde os postos de auxiliar educador, a gradación no factor VI.A reflecte axeitadamente a diferente responsabilidade que sobre os menores asumen os diferentes postos do Fogar, clasificados pola titulación esixida para o ingreso nas prazas correspondentes.

17.- José Eduardo Zapata Roel, Bernardo Picado Riveira, M^a Dolores García Nieto, Alfonso Javier Fernández Ávila, Montserrat Cela González, Andrés Couso Gómez, Elías Ledo Fernández, José Antonio Corral Vilela, Renato Hermida García, Javier Vázquez Veleiro, María de la Fe López Romero, Ofelia Martínez Martínez e Isabel Vázquez Quintá:

Os/as interesados/as ocupan o posto de oficial 2^a de recadación, subgrupo C1, cun complemento específico en 2017 de 13.060,05 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 19.503,94 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, I.B, II, III e VI.

Non se considera que as tarefas relacionadas polos interesados nin a titulación esixida para o seu desempeño (bacharelato superior) xustifiquen a asignación do grao 5 do subfactor I.A, nivel de dificultade. Respecto do alegado para a concesión dun maior grao no subfactor I.B debe rexeitarse, pois a diversidade das tarefas do posto non basta para apreciar a transversalidade funcional tal como esta se concibe no manual de valoración. Tampouco as tarefas que se citan parecen suficientes para xustificar o “Nivel moi alto de fatiga psíquica”, nin a disponibilidade diaria para conducir significa que a “conducción forma parte do traballo diario”, polo que se mantén a gradación dos factores II e III. Igualmente desestímanse as alegacións efectuadas en relación co factor VI, pois as tarefas que mencionan os interesados non requieren da alta especialización e elevada intensidade que se citan. A mención aos grupos ou subgrupos de titulación das prazas que poidan acceder os postos ou as escalas de procedencia destas non xustifican tampouco a pretendida especialización técnica superior. As diferenzas no réxime xurídico dos tributos ponse de manifesto especialmente no que se refire á súa liquidación, o que explica a especialización que se precisa no ámbito da xestión tributaria destes, e que non se corresponde co ámbito recadatorio. O alto número de atencións continuas e diárias xa se tivo en conta ao asignar o grao 2 no factor de penosidade.

18.- Encarnación Carro Faraldo, Benito Freijido Villanueva, Carmen Morales Rega, Fernando Nieto Sesar e Alfonso Vilela Camino:

Os/as interesados/as ocupan o posto de oficial 1^a de recadación, subgrupo C1, cun complemento específico en 2017 de 13.252,57 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 20.113,94 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, I.B, II, III e VI.

Non se considera que as tarefas relacionadas polos interesados nin a titulación esixida para o seu desempeño (bacharelato superior) xustifiquen a asignación do grao 6 do subfactor I.A. Respecto do alegado para a concesión dun maior grao no subfactor I.B debe rexeitarse, pois a diversidade das tarefas do posto non basta para apreciar a transversalidade funcional tal como esta se concibe no manual de valoración. Tampouco as tarefas que se citan parecen suficientes para xustificar o “Nivel moi alto de fatiga psíquica”, nin a dispoñibilidade diaria para conducir significa que a “conducción forma parte do traballo diario”, polo que se mantén a gradación dos factores II e III. Igualmente desestímanse as alegacións efectuadas en relación co factor VI, pois as tarefas que mencionan os interesados non requieren da alta especialización e elevada intensidade que se citan. A mención aos grupos ou subgrupos de titulación das prazas que poidan acceder os postos ou as escalas de procedencia destas non xustifican tampouco a pretendida especialización técnica superior. As diferenzas no réxime xurídico dos tributos ponse de manifesto especialmente no que se refire a súa liquidación, o que explica a especialización que se precisa no ámbito da xestión tributaria destes, e que non ten correspondencia no ámbito recadatorio. O alto número de atencións continuas e diárias xa se tivo en conta ao asignar o grao 2 no factor de penosidade.

19.- Eva María Morales Rubianes e José Francisco Pérez López:

Os/as interesados/as ocupan o posto de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, cun complemento específico en 2017 de 6.492,18 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 13.965,10 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II, III e VI. Non se considera que as tarefas relacionadas polos interesados nin a titulación esixida para o seu desempeño (bacharelato superior) xustifiquen a asignación do grao 5 do subfactor I.A, nivel de dificultade. Tampouco as tarefas que se citan parecen suficientes para xustificar o “Nivel moi alto de fatiga psíquica”, nin a dispoñibilidade diaria para conducir significa que a “conducción forma parte do traballo diario”, polo que se mantén a gradación dos factores II e III. Como xa figura na contestación ás alegacións feitas polos agora recorrentes fronte a aprobación inicial do acordo que se impugna, a diferente gradación nos factores de dedicación e incompatibilidade que se asigna aos postos de administrativo e oficial de recadación ten a súa orixe nas diferentes funcións dun e outro posto, segundo resulta do catálogo de funcións aprobadas polo pleno da Deputación. Non se considera xustificada a petición de incremento nun grao no subfactor VI.A, o control de prescripción de valores non pode considerarse específico dos postos que ocupan, e as circunstancias do traballo nas oficinas auxiliares non teñen encaixe neste factor. Igualmente desestímanse as alegacións efectuadas en relación co subfactor VI.B, pois as tarefas que mencionan os interesados non requieren da especialización e intensidade que se citan. As diferenzas no réxime xurídico dos tributos ponse de manifesto especialmente no que se refire a súa liquidación, o que explica a especialización que se precisa no ámbito da xestión tributaria destes, e que non ten correspondencia no ámbito recadatorio. O alto número de atencións continuas e diárias xa se tivo en conta ao asignar o grao 2 no factor de penosidade.

20.- Rogelio Calvo Vázquez:

O interesado ocupa o posto de oficial maior de recadación, subgrupo C1, cun complemento específico en 2017 de 16.100,99 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 21.870,74 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, I.B, II, III e VI. A utilización eficaz e eficiente dos recursos humanos ten encaixe coa previsión contemplada na descripción do grao 5 do subfactor I.A, nivel de dificultade, de "...funcións de coordinación de equipos pequenos de traballo, con habilidades de organización e control..." e coa titulación esixida para o desempeño do posto de traballo (bacharelato superior). A condición de empregado público leva consigo a actualización permanente dos coñecementos técnicos. Respecto do alegado para a concesión dun maior grao no subfactor I.B debe rexitarse, pois a diversidade das tarefas do posto non basta para apreciar a transversalidade funcional tal como esta se concibe no manual de valoración. Considérase que o grao asignado no factor II de penosidade reflicte adequadamente o nivel de fatiga que poida derivarse da atención ao público. Respecto ao factor III de perigosidade debe dicirse que o grao 2 asíngrase precisamente tanto en atención ao risco que puidese derivarse de situacións conflitivas derivadas da atención ao público como da condución habitual de vehículos. As tarefas de coordinación que cita o interesado en relación co subfactor VI.A contémplanse no grao 5 que é o asignado ao posto de oficial maior de recadación, debendo terse moi presente á hora de valorar a responsabilidade dos postos a existencia do posto de recadador na zona 3, na que desenvolve as súas funcións o recorrente. Igualmente desestímanse as alegacións efectuadas en relación co factor VI.B, pois as tarefas que menciona o interesado non requieren da alta especialización e elevada intensidade pretendida.

21.- Benito José López García:

O interesado ocupa o posto de técnico de xestión de administración xeral, subgrupo A2, cun complemento específico en 2017 de 7.899,33 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 14.753,70 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores IV.A e IV.B. As tarefas que cita o recorrente competen á unidade na que se integra o seu posto de traballo, e non son específicas del, polo que as especiais circunstancias que alega no seu escrito de recurso teñen mais que ver coa organización do traballo na citada unidade que co contido do seu posto de traballo. Os graos asignados aos factores IV.A e IV.B son os correctos e de feito o reclamante ten concedida a flexibilidade horaria por conciliación.

22.- Julia López Cobelo:

A interesada ocupa o posto de Administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, cun complemento específico en 2017 de 6.492,18 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 12.338,10 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II e VI.B. O posto que ocupa a recorrente ten asignado o mesmo grao no subfactor I.A que os restantes postos de administrativo do Servizo de Xestión de Plans, e tampouco as tarefas que relaciona encaixan coa "...realización de propostas de resolución de problemas de moderada complexidade...", polo que debe rexitarse este motivo de oposición. Polo que se refire o factor II a nota de atención continua ao público só se contempla para aqueles postos nos que esa atención supón a parte mais relevante da xornada. Non se considera que concorra no posto de traballo que desempeña a

interesada a especialización técnica que esixe o manual de valoración para a concesión do grao 4 no subfactor VI.B.

23.- Carmen Leal García:

A interesada ocupa o posto de cociñeira, subgrupo C2, no Centro de día de menores de Ferrol, cun complemento específico en 2017 de 9.708,02 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 14.705,10 euros. Manifesta a súa desconformidade co grao asignado ao factor VI.B.

As funcións que se citan para xustificar a asignación dun grao superior no factor dificultade técnica non coinciden coas do catálogo, polo que non pode terse en conta. O que os usuarios do servizo sexan orixinarios dos diferentes concellos da provincia non basta para considerar procedente a asignación do grao 3 do subfactor VI.B, tal como este se define no manual de valoración.

24.- José Juan Santos Iglesias e Juan Carlos Pedreira Sánchez:

O interesado ocupa o posto de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, cun complemento específico en 2017 de 9.450,37 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 13.786,00 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II, III, VI.A e VI.B.

As funcións que relacionan os recorrentes nos seus escritos son as propias das oficinas de asistencia en materia de rexistros e polo tanto van referidas á totalidade da unidade administrativa na que se integran os seus postos de traballo e non só a estes. Debe terse presente que a administración electrónica afecta á totalidade da organización administrativa e non só as oficinas de rexistro, ademais de que segundo a disposición final séptima da Lei 39/2015 as previsións relativas ó rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico producirán efectos a partir do día 2 de outubro do 2020. A continuación os recorrentes limítanse a transcribir o literal do manual de valoración na descripción dos graos cuxa asignación pretende nos factores ou subfactores I.A, II, III, VI.A e VI.B., polo que os recursos deben rexeitarse.

25.- Roberto Carlos Vidal Pazos:

O interesado ocupa o posto de ATS/DUE de empresa, subgrupo A2, cun complemento específico en 2017 de 7.899,33 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 15.859,95 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, III e VI.B.

As actividades preventivas relativas a medicina do traballo atópanse externalizadas en boa medida, e so en parte son assumidas polos empregados da unidade de prevención de riscos da Deputación. Este feito é determinante para valorar a gradación dos factores I.A, de dificultade técnica e VI, responsabilidade. É salientable que só o posto de xefatura de Sección da Organización da Prevención de Riscos Laborais ten un grao superior ao do recorrente no subfactor de dificultade técnica. En canto ao factor III, perigosidade, a utilización habitual de pequena maquinaria tense en conta na medida na que poida xerar risco, o que non parece o caso nos equipos que cita o recorrente. Considérase que o risco químico ou biolóxico, de estar presente, tería carácter ocasional.

No que se refire ao factor IV.B, dispoñibilidade, a xornada ordinaria ofrece marxe razonable para as tarefas que cita o alegante.

26.- Eduardo Rey Martínez:

O interesado ocupa o posto de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, cun complemento específico en 2017 de 6.492,18 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 12.338,10 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A e VI.B.

En relación co subfactor I.A as tarefas que relaciona o recorrente poden subsumirse nas funcións do posto que desempeña, polo que non se considera que proceda a asignación dun grao superior no subfactor I.A. A descripción de tarefas do posto de traballo desempeñado polo interesado exclúe a nota de atención continua ao contribuínte, que só se contempla para aqueles postos da Tesourería nos que esa atención supón a parte mais relevante da xornada. Non é posible vincular o traslado de documentación co nivel alto de fatiga psíquica que menciona o recorrente. As tarefas relativas as fianzas non exceden das que corresponden ó posto que ocupa, e son propias da Sección Central de Tesourería e non só do posto do recorrente. As tarefas que relaciona tampouco xustifican o incremento pretendido no grao asignado ó subfactor VI.B.

27.- Iván Sánchez Valiño:

O interesado ocupa o posto de enxeñeiro técnico en topografía, subgrupo A2, cun complemento específico en 2017 de 18.889,44 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 21.382,65 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.B e VI.A.

É habitual que a tramitación dun procedemento administrativo afecte a varias unidades da estrutura organizativa provincial, o que supón, como é obvio, a colaboración entre elas. O mesmo pode dicirse en relación co persoal dos concellos ao que a Deputación presta os seus servizos. Esa colaboración non se axusta á concepción que da transversalidade funcional fai o manual de valoración, como elemento que permite que as persoas desempeñen a súa actividade en "distintos ámbitos da organización para poder cubrir os picos de traballo xerados polas demandas dos municipios e da ciudadanía". Non concorre a nota de habitualidade que xustificaría os graos pretendidos nos factores penosidade e perigo. Os postos de auxiliar técnico en topografía teñen asignado o mesmo grao no factor de penosidade. Polo que atinxe ó subfactor VI.A, reitérase o dito na contestación ás alegacións que formulou o agora recorrente unha vez aprobado inicialmente o acordo plenario obxecto do recurso, isto é, que as funcións que, segundo entende o interesado, xustificarían a asignación do grao 6, non están incluídas no catálogo de funcións, o que en ningún momento debe entenderse no sentido de que, de levarse a cabo esas funcións, xustificaría un incremento no grao do subfactor VI.A.

28.- Gloria Rouco Llanderrozas

A interesada ocupa o posto de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, no IES Calvo Sotelo, cun complemento específico en 2017 de 6.589,15 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 11.069,30 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores II e IV.A.

A nota de atención continua ao público só se contempla para aqueles postos nos que esa atención supón a parte mais relevante da xornada. Como no resto dos postos de traballo o disfrute das vacacións ha de ter en conta as necesidades do servizo. Non

está limitada a posibilidade de flexibilidade horaria e conciliación no posto que ocupa a recorrente.

29.- Cristina Fernández Cabarcos:

A interesada ocupa o posto de educadora, subgrupo A2, no Centro de día de menores de Ferrol, cun complemento específico en 2017 de 7.899,33 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 16.307,45 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, I.B, VI.A e VI.B.

Na relación de postos de traballo aprobada inicialmente por acordo plenario do 21/11/2018, e no posto (1.1.169.1) que ocupa a recorrente, só figura na columna observacións a de "xornada especial". No mesmo acordo dise que as tarefas relativas ao anticipo de caixa fixa, que viña realizando habitualmente o persoal administrativo do Centro de Menores de Ferrol, e dada a súa natureza eminentemente burocrática, se sigan encomendando ao posto de traballo de administrativo. A descripción do grao 5 do subfactor I.A acolle sen dúbida funcións cuxa correcta execución require estudos universitarios. A expresión "estudos universitarios superiores" só aparece na descripción do grao 6, e non nos graos superiores cuxa elevada dificultade técnica non deixan lugar a dúbidas acerca da formación necesaria para o seu desempeño. Un repaso aos postos con grao 5 no subfactor I.A arroxa como resultado que praticamente todos eles están configurados para ser desempeñados por funcionarios do subgrupo A2, aos que só se pode acceder se se está en posesión de título universitario. Respecto do alegado para a concesión dun maior grao no subfactor I.B debe rexeitarse, pois a coordinación do persoal auxiliar educativo non basta para apreciar a transversalidade funcional tal como esta se concibe no manual de valoración. A especial xornada de traballo do posto, cun horario de 10.30 a 18.00, supón unha franxa horaria na que normalmente se levarán a cabo as reunións con familias e institucións que cita a alegante, polo que a dedicación ordinaria é a adecuada para o posto de traballo da interesada. No que respecta ao factor VI.A, a responsabilidade sobre menores inclúese de forma expresa no grao 5 do factor, polo que non existe o erro alegado. Debe desestimarse tamén a alegación efectuada en relación co factor VI.B xa que a emisión de informes ven imposta pola lexislación de protección de menores, sen prexuízo de que se dea traslado destes aos municipios de procedencia dos menores. O grao 2 asignado ao posto neste factor xa contempla a cooperación con outras entidades locais da provincia.

30.- María Nieves Maneiro León:

A interesada ocupa o posto de educadora, subgrupo A2, no Centro de día de menores de Ferrol, cun complemento específico en 2017 de 10.031,19 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 17.576,25 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, I.B, VI.A e VI.B.

No acordo plenario do 21/11/2018 dise que as tarefas relativas ao anticipo de caixa fixa, que viña realizando habitualmente o persoal administrativo do Centro de Menores de Ferrol, e dada a súa natureza eminentemente burocrática, sigan encomendándose ao posto de traballo de administrativo. A descripción do grao 5 do subfactor I.A acolle sen dúbida funcións cuxa correcta execución require estudos universitarios. A expresión "estudos universitarios superiores" só aparece na descripción do grao 6, e non nos graos superiores cuxa elevada dificultade técnica non

deixan lugar a dúbidas acerca da formación necesaria para o seu desempeño. Un repaso aos postos con grao 5 no subfactor I.A arroxa como resultado que praticamente todos eles están configurados para ser desempeñados por funcionarios do subgrupo A2, aos que só se pode acceder se se está en posesión de título universitario. Respecto do alegado para a concesión dun maior grao no subfactor I.B debe rexeitarse, pois a coordinación do persoal auxiliar educativo non basta para apreciar a transversalidade funcional tal como esta se concibe no manual de valoración. A xornada asignada ao posto da recorrente parece suficiente para atender as familias e institucións das que fala a interesada, polo que a dedicación ordinaria é a adecuada para o seu posto de traballo. No que respecta ao factor VI.A, a responsabilidade sobre menores inclúese de forma expresa no grao 5 do factor, polo que non existe o erro alegado. Debe desestimarse tamén a alegación efectuada en relación co factor VI.B xa que a emisión de informes ven imposta pola lexislación de protección de menores, sen prexuízo de que se de traslado destes aos municipios de procedencia dos menores. O grao 2 asignado ao posto neste factor xa contempla a cooperación con outras entidades locais da provincia.

31.- Alberto Cadaveira Mahia:

O interesado ocupa o posto de administrativo de administración xeral, subgrupo C1, no Servizo de Organización, cun complemento específico en 2017 de 6.492,18 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 12.338,10 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II e VI.B. As tarefas que cita o recorrente para xustificar o incremento na gradación do subfactor I.A poden entenderse subsumidas nas funcións do posto, polo que debe desestimarse o motivo de oposición. Polo que se refire ao factor II a nota de atención continua ao público só se contempla para aqueles postos nos que esa atención supón a parte mais relevante da xornada. As tarefas derivadas da tramitación do plan agrupado encaixan coa descripción do grao 3 do subfactor VI.B.

32.- Silvia Sarasola Muñiz:

A interesada ocupa o posto de administrativa de administración xeral, subgrupo C1, no Fogar Infantil Emilio Romay, cun complemento específico en 2017 de 7.402,33 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 13.192,10 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A e VI.A. A complexidade e nivel de aprendizaxe que supoñen as funcións do posto correspóndense coa definición do grao 3 do subfactor I.A. Respecto da responsabilidade xeral non poden desprenderse das tarefas que cita a recorrente as notas de especialización técnica superior ou por coordinación básica que xustificaría a asignación do grao 4.

33.- Luisa Lista Ameneiro:

A interesada ocupa o posto de técnica de xestión de proxectos, subgrupo A1, no Servizo de desenvolvemento territorial e medio ambiente, cun complemento específico en 2017 de 8.730,22 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 17.364,55 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, I.B, IV.B, VI.A e VI.B.

O posto que ocupa a recorrente é o de técnico de xestión de proxectos (1.1.70.2), non existindo na relación de postos de traballo o de técnico/a de proxectos coordinador/a que cita no seu escrito. Entre as funcións que poden corresponder a un posto de técnico de xestión de proxectos atópase a de “Dirixir, supervisar e coordinar a actuación dous técnicos de xestión de proxectos”, función que se atopa asignada ao posto concreto da ocupante, como se obtén da mención da coordinación na columna de observacións da RPT. As tarefas que relaciona a recorrente poden subsumirse nas funcións incluídas no catálogo aprobado polo Pleno da Corporación, polo que debe rexitarse a pretensión da interesada de incrementar a gradación dos subfactores I.A, I.B, IV.B, VI.A e VI.B.

34.- José Luis Souto Zas e Sabela Cabado González:

Os/as interesados/as ocupan o posto de analista programador/a, subgrupo C1/B, cun complemento específico en 2017 de 9.935,71 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 14.582,90 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II, e VI.B. As propostas de resolución de problemas de moderada complexidade que contempla o grao 4 do subfactor I.A, que é o asignado aos postos dos recorrentes, poden consistir precisamente na elaboración de estudos, informes, ditames e propostas a que se refiren no seu escrito. Tampouco nos graos superiores do subfactor I.A faise mención expresa as funcións de estudio ou de emisión de informes, e non pode descoñecerse que tales labores forman parte do traballo dos postos que contan cunha gradación elevada nese subfactor. A insuficiencia dos procedementos normalizados a que fan referencia os interesados, presentes nos graos inferiores deste subfactor, leva precisamente a asignarles un grao que reflícte o carácter moderadamente complexo dos labores que mencionan no seu escrito.

Polo que atinxo ao factor de penosidade non se pode considerar que a atención aos usuarios do CAU leve consigo a atención continua ao público. Debe recordarse tamén que as asistencias técnicas aos concellos son resoltas polas diferentes unidades administrativas da estrutura provincial, e non só polo CAU. A manipulación de equipos informáticos non xustifica o pretendido incremento na gradación do factor.

A asistencia/cooperación *in situ* valórarse no subfactor VI.B e está expresamente prevista no grao 5, que é o que teñen asignado os postos dos recorrentes.

Conectar equipos informáticos a rede eléctrica non pode considerarse unha actividade de risco. Nos casos que citan os recorrentes (tomas eléctricas forzadas e desprazadas) debe intervir previamente o persoal do Servizo de Arquitectura e Mantemento.

35.- Rosa María Ferreiro Seijo e Enriqueta María Mosquera Pérez:

As interesadas ocupan os postos de secretaria do secretario xeral e secretaria do interventor, respectivamente, subgrupo C1, cun complemento específico en 2017 de 12.643,00 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 16.583,66 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.B.

A descripción dos postos a que fan referencia as recorrentes nos seus escritos non é idéntica, como se obtén do catálogo de funcións aprobado polo Pleno, e consecuentemente non o pode ser tampouco a gradación dos diversos factores que inciden na cuantificación do complemento específico.

36.- María Suárez Fernández:

A interesada ocupa o posto de xefatura de Sección de Plans Provinciais, subgrupo A1/A2, no Servizo de Xestión de Plans, cun complemento específico en 2017 de 14.434,64 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 23.936,45 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II, IV.A, IV.B, V, VI.A e VI.B.

As circunstancias que cita, no caso de concorrer, irían referidas á totalidade do Servizo de Xestión de Plans, e a súa eventual existencia non levaría en ningún caso a solucións individuais como a proposta pola recorrente. No que se refire o exceso de saldo horario alegado pola interesada (circunstancia frecuente entre o conxunto dos empregados da Deputación) é, en todo caso, unha cuestión de organización interna dos recursos e tarefas do respectivo servizo, que vai mais alá da solución que propón a interesada centrada exclusivamente no seu posto de traballo. En definitiva, rexítase o recurso por considerar que a valoración do posto é a axeitada.

37.- María Dolores Pita da Veiga Vázquez:

A interesada ocupa o posto de enxeñeira técnica agrícola, subgrupo A2, no Servizo de Arquitectura e Mantemento, cun complemento específico en 2017 de 9.812,61 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 17.397,15 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, VI.A e VI.B. Os labores que cita a recorrente para xustificar unha maior gradación nos factores I.A, VI.A e VI.B ou non figuran como funcións no catálogo aprobado polo Pleno corporativo ou son tarefas que poden subsumirse nas incluídas nel, polo que non poden xustificar a modificación pretendida.

38.- María Carro Calvo:

A interesada ocupa o posto de educadora, subgrupo A2, no Fogar Infantil Emilio Romay, cun complemento específico en 2017 de 10.031,19 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 18.348,75 euros.

Manifesta a súa desconformidade coas funcións asignadas a algúns postos de traballo do centro.

A tarefa dos titores lévase a cabo seguindo as directrices da Comisión Técnica, composta pola directora do centro, psicóloga e traballadora social, e á que lle corresponde deseñar, avaliar e modificar os programas específicos que se desenvolven no centro, cuxo desenvolvemento transversal se fai operativo no Proxecto socioeducativo do centro e nos proxectos educativos individuais, supervisando a aplicación dos programas específicos do centro tanto nun coma nos outros. Debe mencionarse igualmente á Comisión educativa (con presenza de persoal con titulación universitaria tamén) que elabora o proxecto socioeducativo do centro e elabora e avalia os instrumentos para o desenvolvemento da intervención educativa (PEI). A esta Comisión correspónnelle supervisar a aplicación dos proxectos educativos individualizados e a súa adecuación ao proxecto socioeducativo do centro. Doutra banda, en ningún momento cuestiona a interesada que as funcións que se atribúen aos educadores non poidan formar parte do contido do seu posto de traballo, debendo igualmente sinalarse que o grupo ou subgrupo de titulación no que se encadra a praza non determina a relación xerárquica, no seu caso, dos postos de traballo.

39.- M. Carmen Díaz Sanesteban:

A interesada ocupa o posto de directora, subgrupo A1, no Fogar Infantil Emilio Romay, cun complemento específico en 2017 de 20.566,64 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 27.596,45 euros. Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, II, III, VI.A e VI.B.

As funcións incluídas no Regulamento de funcionamento e organización do FIER que cita a recorrente (coordinar as áreas técnica e educativa e programar e coordinar as melloras e actividades que vaian encamiñadas ao bo funcionamento do centro e a mellorar a calidade do servizo que presta o fogar) localízanse nas relacionadas no catálogo, concretamente nas de “favorecer o traballo en equipo, a comunicación e coordinación entre o persoal” e a de “proporlle á Deputación as melloras e actividades que vaian encamiñadas ao bo funcionamento do centro e a mellorar a calidade do servizo que presta o Fogar”. Polo que atinxe as funcións derivadas da súa condición de membro dos órganos de goberno do FIER atopámolas tamén no catálogo de funcións, en concreto na de “desempeñar a presidencia dos órganos colexiados do centro e desenvolver o seu cometido neles, conforme ao réxime xurídico previsto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Hai que ter moi presente a creación do posto de administrador no FIER na relación de postos de traballo do 2019, de xeito que asuntos como horarios, a planificación de quendas, a xestión de recursos humanos, a xestión orzamentaria, a organización do centro, que a recorrente cita para xustificar o incremento na gradación do subfactor I.A, deben quedar fóra do ámbito funcional da dirección. Por outra parte, a coordinación do persoal e dos equipos de traballo, a participación nas actividades relacionadas cos diferentes servizos, menores e familias, a permanente actualización de coñecementos que tamén cita a interesada non teñen encaixe coa definición do grao 9, cuxa asignación insta a recorrente, considerándose que o grao asignado reflicte adecuadamente a dificultade técnica do posto.

Non concorren nin o nivel moi alto de fatiga psíquica nin a atención continua ao público con situacions conflitivas habituais que poidan supoñer risco que xustificarían a modificación da asignación inicial no que se refire aos factores II e III.

As alegacións referidas o subfactor VI.A refírense, en boa medida, a dificultade do posto, que xa se valoraran no factor correspondente. As restantes non xustifican unha maior gradación no subfactor, dada a redacción no manual nese punto. As alegacións da interesada en relación co subfactor VI.B non teñen encaixe coa “supervisión en relación cos procesos de asistencia e/ou cooperación a/con outras entidades locais da provincia”.

40.- Carolina Buhigas Jack e María Jesús Aradas Couselo:

As interesadas ocupan o posto de Técnico/a de servizos sociais, subgrupo A2, cun complemento específico en 2017 de 12.014,37 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 16.177,15 euros.

Manifestan a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A, I.B e VI.A. Os labores que citan as recorrentes como “funcións empíricas do posto de traballo” constitúen en realidade as distintas tarefas que componen a función “levar a cabo a execución dos distintos programas que se desenvolven na Sección de Servizos Sociais”, e o mesmo pode dicirse respecto das que lles corresponden en relación co Fogar Infantil Emilio Romay, sen que sexa necesario que figure o detalle pormenorizado destas para a súa adecuada valoración. Considerase que a gradación

asignada no factor I.A se corresponde coa complexidade das actuacións dos postos, polo que debe desestimarse o motivo de oposición. Tampouco pode prosperar a pretensión das recorrentes referida ó subfactor I.B, pois tanto a Sección de Servizos Sociais como o FIER atópanse no mesmo ámbito da actuación administrativa, polo que non é posible apreciar o pretendido grao 3 no subfactor. As tarefas que relacionan as interesadas respecto do subfactor VI.A non xustifican o incremento na gradación. Soamente no posto de xefatura de Sección de Servizos Sociais atopamos unha gradación neste subfactor superior ao das interesadas.

41.- Mónica Seoane Mata:

A interesada ocupa o posto de técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2, na Zona recadatoria 3, cun complemento específico en 2017 de 7.899,33 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 16.380,70 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores II e VI.B.

As tarefas que relaciona a recorrente non xustifican o pretendido “nivel moi alto de fatiga psíquica”, polo que se mantén a gradación no factor II penosidade. O grao 2 do factor de perigosidade xa ten en conta as situacións conflictivas habituais que poden supoñer risco, como ocorre coa condución habitual. En relación con esta última debe terse presenta que o artigo 56 da ordenanza fiscal xeral establece que o persoal de recadación terá, entre outros deberes, o de “desprazarse a todos os lugares que sexa necesario para o cumprimento das ordes do recadador e xefe de Zona”, polo que non pode falarse dunha modificación substancial unilateral das condicións de traballo. É regra xeral na descripción dos factores incluídos no manual de valoración que se contemplan diferentes condicións en cada un dos graos, o contrario suporía unha gradación praticamente ilimitada. O que en diferentes momentos da xornada concorran unha ou outra destas condicións non xustifica a pretensión da recorrente. Igualmente desestímanse as alegacións efectuadas en relación co subfactor VI.B, pois as tarefas que menciona a interesada non requieren da especialización e intensidade que se citan. As diferenzas no réxime xurídico dos tributos ponse de manifesto especialmente no que se refire a súa liquidación, o que explica a especialización que se precisa no ámbito da xestión tributaria destes, e que non ten correspondencia no ámbito recadatorio. O alto número de atencións continuas e diárias xa se tivo en conta ao asignar o grao 2 no factor II de penosidade. É salientable que o grao 6 do factor VI.B pretendido pola recorrente so se asigna nas oficinas recadatorias os postos de recadador ou xefatura territorial de zona.

42.- Esteban González Milán:

O interesado ocupa o posto de recadador, subgrupo A1, na Zona recadatoria 3, cun complemento específico en 2017 de 22.243,99 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 28.873,54 euros.

Manifesta a súa desconformidade cos graos asignados aos factores I.A e II.

As funcións incluídas no catálogo aprobado polo Pleno corporativo e referidas ó posto de recadador son distintas das dos postos que o recorrente menciona no seu escrito de recurso, polo que non é posible a pretendida equiparación retributiva. A concorrencia da circunstancia da atención continua ao público leva de seu a asignación do grao 2 no factor II, penosidade, que é precisamente o asignado o posto de traballo do recorrente. Considerase que o grao 7 do subfactor I.A reflecte axeitadamente o nivel de dificultade do posto de recadador, á vista das funcións que lle asigna o catálogo. Como xa se di na contestación as alegacións formuladas polo

agora recorrente con ocasión da aprobación inicial da RPT derivada da valoración de postos de traballo en relación co factor de penosidade, os actos de gravame ou desfavorables para o cidadán poden proceder das más diversas áreas da actuación administrativa, non son exclusivas dos procedementos de recadación executiva, contemplándose como posible a existencia de funcións noutros postos que supoñan unha maior fatiga que a que levan consigo as do posto de Recadador. A ausencia de identidade entre as funcións do posto do interesado e os que son obxecto de comparación explica igualmente as diferenzas que se derivan do factor de responsabilidade, con asignación de diferentes graos a un e outros postos.

43.- Rodrigo Bel Díez:

O interesado ocupa o posto de técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2, no Servizo de xestión tributaria, cun complemento específico en 2017 de 7.899,33 euros e tras a valoración de postos de traballo asignóuselle un complemento específico de 14.753,70 euros.

O recorrente limítase a interpoñer o recurso de reposición “para unha correcta valoración do posto de traballo e das funcións desempeñadas dentro do grupo de técnicos de xestión tributaria (A2)”, sen efectuar alegacións que poidan servir de fundamento a súa pretensión, polo que non pode ser estimado.

Por todo iso, ACÓRDASE:

DESESTIMAR os recursos de reposición que se indican nos antecedentes de feito, interpostos contra o acordo do Pleno da Corporación do 28/09/2018 que aproba definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo do ano 2018, polos motivos que se sinalan nos fundamentos de derecho.

O presente acordo é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste escrito, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, conforme ao disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

33.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA ACHEGA NOMINATIVA E FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO CO HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, PARA COFINANCIAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios que se atopan recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 e 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de **60.000,00 €**, a favor do "**HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO**", para o cofinanciar os **GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2018**, sito en Avda.

Instruccións 981, de Montevideo (Uruguai), cuxo orzamento de gastos ascende a un equivalente de **86.500,00 €**, o que supón un coeficiente de financiamento do **69,36416%**.

3. Imputar a achega provincial á partida 0520/23132/481, do vixente orzamento.
4. Aprobar o texto do convenio administrativo que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMETO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2018

En o de de 2018

R E U N I D O S

Dunha parte, D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

E doutra parte, D. ÁNGEL IGNACIO DOMÍNGUEZ CASTRO, Presidente do *HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO*, da República Oriental do Uruguai.

Os comparecientes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

M A N I F E S T A N

O *Hogar Español de Montevideo* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender aos anciáns e desamparados de orixe español, con carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre os seus fins está asilar os anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que podan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galego, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as comunidades autónomas e as corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan afastados da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de

actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, da República Oriental do Uruguai (a beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento dos servizos prestados aos usuarios durante o ano 2018, no fogar de acollida sito en Avda. Instruccións 981, de Montevideo (Uruguai).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gas natural	36.500,00 €
Electricidade	17.000,00 €
Alimentación	8.000,00 €
Servizo de seguridade	12.500,00 €
Cueiros xeriátricos	12.500,00 €
TOTAL	86.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEM PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunha achega máxima de **60.000,00 €**, que equivale ao **69,36416 %** de coeficiente de financiamento. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten recursos axeitados e suficientes para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que os gastos xustificados non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria seguinte: Partida 0520/23132/481, por **60.000,00 €**, do orzamento xeral.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que exista no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria trámite e aprove algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha diligencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. Os gastos de funcionamento obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula PRIMEIRA, deberán estar comprendidos no período 1.01.2018 a 31.12.2018.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na lei de subvencións e na base 56^a.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta indicada pola entidade financeira na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS DEBERES TRIBUTARIOS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinara esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓNNS

1. O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadre de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116, do 22 de xuño de 2015).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1.01.2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2019.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 30.06.2019, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2019. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguído, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e cos informes previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría Xeral e da Intervención provincial.

3. Correspondrálle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo con data do de 2018.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DO HOGAR ESPAÑOL DE
MONTEVIDEO

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

ÁNGEL I. DOMÍNGUEZ CASTRO"

34.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE ADHESIÓN AO CÓDIGO DE BO GOBIERNO LOCAL APROBADO POLA FEMP.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a adhesión da Deputación Provincial da Coruña ao Código de Bo Gobierno Local da FEMP e que figura en anexo.

2.- Constituír na Deputación unha Comisión de Bo Goberno, integrada pola Xunta de Portavoces e as persoas que dirixan os servizos de Contratación e Recursos Humanos, sen prexuízo de que se poida requirir a presenza ou informe doutro persoal da deputación, de deputados/as provinciais ou de calquera outra persoa. A Comisión poderá elaborar informes sobre o grao de cumprimento do código, das incidencias advertidas na súa aplicación e das medidas que se consideren oportunas para favorecer a súa implantación efectiva. Estes informes serán públicos.

3.- Abrir unha canle específica, denominada Canle do Bo Goberno, na sede electrónica da deputación. A través dela, a Comisión de Bo Goberno poderá recibir queixas sobre posibles incumplimientos dos principios ou condutas reguladas no código. Tamén poderá recibir observacións, consultas e suxestións en relación coa súa aplicación ou adaptación. A tramitación e resposta a unha queixa poderá dar lugar a instar procedementos ou outras accións que sexan oportunas segundo a lexislación vixente."

CÓDIGO BO GOBERNO LOCAL FEMP

(Aprobado en Xunta de Goberno do 24 de marzo de 2015)

Nun contexto económico, social e político no que a cidadanía manifesta un alto grao de desconfianza respecto da política, das institucións e dos responsables públicos, faise necesario canalizar esta situación como unha oportunidade, como motor para o profundado democrático. Deste xeito, as entidades locais deben redobrar esforzos por restablecer o valor da política local e recuperar a confianza da cidadanía mediante unha intensificación e exteriorización efectiva dos valores públicos, dos estándares de conducta e da actitude ética dos cargos públicos e dos directivos locais.

No devandito contexto, a revisión do Código de bo governo (CBG) da FEMP resulta unha ferramenta adecuada para este fin, reforzada pola existencia dun novo marco xurídico integrado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo governo, as normas autonómicas na materia e a Ordenanza tipo de

transparencia, acceso á información e bo goberno da FEMP. A suxección das administracións públicas ao principio de xerarquía normativa e ao sistema de fontes establecido no noso ordenamento xurídico determinará a posición obrigacional do presente código.

Segundo a liña do CBG da FEMP aprobado no ano 2009, como unha ferramenta de introdución formal da ética no ámbito local con carácter innovador, realízase unha adaptación ao actual marco normativo e ás demandas da cidadanía.

Tras a definición dos seus ámbitos obxectivo e subxectivo, incorpóranse os principios do bo goberno local, definindo aqueles suxeitos afectados polas declaracions contidas neste e a finalidade a que obedece na súa subscrición. O contido substancial articúlase ao redor de cinco eixos: estándares de conduta para a mellora da democracia local, compromisos éticos en materia de conflitos de intereses, réxime de incompatibilidades e retribucións, relacións entre cargos electos e empregados públicos e medidas para a mellora da democracia participativa.

Ademais da determinación dos principios e estándares de actuación, así como a fixación dun marco relacional entre os niveis de goberno e administración incídese en dous aspectos. O primeiro, os compromisos en materia de conflitos de intereses, advertido o maior impacto que na dignidade e recoñecemento de lexitimidade de gobernos e administracións públicas xera nos cidadáns.

O segundo, coma un dos aspectos más novos do novo código, a irrupción, no ámbito da administración local, das tecnoloxías sociais, e en concreto das redes sociais dixitais. A súa utilización masiva por parte da cidadanía supón un desafío para os usos e costumes empregados na participación cidadá ata o momento. As administracións públicas locais deben incorporarse a este fenómeno social mediante a posta en marcha de iniciativas innovadoras que adapten a participación tal e como a coñecemos ata agora, nunha participación multicanle que aproveite as novas oportunidades de relación coa cidadanía.

A iniciativa para crear a Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá da FEMP abre, para o ámbito local, unha nova etapa que esixe dotar as entidades que se integran nela, das ferramentas e instrumentos necesarios para desenvolver adequadamente non só as súas obrigacións legais senón tamén os seus compromisos éticos coa xestión pública, en xeral, e cos cidadáns, en particular. O CBG eríxese na peza central desta estratexia que será obxecto de desenvolvemento a través dos mecanismos que se definan no seo da Rede.

Ámbito obxectivo

O Código de bo goberno ten por obxecto o establecemento dos principios para respectar no desempeño das responsabilidades políticas de goberno e administración, así como as de dirección e xestión local, fixando os compromisos que reflictan os estándares de conduta recomendados e reforzando a calidade democrática das institucións locais.

Como obxectivos específicos poden sinalarse os seguintes:

- A integración da dimensión ética no funcionamento das entidades locais.

- Incorporar as estratexias de actuación para a consecución dunha democracia real e efectiva, a través da participación cidadá e o goberno aberto.
- Definir as liñas básicas que deben presidir a xestión pública local.
- Reforzar os estándares de conduta no exercicio das responsabilidades públicas.
- Delimitar as pautas para as adecuadas relacóns entre os ámbitos de goberno e administración, normalizando as relacóns persoais internas.

Ámbito subxectivo

O presente código, na súa condición de instrumento inspirador da actuación das entidades locais e do persoal ao seu servizo, aplicarase a:

- a. Os membros das Corporacións locais, na súa condición de representantes electos, con independencia da súa integración ou non no respectivo goberno.
- b. Os membros dos órganos de goberno dos organismos autónomos, entidades públicas empresariais locais e sociedades mercantís locais, así como fundacións de natureza local.
- c. Os titulares de órganos directivos, segundo a definición da normativa en materia de réxime local e función pública.
- d. O persoal que desempeña funcións directivas e predirectivas ao servizo da administración local, entendendo por tal os que exerzan funcións de xestión ou execución de carácter superior, axustándose ás directrices xerais fixadas polo órgano de goberno da Corporación, adoptando para o efecto as decisións oportunas e dispoñendo para iso dunha marxe de autonomía, dentro das directrices xerais.
- e. Funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Para os efectos de clarificar terminoloxicamente o ámbito subxectivo no desenvolvemento do CBG as referencias aos empregados públicos incluídos nel, utilizarase a expresión “directivos públicos locais”.

Con carácter previo á asunción dun cargo público, responsabilidade política ou función executiva na organización, deberase subscribir o CBG ao que se adheriu a respectiva entidade local.

Esta delimitación non excluirá a subscrición dos seus obxectivos pola totalidade dos empregados públicos locais, suxeitos a este respecto ao código ético e de conduta recollido na normativa sobre función pública, así como a aqueles suxeitos provedores de servizos á administración local e perceptores de fondos públicos.

Principios do bo goberno local

Os suxeitos destinatarios do CBG axustarán a xestión dos intereses públicos e o desenvolvemento da democracia participativa á realización efectiva do goberno aberto e os seus principios de transparencia, participación e colaboración cidadá, como mínimo nos termos da normativa vixente en cada momento, nunha xestión orientada á ciudadanía.

Para a consecución dos devanditos obxectivos a súa actuación estará orientada ao cumprimento dos seguintes principios, absténdose de calquera conduta que sexa contraria a eles:

- a. Actuarán no desempeño das súas funcións de acordo coa Constitución, os respectivos Estatutos de autonomía e o resto do ordenamento xurídico, promoverán o respecto aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas e axustarán a súa actividade aos principios éticos e de conduta contidos no presente Código de bo governo local.
- b. O desenvolvemento dos labores de governo estará presidido polos principios de eficacia, economía, eficiencia, satisfacción do interese xeral, así como de racionalización e optimización dos recursos públicos.
- c. Respectarán o principio de imparcialidade, de modo que manteñan un criterio independente e alleo a todo interese particular, asegurando un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións.
- d. Executarán as políticas públicas conforme aos principios de publicidade, innovación, transparencia e bo servizo á ciudadanía, defendendo os intereses xerais e a xeración de valor con dedicación ao servizo público.
- e. Respectarán as obrigacións derivadas do seu cargo e, en especial, a normativa reguladora das incompatibilidades e os conflitos de intereses, os deberes de honestidade, boa fe, sixilo e discreción en relación cos datos e informes dos que teñan coñecemento por razón do cargo.
- f. Exercerán os poderes que lles atribúe a normativa vixente coa finalidade exclusiva para a que foron outorgados, evitarán toda acción que poida poñer en risco o interese público ou o patrimonio das Administracións, non se implicarán en situacións, actividades ou intereses incompatibles coas súas funcións e absteranse de intervir nos asuntos en que concorra algunha causa que poida afectar á súa obxectividade.
- g. Incorporarán á súa actuación valores como a inclusión social de colectivos más desfavorecidos, a tolerancia e o fomento da diversidade, a loita contra o cambio climático, a protección do medio ambiente ou a ordenación racional e sustentable do territorio, garantindo o principio de igualdade e equilibrio territorial no acceso aos servizos públicos.
- h. Respecto da disciplina orzamentaria e financeira, para os efectos de garantir a correcta administración dos recursos públicos.
- i. O exercicio das competencias locais establecidas no marco normativo e as capacidades de xestión asociadas, desenvolverase baixo o principio de mellor servizo cidadán, proximidade e subsidiariedade.
- j. Impulso á adopción de modelos de xestión pública que aliñen recursos a estratexia e garantan unha orientación aos resultados ante a sociedade e á xeración de valor público como máxima garantía de fortalecemento do sector público, as súas institucións e organizacións públicas.
- k. Apostar por unha dirección pública e xestión dos recursos humanos profesional como elemento clave dun adecuado funcionamento da administración pública.

Estándares de conduta para a mellora da democracia local

A aplicación práctica do carácter democrático das entidades locais esixe o seu reflexo na actuación por parte dos seus membros, axustarán o desempeño das responsabilidades públicas ás seguintes liñas de conduta:

1. Asumirán a responsabilidade en todo momento das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen, sen derivala cara aos seus subordinados sen causa obxectiva e sen prexuízo doutras que fosen esixibles legalmente.
2. Fomentarán os valores cívicos e utilizarán un ton respectuoso, esmerado e deferente nas súas intervencións e no trato cos cidadáns.
3. Todos os membros da Corporación, tanto os integrantes no goberno coma os que formen parte da oposición deberán basear a súa actuación na lealdade institucional, información e transparencia, colaborando na definición dos obxectivos estratéxicos e procurando alcanzar consensos nos asuntos de maior relevancia.
4. A toma de decisións perseguirá a satisfacción dos intereses xerais e fundamentarase en consideracións obxectivas orientadas cara ao interese común e o trato igual e non discriminatorio.
5. Responderán fronte aos cidadáns durante todo o seu mandato, atendendo diligentemente a calquera solicitude de información relativa ao desempeño das súas funcións, os motivos da súa actuación, ou o funcionamento dos servizos e departamentos dos que son responsables.
6. Garantirán que a xestión pública teña un enfoque centrado na cidadanía cun compromiso de mellora continua na calidade da información, a atención e os servizos prestados.
7. Potenciarán os instrumentos necesarios para garantir a participación e cooperación cidadá no deseño das políticas públicas e na súa avaliación.
8. Impulsarán a implantación dunha administración receptiva e accesible, mediante a utilización dunha linguaxe administrativa clara e comprensible para todas as persoas, a simplificación, a eliminación de trabas burocráticas, e axilización dos procedementos, o acceso electrónico aos servizos e a mellora da calidade das normas e regulacións.
9. Os cargos electos respectarán a vontade da cidadanía e actuarán con lealdade política, comprometéndose a asumir o Código de conduta política en relación co transfugismo nas corporacións locais.
10. Con motivo dos desprazamentos derivados do exercicio das funcións propias de cargo, utilizarán o medio de transporte adecuado co este obxecto, tendo sempre en conta as necesidades da Corporación e a mellor relación en canto ao custo.
11. Facilitarán as actuacións de control e supervisión que as autoridades internas ou externas competentes adopten, absténdose de obstaculizar a execución de calquera medida de supervisión que as autoridades internas ou externas relevantes puidesen decidir tomar coa debida xustificación e transparencia.
12. Responderán diligentemente as solicitudes de información formuladas polos medios de comunicación en relación co desempeño das súas funcións, absténdose, pola contra, de fornecer calquera dato confidencial ou información suxeita a protección de datos de carácter persoal e articularán medidas que fomenten a cobertura por parte dos medios de comunicación do desempeño das súas funcións e o funcionamento dos servizos e departamentos ao seu cargo.
13. Promoverán a transformación da administración local mediante o desenvolvemento da xestión desde a óptica da innovación e a calidade, simplificación e redución de cargas administrativas, garantindo a definitiva implantación da administración electrónica.

14. Fomentarase a creación de instrumentos de control e seguimento da contratación pública para garantírles aos operadores económicos un trato igualitario e non discriminatorio e un procedemento baseado na transparencia, así como a introdución de criterios de responsabilidade social nos contratos.

Compromisos éticos en materia de conflitos de intereses

O desempeño de responsabilidades públicas esixirá o respecto á normativa en materia de conflito de intereses, a súa actuación basearse nos seguintes compromisos

1. No exercicio das súas facultades discrecionais, absteranse de conceder ningunha vantaxe a eles mesmos ou a outra persoa ou grupo de persoas co fin de obter un beneficio persoal directo ou indirecto destes.
2. Absteranse de participar en calquera deliberación, votación ou execución daqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, xa sexa directo ou indirecto.
3. Non influirán na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen xusta causa e, en ningún caso, cando iso comporte un privilexio en beneficio propio ou á súa contorna ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros ou do interese xeral.
4. Non aceptarán, recibirán ou solicitarán, directamente ou a través de terceiros, agasallos que excedan os usos habituais, sociais ou de cortesía por parte de entidades ou persoas ou, en calquera caso, que excedan a contía de cento cincuenta euros.
5. Rexeitarán calquera favor ou servizo en condicións vantageosas por parte de persoas físicas ou entidades privadas que poidan condicionar o desempeño das súas funcións.
6. O desempeño de cargos en órganos executivos de dirección de partidos políticos e organizacións sindicais en ningún caso menoscabará ou comprometerá esta actividade o exercicio das súas funcións.

Réxime de incompatibilidades e retribucións

O adecuado cumprimento das esixencias normativas impostas polo réxime de incompatibilidades e a estrutura retributiva no ámbito local axustarase aos seguintes parámetros:

1. Os representantes locais, e os directivos públicos locais formularán con motivo da súa toma de posesión, con ocasión do cesamento e ao final do seu mandato, declaracóns tanto sobre causas de posible incompatibilidade e calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos. Así mesmo, comunicarán calquera modificación destas no prazo máximo dun mes.
2. Así mesmo haberán de presentar declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por eles participadas e das liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e, no seu caso, sociedades. Tales declaracóns, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de

posesión, con ocasión do cesamento e ao final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

3. Evitarán calquera conflito de intereses con motivo do exercicio das súas funcións públicas, absténdose de utilizar as súas competencias e prerrogativas institucionais co fin de outorgar para si ou para terceiras persoas algún tipo de beneficio así como absténdose de levar a cabo calquera tipo de actividade privada que, directa ou indirectamente, choque cos intereses públicos locais da súa responsabilidade.
4. O exercicio de responsabilidades executivas no goberno local, unha vez finalizado o mandato ou producido o cesamento e durante un período de dous anos, implicará o cumprimento das limitacións para o exercicio de actividades privadas establecidas na lexislación reguladora de conflitos de intereses que lles sexa aplicable.
5. O réxime de dedicación exclusiva e parcial, así como as demais retribucións dos representantes locais fixaranse, con pleno respecto aos límites establecidos na lexislación de réxime local, con proporcionalidade e atendendo a características da entidade e do posto para desempeñar tales como poboación, orzamento, situación financeira e competencias e responsabilidades que van exercer.

Goberno e administración: relacións entre cargos electos e empregados públicos

As relacións entre cargos electos e empregados públicos axustaranse aos principios éticos recollidos na normativa en materia de transparencia e emprego público, entre outros: respecto da Constitución e o resto de normas que integran o ordenamento xurídico, lealdade institucional, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto aos dereitos humanos e á igualdade entre mulleres e homes.

Cada persoa ao servizo dos intereses públicos locais asumirá o seu labor e funcións de forma legal e coordinada co resto de responsables públicos, políticos, técnicos e administrativos. Para garantir a existencia dunha contorna de traballo en harmonía e para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos articularanse vías alternativas á solución das discrepancias ou conflitos que, no seu caso, puidesen producirse.

As relacións entre cargos electos e empregados públicos instrumentaranse a través da implementación dos mecanismos físicos e telemáticos necesarios que garantan a posibilidade de interlocución directa e o desenvolvemento dun procedemento de mediación, presencial ou electrónico, entre as partes en conflito.

Os cargos electos impulsarán a formación en principios de integridade e orientacións do bo goberno para o conxunto de empregados públicos.

Medidas para a mellora da democracia participativa

O principio de proximidade no ámbito local configura as entidades locais coma o espazo de goberno e administración idóneo para alcanzar a máxima participación cidadá e instrumentar as vías e canles que fagan posible a súa materialización en niveis óptimos.

Para os efectos de coñecer con precisión as necesidades e expectativas da cidadanía, así como de garantir a existencia de canles de interlocución adoptaranse as seguintes medidas:

1. Regularase unha carta de dereitos e deberes cidadáns, como instrumento no que definir e facilitar o seu exercicio.
2. Promoverase a utilización de enquisas, realizadas nos propios servizos, na web e redes sociais, ou a pé de rúa, as caixas de correos de queixas e suxestíons, o cliente misterioso, os recursos administrativos e outras canles de participación tales como as Xuntas de Distrito, as Asociacións Veciñais, o Consello Social, ou a Comisión de Suxestíons e Reclamacións.
3. Procurarase a mellora dos procedementos codecisión e a transformación das estruturas burocráticas desactualizadas para a consecución dunha gobernanza real, como goberno aberto, participativo, transparente e equitativo.
4. Convocarase a todos os grupos de interese (asociacións, universidade, etc.), convidándoo a expresar as súas opinións e suxestíons, mesmo a colaborar na redacción das normas locais, coa posibilidade de pactalas no marco da potestade material de decisión política.
5. Implementaranse os orzamentos participativos como instrumentos de mellora da participación da cidadanía na asignación dos recursos públicos e na definición de obxectivos prioritarios de xestión.
6. Atenderanse as necesidades sociais nas diferentes etapas da vida e procurarase a conciliación de tempos de traballo cos que non o son (lecer, formación).

Así mesmo facilitarase o exercicio do dereito á iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos normativos en materia da competencia local. Igualmente, a través das entidades cidadás recoñecidas de interese local, estableceranse as vías para solicitarlle á Administración local que leven a cabo actividades de interese público e de competencia local e coa achega de medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal.

A atención cidadá estruturarase a través dun dobre mecanismo:

1. Coordinarase unha atención xeneralista, integrada nun só servizo (Oficinas de Atención Cidadá) conseguindo beneficios claros en homoxeneización dos datos, en accesibilidade dos cidadáns, no establecemento de criterios uniformes, na selección e formación dos operadores, na adopción de decisións, e no recoñecemento das singularidades propias do funcionamento do servizo.
2. Atención e información especializada, fornecida desde as propias unidades que a xeran. Dada a orientación ao cidadán, haberá que sentar as bases tecnolóxicas, de xestión, técnicas, e legais, incluídas as económicas, para

conseguir que a súa relación coa administración sexa más accesible en tempo e custo.

Enténdese o dereito de acceso á información como parte esencial do dereito xenérico de participación cidadá nos asuntos públicos.

Marco para a participación cidadá 2.0

A contorna cambiante e a transformación da administración local esixe o establecemento dun marco para a participación cidadá cun enfoque 2.0 baseado nas seguintes medidas e estratexias:

1. Contemplar o uso das tecnoloxías sociais como ferramenta de mellora da participación cidadá mediante a superación das tradicionais barreiras de espazo e tempo, abrindo espazos dixitais abertos á participación sen restricións e desenvolver comunidades virtuais que favorezan o ben común.
2. Facilitar e promover a iniciativa e a participación cidadá tanto individual como colectiva na xestión local, sen prexuízo das facultades de decisión correspondentes aos órganos locais correspondentes.
3. Facer efectivos e velar polos dereitos e deberes da cidadanía recollidos na lexislación aplicable e na normativa local.
4. Achegar a xestión local ás cidadás e os cidadáns en prol de alcanzar unha democracia de proximidade real.
5. Deseñar órganos e mecanismos que garantan os dereitos da cidadanía relativos a participación cidadá.
6. Lograr a integración de todos os sectores sociais nos mecanismos, espazos e dispositivos recollidos na correspondente normativa local.
7. Afianzar a participación cidadá estratéxica na política local co desenvolvemento dunha cultura participativa que imprima carácter a toda a actividade en todo o seu ámbito territorial.
8. Adaptar a normativa local á nova realidade social, mediante a presenza e participación da entidade local nas redes sociais dixitais más utilizadas pola cidadanía e mediante a creación de comunidades virtuais locais.
9. Servir de soporte e complemento ás estratexias e plans de actuación locais en materia de participación.

A participación cidadá 2.0 articularase como unha participación accesible, plural, representativa, activa e aberta, facilitando a igualdade de oportunidades e integración de todos os sectores da poboación directa e explorarase o desenvolvemento dun procedemento de mediación, presencial ou electrónico, para a resolución de conflitos.

Ademais das redes e canles de información e comunicación institucionais, os cargos electos e directivos públicos locais terán preferiblemente presenza nas redes sociais en prol de unha maior transparencia e mellor servizo público á cidadanía.

Aprobación do Código de bo governo polas entidades locais

A aprobación do CBG polas entidades locais efectuarase mediante a adopción do correspondente acordo de adhesión polo Pleno das respectivas entidades, para

facilitar a íntegra subscrición dos seus principios e valores pola totalidade dos membros da Corporación, goberno e oposición.

A adecuada execución do CBG esixirá a asignación individualizada da devandita responsabilidade no marco da organización política e administrativa, para os efectos de garantir o cumprimento dos seus obxectivos.

Os órganos e persoal responsables da devandita función adoptarán as actuacións que sexan necesarias para garantir a adecuada difusión e coñecemento do CBG, con especial incidencia en garantir o seu coñecemento pola cidadanía, a súa incorporación ao ordenamento xurídico local e a máxima difusión entre os axentes sociais, económicos e culturais.

Os acordos de adhesión ao CBG serán comunicados á FEMP para o seu coñecemento e, no seu caso, seguimento. As entidades locais adheridas ao CBG promoverán a súa incorporación á Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP.

Avaliación e seguimiento

A adhesión ao CBG requirirá a determinación das estratexias para o seu desenvolvemento, avaliación e seguimento no ámbito de cada entidade local, encaixando estas actuacións no marco lexislativo vixente e as peculiaridades da respectiva entidade, cunha visión participativa e colaboradora.

Para este fin, as EELL adheridas ao CBG elaborarán, coa periodicidade que se determine, un informe de avaliación sobre o seu cumprimento a través de indicadores de medida e valoración, que incorporará, á súa vez, o resultado dos procesos de avaliación e seguimento dos instrumentos de planificación, as cartas de servizos e outros compromisos de calidade existentes na respectiva entidade local. Procederase á creación dun Observatorio de avaliación da transparencia, a calidade e o bo goberno, para os efectos de valorar a aplicación do código e, propoñer, actuacións de implementación e mellora, así como de avaliación e seguimento, sen prexuízo da asignación doutras finalidades.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIONS

Sr. Presidente

Empezamos coa primeira moción relacionada cos Grupos de Emerxencia Supramunicipais que presenta e asina o deputado de área. Le primeiro o secretario a proposta de acordo.

Sr. Secretario

A proposta, en concreto, dun expediente rematado e que foi ditaminado esta mañá mesmo pola Comisión correspondente e a proposta concreta, ditaminada como digo pola Comisión, é "Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emergencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de emergencia supramunicipais; segundo, Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades a que vai referida a súa vixencia.

Despois a continuación o terceiro punto sinala cal é o texto íntegro do convenio.

Sr. García García

Acabamos de explicalo hai un pouco na Comisión, é a sinatura do convenio cos GES, hai unhas pequenas modificacións, áinda que é un convenio novo, segue na súa gran parte o que tiñamos anteriormente, modifícase no sentido de que paga o 50% a Xunta e o 42,76% a Deputación e o 7% restante págao o Concello que é beneficiario. Modifícanse un pouco as condicións de traballo e unha das más significativas é que recibímos un ingreso pola retirada dos niños de velutina, cousa que non hai desta vez, e a cambio diso reducen a cantidade de cartos que poñen con fondos europeos co cal a cantidade para xustificar queda na metade do que tiñamos. E hai unha pequena modificación tamén no sentido de que dicía no texto primeiro que nos mandaron que ao persoal que había que contratalo con todas as condicións de carácter aberto, público, e no novo di que será contratado desta forma aquel persoal que sexa necesario, non o que xa está traballando nos GES, que ese sigue, e polo tanto, temos que aprobalo hoxe porque ten que ser dentro deste ano para que siga funcionando a 31 de xaneiro e espérase asinar o día 26 deste mes, porque nos chegou onte.

Sr. Presidente

Quería resaltar dúas cousas, primeiro quero agradecer aos servizos da casa pola présa con que este convenio tivo que ser redactado para non deixar de prestar o servizo nos distintos Grupos de emerxencia supramunicipal e despois que se dá cumprimento a algúm acordo que houbo aquí neste Pleno onde se reclamaba que achegáramos a cantidade que estaba achegando os concellos, que achegáramos o 40% da achega, neste caso supérase nun 2,5% e ademais que se faga dunha maneira coordinada e con consenso entre a FEGAMP que nos representa a todos e a Consellería de Presidencia.

Sra. Fraga Sáenz

Unicamente facer unha explicación, nós imos absternos neste punto, non porque creamos que a Deputación non debe de facer esta achega, porque non hai que quitarlle importancia a estas achegas para manter os servizos de emerxencia, non obstante cremos que non responde ao modelo que se está perseguindo supostamente ademais co paso dos comarcas a públicos, e todo este proceso no que estamos, entón máis que nada, entendendo que a Deputación neste caso non é a responsable do modelo, si que cremos que é necesario facer chegar esta mensaxe que se está facendo mediante ese outro proceso, que seguimos coa necesidade da comarcalización dos parques públicos e coa tendencia de crear en Galicia unha rede integral de servizos de emerxencia públicos de calidade, non sei se en todo caso o Grupo provincial de VOX Popular pode trasladar iso á Xunta de Galicia. Pola nosa parte explicar a abstención, simplemente.

Vótase a urxencia que é aprobada por unanimidade.

Vótase a moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (Marea Atlántica)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e a abstención de Marea Atlántica, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNIS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIIS.

1.- Aprobar o texto DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNIS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIIS.

2.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades a que vai referida a súa vixencia.

3- O texto íntegro do convenio e o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNIS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIIS.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomea aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e Jose González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 99/2018, do 26 de setembro, polo que se dispón o seu nomeamento, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle

confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local.

Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, Darío Campos Conde, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local.

Pola Deputación Provincial de Ourense, o seu presidente, José Manuel Baltar Blanco, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, o seu presidente, M^a del Carmen Silva Rego, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias, o seu presidente, Alfredo L. García Rodríguez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á **Xunta de Galicia**, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

Así mesmo á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro, e o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emergencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e mais especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.

Pola súa parte a Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

SEGUNDO.- Ás **Deputacións Provinciais**, como órgano de goberno da Provincia, correspónelle a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e, en particular, participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes, garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contan con servizos propios, por no resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

TERCEIRO.- Entre os fins da **FEGAMP**, de acordo co establecido no artigo 2 dos seus Estatutos, figura a representación e defensa das actividades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscibir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Que conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG núm. 108, do 7 de xuño de 2004) a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e más efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

CUARTO.- Que, segundo disponen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder fazer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como “*un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles fazer frente aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.*” E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

QUINTO.- Por outra parte, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangen todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais.

A ditos efectos, cómpre lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiamento con FEADER

SEXTO.- As accións en materia de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural. En concreto están previstas nas seguintes normas:

- Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrágase o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (Ce) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello
- Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

SÉTIMO.- Que para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP acordan apoiar o funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementarán a atención das emergencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros

municipais e os parques de bombeiros comarcas, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal, sen que os límites administrativos das provincias supoñan obstáculos á hora de intervir en zonas perimetrais ás sedes de localización dos ditos grupos. Do mesmo xeito, ditos grupos participarán en labores de prevención de incendios.

Ordinariamente os GES desenvolverán as súas funcións no ámbito de actuación adscrito aos mesmos, e soamente con carácter excepcional e debidamente xustificado, realizarán as súas tarefas fora do ámbito territorial que lles foi asignado.

Que coa finalidade de simplificar e axilizar as tramitacións administrativas necesarias para alcanzar a colaboración pretendida, asínase este convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Consellería do Medio Rural; as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e a FEGAMP.

Que co novo convenio as achegas económicas totais entre as partes signatarias acadan o 52,5 % de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5%, das entidades locais (Deputacións provinciais 40 %, concellos 7,5 %).

Ao abeiro do anteriormente exposto, coincidindo en que a iniciativa obxecto de colaboración é de común interese para as partes e harmoniza os fins dunhas e outras, asinan o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia.

SEGUNDA.- LOCALIZACIÓN

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais sitúanse estrateticamente en 24 localidades, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación.

Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron:

- A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.
- Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.
- Distribución uniforme.
- Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.

- Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada más alongados.
- Localizacións en zonas con riscos potenciais.
- Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emergencias
- A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emergencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emergencias.

Das 24 localidades nas que se sitúan estrateticamente os Grupos de Emerxencias Supramunicipais, o concello que corresponde á sede número 12 (Anexo II) renunciou a súa condición de tal, polo que a designación desta sede deberá ser fixada pola Comisión de Seguimento, que tamén deberá fixar aquelas sedes incorporadas ao texto do convenio (Anexo II) naqueles supostos nos que o respectivo concello non formalice a adhesión final e formal ao convenio.

Así mesmo, sen prexuízo das 24 localidades previstas nos parágrafos anteriores, mediante este convenio incrementaranse ata un máximo de tres localidades para os Grupos de Emerxencias Supramunicipais, e ata un máximo dun servizo municipal para os servizos municipais, supostos nos que fixación das sedes corresponderá á Comisión de Seguimento, para o que terá en conta os mesmos criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais citados no segundo parágrafo.

TERCEIRA.- COMPOSICIÓN

Con carácter xeral cada GES estará composto por 12 efectivos. Naqueles casos en que o GES teña unha base compartida, poderá estar integrado por 12, 16, 18 ou 19 efectivos.

En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme ao Anexo I, no que se recolle tamén a súa sede.

Cada GES contará cos medios materiais que se especifican no anexo III.

No tocante á selección, formación e operatividade dos componentes destes grupos estarase ao disposto no Anexo VIII.

CUARTA.- FUNCIONES DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPALES.

Os GES poderán exercer as seguintes funcións:

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.

- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en téreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.
- Realizar actuacións de prevención de pragas, entre elas de prevención da praga da avespa *velutina*, tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de corta lumes naturais ante calquera perigo de lume.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, corrementos de terra, situacións de seca, así como actividades de prevención e control fronte a pragas e doenças forestais.
- Colaborar, e no seu caso, intervir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emergencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, no seu caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido a tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requirian ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia

municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público

QUINTA.- ACTUACIÓN S DOS GES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAI S.

O abano de actuacións subvencionables que serán obxecto de axuda consonte o PDR do 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015, encadradas na Submedida 8.3 do PDR Medidas preventivas contra incendios forestais, onde se inclúe a redacción de estudos e proxectos relacionados coa necesaria prevención así como prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal. Danos causados por pragas, pódense agrupar en:

a) Actuacións de definición das redes de faixas de xestión da biomasa e investigación da propiedade e estado da biomasa (submedida 8.3), que poderá incluír:

- Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, así como da rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.
- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais.

b) Actuacións de silvicultura preventiva (submedida 8.3): Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos da titularidade municipal ou de propietario descoñecido.

Para os efectos deste convenio as actuacións en materia de desbroces limitaranse a:

- Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
 - Camiños reais e históricos.
 - Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
 - Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición.
 - Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.
- c) Prevención do dano causado por pragas (submedida 8.3),** mediante as actuacións de prevención da praga da avespa asiática (*Vespa velutina*) tales como a eliminación de niñas.

Os prezos unitarios por actuación e o importe máximo a subvencionar por GES de prevención inclúense no Anexo IV.

As actuacións a realizar deberán planificaranse previamente á súa execución, a través dun Programa de Actuacións Preventivas a presentar pola entidade local cos contidos recollidos no Anexo V.

Elaborado o Programa de Actuacións Preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva das actuacións contempladas na presente cláusula, farase unha inspección previa á súa iniciación por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a súa viabilidade e emitirase un informe.

De ser favorable o informe emitido, o Programa de Actuacións Preventivas poderá ser aprobado pola Comisión de Seguimento de cada GES. Unha vez que se aproba por dita Comisión o Programa de Actuacións Preventivas, a entidade local achegará unha comunicación de inicio do mesmo ao Distrito Forestal.

Con carácter xeral deberá terse en conta o disposto no Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES segundo o reparto do Anexo IV.

O beneficiario deberá cumplir co disposto no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da comisión do 17 de xullo polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), en relación coa información e publicidade, en particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 € deberase colocar unha placa explicativa, e cando o custo supere os 500.000 € deberase colocar un panel publicitario. En ambos casos figurará a descripción do proxecto, así como a bandeira europea e o lema Feader: "Europa inviste no rural". Inclúese no Anexo IV un tipo de actuación para financiar publicidade FEADER.

En todo caso, son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio. En calquera caso estarase ao exposto no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que recolle entre os custos non subvencionables a través dos fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE), o Imposto sobre o Valor Engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre o IVE;

SEXTA.- COORDINACIÓN DOS GES

Os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral coa Administración xeral da comunidade autónoma.

Segundo as características da emerxencia ou actividade preventiva ou extintiva que realicen, os GES coordináranse tecnicamente cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa Central de atencións ás emergencias 112-Galicia.

A coordinación ordinaria dos GES corresponde ao concello no que se sitúa a base do grupo, tendo presente sempre o seu carácter supramunicipal.

No caso de actuacións conjuntas en emergencias de calquera tipo, cos efectivos dos parques de bombeiros comarcais, o mando e coordinación das mesmas, en cumprimento do principio de mando único, corresponde ao xefe da unidade do parque comarcal de bombeiros.

O concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emergencias.

A Central de atención ás emergencias 112-Galicia, conectaría co grupo de emergencia a través dun sistema remoto de xestión das emergencias, cargando os programas informáticos no terminal dotado de liña de datos e de voz co que estará equipada a sede.

SÉTIMA.- FINANCIACIÓN EN MATERIA DE PREVENCION DE INCENDIOS FORESTAIIS.

Os GES participarán en labores de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Consellería do Medio Rural para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais achega ao presente convenio cinco centos vinte e cinco mil euros (525.000 €) para o ano 2019, cinco centos vinte e cinco mil euros (525.000 €) para o ano 2020 e cinco centos vinte e cinco mil euros (525.000 €) para o ano 2021, que serán cofinanciados con fondos FEADER, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0, de acordo co especificado no anexo IV.

A porcentaxe a subvencionar será do 100% do investimento elixible ou subvencionable, sometida a unha cofinanciamento do 75% de fondo FEADER, dun 7,5 % pola Administración Xeral do Estado (AXE) e nun 17,50% pola Xunta de Galicia.

Os gastos non elixibles serán soportados polo concello sede do GES.

As actuacións e xustificación das mesmas realizarase consonte o Anexo V e VI.

OITAVA.- FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCION DE INCENDIOS FORESTAIIS.

1-Os Grupos de emergencias supramunicipais financiaránse polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Medio Rural

- As Deputacións Provinciais
- Entidades locais que se adhiran a este convenio.

2- A contribución ao financiamento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de emerxencias para os GES e Servizos Municipais xa creados e as ampliacións segundo o establecido na Cláusula segunda fixase en:

- Para o financiamento dos servizos municipais: douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2019, douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2020 e douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros 262.500€ para o ano 2021, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212.A.460.1.
- Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES e servizos municipais (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará catrocentos oitenta e oito mil dous centos cincuenta euros (488.250€) para o ano 2019, catrocentos oitenta e oito mil dous centos cincuenta euros (488.250€) para o ano 2020 e catrocentos oitenta e oito mil dous centos cincuenta euros (488.250€) para o ano 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141.A.461.1.

3- A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de extinción de incendios, para os GES xa creados e as posibles ampliacións segundo o establecido na Cláusula segunda, fíxase en tres millóns douscentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros (3.281.250€) para o ano 2019, tres millóns douscentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros (3.281.250€) para o ano 2020 e tres millóns douscentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros (3.281.250€) para o ano 2021, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES segundo o reparto do Anexo II.

4- A contribución ao financiamento por parte das entidades locais será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de 651.000,00 €.

5- A contribución ao financiamento das Deputacións é a que segue:

Deputación	Composición grupos 12/16/18/19	GES	Servizos municipais
A Coruña	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Lugo	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Ourense	3/0/1/2	838.666,66 €	62.000,00 €
Pontevedra	3/1/0/0	481.333,33 €	124.000,00 €
Non asignados	3/0/0/0	336.000,00 €	62.000,00 €
TOTAL		3.472.000,00 €	

Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega no momento da sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación. Nas vindeiras anualidades o 50% no primeiro trimestre do exercicio correspondente, o 25% no mes de setembro e o restante no momento final.

6.- Durante o primeiro ano de vixencia do convenio o financiamento correspondente ratearase segundo á data da sinatura do convenio.

Estas cantidades serán aboadas directamente á entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais.

NOVENA.- CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

O *CUSTE ANUAL* do presente convenio en materia de emergencias e extinción de incendios é de: 8.155.000,00 €, fixándose os custos totais por GES no anexo II.

DÉCIMA.- TRAMITACIÓN

Respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2019, 2020 e 2021.

UNDÉCIMA: COMPROMISOS DAS PARTES:

A)- Pola Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería do Medio Rural, o compromiso é :

- Financiamento: A Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a do Medio Rural colaborarán no financiamento dos custos que se deriven da operatividade dos GES, cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais.
- Dirección e coordinación: ambas consellerías a través dos seus órganos directivos, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Dirección xeral de Ordenación Forestal respectivamente, ostentaran a dirección e coordinación operativas destes grupos cando fora solicitada a súa colaboración en emergencias ou activación de Plans, de competencia dun ou ambos órganos directivos.

B) - Polas Deputacións Provinciais

Financiamento: As Deputacións Provinciais colaborarán no financiamento cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais.

C) - Pola FEGAMP.

A coordinación do proceso de adhesión por parte dos concellos.

Difusión: a FEGAMP difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos que poderá financiar o convenio.

D) Polos Concellos sede dos GES,

- Deberán aportar as cantidades consignadas no anexo II.
- Deberán aportar unhas instalacións-base adecuadas para a prestación do servizo de emerxencias, permitindo a localización dos recursos humanos e materiais propios do servizo.
- Deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, de xeito que a non resposta as chamadas de emerxencia de forma continuada dará lugar por parte dos concellos sede, a non percepción da axuda, salvo causa xustificada, e previa audiencia ó concello implicado.
- Deberán cumplir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.
- Deberán acreditar a prestación do servizo, mediante os informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES nos concellos sede, coa finalidade de percibir as achegas da Xunta de Galicia e as Deputacións.
- Comprométense a conservar os medios e recursos de intervención de Galicia. O deterioro non xustificado polo uso que sufran os equipos será responsabilidade do concello.
- Dado o carácter supramunicipal dos GES, os concellos incluídos na área de actuación correspondente, segundo o Anexo I, poderán por a disposición destes os medios materiais de protección civil dos que dispoñan para atender as emerxencias, ou ben cedelos de forma permanente.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos fondos percibidos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.
- Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 66.1.c) do Regulamento (UE) 1305/2013.
- Respecto daquelas actuacións financiadas ao abeiro de fondos FEADER o concello informará ao público da axuda obtida presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, en caso de que exista tal sitio, unha breve descripción da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, en proporción ao nivel da axuda,

cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión, tal como establece o anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

DÉCIMO SEGUNDA.- LIBRAMIENTO DE FONDOS DA XUNTA .

O libramento dos fondos a cada entidade local na que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais por parte da Xunta de Galicia realizarase de conformidade co previsto no Anexo VI e VII.

DÉCIMO TERCEIRA.- LIBRAMIENTO DE FONDOS AOS BENEFICIARIOS FINAIS.

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lle sexan requirida pola Intervención Xeral e o Consello de Contas da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como ós controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.

A participación no presente convenio suporalle aos beneficiarios, o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e decreto 126/2006 do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados para o mes o fin, poderá dar lugar, si con isto se alterase os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumplimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no disposto no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo onde os intereses se calcularán en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

DÉCIMO CUARTA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbihdas e controversias que xurdan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Régime xurídico do sector público.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO:

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante catro representantes, dous da Dirección Xeral de Administración Local e dous da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; a Consellería do Medio Rural, mediante dous representantes; as Deputacións, con un representante de cada unha delas e a FEGAMP, con dous representantes.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.
- Designar o concello sede do GES número 12 (Anexo II), así como designar o concello sede para os tres novos GES e o novo servizo municipal previstos na cláusula segunda, e fixar aquellas sedes incorporadas ao texto do convenio (Anexo II) naqueles supostos nos que o respectivo concello non formalice a adhesión final e formal ao convenio.
- Adaptar as comunicacións no marco do presente convenio aos medio electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias un informe técnico correspondente o grao de cumprimento dos obxectivos programados.

Para resolver as cuestións ordinarias que se presenten na execución do presente convenio crearase un grupo de traballo, de carácter técnico, e composición paritaria, ao que lle corresponderá a certificación da efectiva realización das actuacións descritas no convenio, consonte ao presente clausurado e dando cumprimento aos fins establecidos e aquellas outras atribucións que se lle deleguen por acordo expreso da comisión de seguimento. A composición deste grupo será determinada pola comisión mixta de seguimento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.-VIXENCIA.

O presente Convenio estenderá a súa vixencia dende a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2021**. Ao termo de cada anualidade calquera das partes poderá denunciar o convenio, cunha antelación mínima dun mes.

Os concellos formalizan a súa adhesión ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo de adhesión.

DÉCIMO SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demás normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO OITAVA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DÉCIMO NOVENA.- BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto [do convenio](#) e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). No seu caso a BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto para a súa publicación

En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar ao inicio mencionados.

Alfonso Rueda Valenzuela	Jose González Vázquez
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Conselleiro de Medio Rural
Valentín González Formoso	Darío Campos Conde
Presidente da Deputación Provincial da Coruña	Presidente da Deputación Provincial de Lugo
José Manuel Baltar Blanco	Mª del Carmen Silva Rego
Presidente da Deputación Provincial de Ourense	Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra
Alfredo L. García Rodríguez	
Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias"	

ANEXOS

ANEXO I: SEDE, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL DOS GES

SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

A CORUÑA		LUGO	
Zona	Sede/s	Zona	Sede/s
Zona de Ortegal e Ferrol	Ortigueira	Zona de Baleira	Baleira
Zona de Bergantiños	Ponteceso	Zona da Terra Cha - Lugo	Sede por definir
Zona de Muros, Xallas e Noia	Muros	Zona dos Ancares, Lugo e Sarria	Becerrea

Zona de Ferrol-Eume	Mugardos	Zona da Mariña Central e Oriental	A Pontenova
Zona de Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Curtis	Zona de Quiroga e Terra de Lemos	Quiroga/Folgoso
Zona do Sar e Caldas	Padrón	Zona da Ulloa, Lugo e Chantada	Monterroso
Zona Santiago, Noia e A Barcala	Brión	Zona da Mariña Central e Occidental	Cervo
OURENSE	PONTEVEDRA		
Zona	Sede/s	Zona	Sede/s
Zona de Terras de Caldelas e Terras de Trives	Castro Caldelas	Zona da Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade
Zona de Viana e Verín	A Gudiña/Laza	Zona do Baixo Miño	A Guarda
Zona da Baixa Limia	Lobios/Muíños	Zona de Valga	Valga
Zona do Ribeiro	Ribadavia/Avión	Zona de Taboada, Terra de Montes e Deza	A Estrada/Lalín
Zona de Valdeorras	O Barco de Valdeorras		
Zona do Pereiro de Aguiar	O Pereiro de Aguiar		

COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL

Provincia da Coruña:

Zona Ortegal-Ferrol	Zona Ferrol-Eume	Zona Bergantiños	Zona Muros-Xallas	Zona Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Zona O Sar-Caldas	Zona Santiago, Noia e A Barcala
Cariño	Mugardos	Cabana de Bergantiños	Outes	Curtis	Padrón,	Brión
Cerdido	Ares	Laxe	Carnota	Sobrado	Rois	Ames
Cedeira	Cabanas	Malpica de Bergantiños	Mazaricos	Vilasantar	Dodro	Negreira
Mañón	Fene	Ponteceso	Muros	Mesía		Lousame
Ortigueira	Neda	Coristanco		Cesuras		Noia
Somozas	Valdoviño			Oza dos Ríos		
Moeche				Aranga		

Provincia de Lugo:

Zona de Baleira	Zona Terra Cha-Lugo	Zona Os Ancares, Lugo e Sarria	Zona Mariña Central e Oriental	Zona Quiroga e Terra de Lemos	Zona A Ulloa, Lugo e Chantada	Zona Mariña Central e Occidental
Baleira	Begonte	Baralla	A Pontenova	Folgoso do Courel	Antas de Ulla	Cervo
Fonsagrada	Friol	Becerreá	Trabada	Quiroga	Guntín	Xove
Negueira de Muñiz	Guitiriz	Cervantes	Riotorto	Ribas de Sil	Monterroso	Burela
Ribeira de Piquín	Xermade	Navia de Suarna	Lourenzá	Pobra de Brollón	Palas de Rei	O Valadouro
Pol		As Nogais	Meira		Portomarín	Foz
Castroverde		Triacastela	A Pastoriza		Taboada	Alfoz
		Pedrafita do Cebreiro				

Provincia de Ourense:

Zona Terras de Caldelas e Terras de Trives	Zona de Viana e Verín	Zona O Pereiro de Aguiar	Zona da Baixa Limia	Subzona O Ribeiro	Subzona O Ribeiro - Avión	Zona Valdeorras	Zona Terras de Celanova
Castro Caldelas	A Gudiña	Pereiro de Aguiar	Lobeira	Ribadavia	Avión	O Barco de Valdeorras	Cartelle
Montederramo	Laza	Coles	Lobios	Arnoia	Beariz	Carballeda de Valdeorras	Celanova
Parada de Sil	Riós	Nogueira de Ramuín	Muíños	Beade	Boborás	Petín	Gomesende
A Teixeira	Viana do Bolo	Esgos	Entrimo	Castrelo de Miño		Rubiá	Quintela de Leirado

San Xoán de Río	Vilariño de Conso	Paderne de Allariz	Bande	Cenlle		A Veiga	Ramirás
Manzaneda	Castrelo do Val	San Cibrao	Calvos de Randín	Cortegada		Vilamartín de Valdeorras	Verea
A Pobra de Trives	Vilar de Barrio	Taboadela	Porqueira	Melón		Larouco	Pontedeva
Chandrexá de Queixa	Sarreaus	Barbadás		Carballeda de Avia		O Bolo	A Bola
				Toén		A Rúa	
	A Mezquita			Padrenda			A Merca
				Leiro			

Provincia de Pontevedra:

Zona Mancomunidade do Val Miñor	Zona Baixo Miño	Zona Ponteareas	Zona Valga	Subzona Taboirós- Terra de Montes	Subzona Deza	Zona Sanxenxo
Baiona	A Guarda	Arbo	Valga	A Estrada	Lalín	O Grove
Gondomar	O Rosal	A Cañiza	Pontecesures	Campo Lameiro	Vila de Cruces	Sanxenxo
Nigrán	Oia	Crecente	Catoira	Cerdeiro-Cotobade	Agolada	Meaño
	Tomiño	Mondariz Balneario	Caldas de Reis	Cuntis	Rodeiro	Poio
		Mondariz	Portas	Forcarei	Dozón	
		As Neves		Teo		
		Ponteareas		Vedra		
		Salvaterra de Miño		Moraña		
		Covelo				

ANEXO II: CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

GES

Núm.	PROVINCIA	GES	Sede/Subsede	Coop	Custo	DDPP	Concellos	CMRural (fondos propios)	Vicepresidencia DXAL
1	A Coruña	Santiago-Noia-A Barcala	Brión	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
2	A Coruña	Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Curtis	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
3	A Coruña	Ferrol-Eume	Mugardos	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
4	A Coruña	Muros, Xallas e Noia	Muros	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
5	A Coruña	Ortegal e Ferrol	Ortigueira	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
6	A Coruña	O Sar e Caldas	Padrón	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
7	A Coruña	Bergantiños	Ponteceso	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
8	Lugo	Os Ancares-Lugo-Sarria	Becerreá	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
9	Lugo	A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
10	Lugo	Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Folgoso)	Folgoso do Courel	6	130.948,28 €	€56.000,00	€10.500,00	56.573,28 €	€7.875,00
10	Lugo	Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Quiroga)	Quiroga	6	130.948,28 €	€56.000,00	€10.500,00	56.573,28 €	€7.875,00
11	Lugo	A Fonsagrada-Meira	Baleira	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
12	Lugo	Terra Cha-Lugo	Sede por definir	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
13	Lugo	A Ulloa-Lugo-Chantada	Monterroso	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
14	Lugo	A Mariña Central e Oriental	Pontenova, A	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
15	Ourense	O Ribeiro (subzona Avión)	Avión	9	188.133,42 €	€80.684,40	€15.128,33	84.860,16 €	€7.460,53
15	Ourense	O Ribeiro (subzona O Ribeiro)	Ribadavia	10	209.036,12 €	€89.648,93	€16.809,18	94.288,54 €	€8.289,47
16	Ourense	Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00

17	Ourense	Terras de Caldelas e Trives	Castro Caldelas	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
18	Ourense	Viana-Verín (subzona A Gudiña)	Gudiña, A	12	251.896,55 €	€108.000,00	€20.250,00	113.146,55 €	€10.500,00
18	Ourense	Viana-Verín (subzona Laza)	Laza	6	125.948,28 €	€54.000,00	€10.125,00	56.573,28 €	€5.250,00
19	Ourense	Baixa Limia (subzona Muíños)	Muíños	9	188.133,42 €	€80.684,40	€15.128,33	84.860,16 €	€7.460,53
19	Ourense	Baixa Limia (subzona Lobios)	Lobios	10	209.036,13 €	€89.648,93	€16.809,18	94.288,56 €	€8.289,47
20	Ourense	O Pereiro de Aguiar	Pereiro de Aguiar, O	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
21	Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes e Deza (Subzona Tabeirós-Terra de Montes)	Estrada, A	10	211.997,13 €	€90.833,33	€17.031,25	94.288,81 €	€9.843,75
21	Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes e Deza (Subzona Deza)	Lalín	6	127.198,28 €	€54.500,00	€10.218,75	56.573,28 €	€5.906,25
22	Pontevedra	Baixo Miño	Guarda, A	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
23	Pontevedra	Mancomunidad do Val Miñor	Mancomunidad Val Miñor	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
24	Pontevedra	Valga	Valga	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
25	Por definir	Por definir	Por definir	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
26	Por definir	Por definir	Por definir	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
27	Por definir	Por definir	Por definir	12	261.896,55 €	€112.000,00	€21.000,00	113.146,55 €	€15.750,00
					7.535.000,00 €	3.224.000,00 €	604.500,00 €	3.281.250,00 €	425.500,00 €

SERVIZOS MUNICIPAIS

Núm.	PROVINCIA	GES	Sede/Subsede	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL
1	Ourense	Servizo municipal Terras de Celanova	Terras de Celanova	155.000,00 €	€62.000,00	€11.625,00	€65.625,00	€15.750,00
2	Pontevedra	Servizo municipal Ponteareas	Ponteareas	155.000,00 €	€62.000,00	€11.625,00	€65.625,00	€15.750,00

3	Pontevedra	Servizo municipal Sanxenxo	Sanxenxo	155.000,00 €	€62.000,00	€11.625,00	€65.625,00	€15.750,00
4	Por definir	Por definir	Por definir	155.000,00 €	€62.000,00	€11.625,00	€65.625,00	€15.750,00
				620.000,00 €	248.000,00 €	46.500,00 €	262.500,00 €	63.000,00 €

ANEXO III: MEDIOS MATERIAIS.

Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas encomendadas, cada GES contará con:

- Un vehículo todoterreno que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obligatoria do mesmo, cumplindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.
- Batelumes, ferramentas e equipos de protección individual (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Loita contra Incendios Forestais” (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga).
- Os vehículos de extinción disponibles de acordo coa súa operatividade.

En canto a roupa de traballo, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo, na que figurará de forma visible a denominación “GES” e a zona de intervención, segundo o modelo definido pola Xunta de Galicia.

Para a extinción de incendios forestais os equipos de protección individual (EPIs) terán as características definidas polo Comité de Loita contra os Incendios Forestales do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (ver https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/equipos_de_proteccion.aspx) e o Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais – PLADIGA (ver http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/incendios_forestais/pladiga_2018/)

ANEXO IV PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIONS DE PREVENCION E ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS POR CONCELLO

PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIONS DE PREVENCION.

CÓD TARIFA	DESCRICIÓN	PREZO UNITARIO
	Ud de Definición das redes de faixas de xestión da biomasa. Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela	9000€/ud

	SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. Tamén se incluirán a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.	
	Ud de investigación de titularidade de parcela e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais	12 €/parcela
TS0001	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.121,10 €/ha
TS0002	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.195,840 €/ha
TS0003	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.464,904 €/ha
TS0004	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.793,760 €/ha
TS0005	Roza mecanizada dunha hectárea de matogueiral, con rozadora de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta de matogueira do 100%..	343,440 €/ha
SA0001	Unidades de panel para publicidade FEADER	236,484 €/ud
	Unidade eliminada de niñas secundarios de avespa asiática (Vespa velutina)	50 €/ud

ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS.

PROVINCIA DA CORUÑA

Núm.	Sede/Subsede	Comp	CMRural (Feader)
1	Brión	12	18.103,45 €
2	Curtis	12	18.103,45 €
3	Mugardos	12	18.103,45 €
4	Muros	12	18.103,45 €
5	Ortigueira	12	18.103,45 €
6	Padrón	12	18.103,45 €
7	Ponteceso	12	18.103,45 €

PROVINCIA DE LUGO

úm.	Sede/Subsede	Comp	CMRural (Feader)
8	Becerreá	12	18.103,45 €
9	Cervo	12	18.103,45 €
10	Folgoso do Courel	6	9.051,72 €
10	Quiroga	6	9.051,72 €
11	Baleira	12	18.103,45 €
12	Sede por definir	12	18.103,45 €
13	Monterroso	12	18.103,45 €

PROVINCIA DE OURENSE

Núm.	Sede/Subsede	Comp	CMRural (Feader)
15	Avión	9	13.577,58 €
15	Ribadavia	10	15.086,21 €
16	Barco de Valdeorras, O	12	18.103,45 €
17	Castro Caldelas	12	18.103,45 €
18	Gudiña, A	12	18.103,45 €
18	Laza	6	9.051,72 €
19	Muíños	9	13.577,58 €
19	Lobios	10	15.086,20 €
20	Pereiro de Aguiar, O	12	18.103,45 €

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Núm.	Sede/Subsede	Comp	CMRural (Feader)
21	Estrada, A	10	15.086,20 €
21	Lalín	6	9.051,72 €
22	Guarda, A	12	18.103,45 €
23	Mancomunidad Val Miñor	12	18.103,45 €
24	Valga	12	18.103,45 €

SEDES GES POR DEFINIR

Núm.	Sede/Subsede	Comp	CMRural (Feader)
25	Por definir	12	18.103,45 €
26	Por definir	12	18.103,45 €
27	Por definir	12	18.103,45 €

As actuacións de prevención mediante rozas da táboa establecen que os traballos manuais realizaranse en pendentes inferiores ao 50% ou pendentes iguais ou superiores ao 50%. Tamén se establece que os traballos mecanizados realizaranse en zonas de pendente escasa ou nula (pdte.< 10%). A discriminación de traballos mecanizados dos manuais debe realizarse do seguinte xeito:

Traballos a realizar de forma mecanizada: roza en superficies con pendentes inferiores ao 10% ou roza da faixa auxiliar en ambas marxes de vías, mediante pase de rozadora de brazo hidráulico axustada a tractor. Incluirase nesta actuación o desbroce de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.

Traballos a realizar de forma manual: en pendentes iguais ou superiores ao 10%. Tamén se poderán admitir de xeito excepcional superficies con pendentes inferiores ao 10% sempre que pola súa reducida superficie ou entidade sexa máis económico a súa realización de forma manual.

ANEXO V. PROGRAMA DE ACTUACIÓNES PREVENTIVAS

Os contidos mínimos do Programa de Actuaciónes Preventivas (PAP) serán os seguintes:

A)Ámbito de actuación das actuacións preventivas.

B)Tipos de traballo obxecto de axuda.

C)Xustificación das superficies obxecto de actuación:

As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva. e deberán estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal e Municipal, de existir estes (e tamén co PLADIGA).

Debe existir unha xustificación, que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

D)Táboa resumo de superficies obxecto de actuación en materia de planeamento, silvicultura preventiva ou do potencial forestal danado por pragas: Deberá incluirse unha táboa resumo coas superficies de actuación proposta en hectáreas desagregando segundo os tipos de traballos incluídos no convenio.

Localización das parcelas ou vías de actuación preventiva coa descripción, cando menos, da parroquia e lugar (potestativamente ref. catastrais ou parcelas SIXPAC)

E)Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1: 5:000, ou no seu defecto 1:25:000 no que se reflictan as actuacións preventivas propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

Asemade a cartografía remitirase en formato vectorial, tipo shapefile en Datum ETRS 89 e fuso 29N, ou documento análogo.

O prazo para a presentación do PAP será: o 31 de marzo de cada ano. Tamén se poderá presentar un único PAP para toda a vixencia do convenio detallando que actuacións se levarán a cabo cada unha das tres anualidades. O prazo para a presentación deste PAP plurianual vencerá o 31 de marzo de 2019.

ANEXO VI: XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMIENTO DE FONDOS DA XUNTA

A documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Dirección xeral de Defensa do Monte e da Dirección Xeral de Administración Local antes do 5 de decembro de cada ano.

Non obstante, polo que se refire aos gastos de persoal, a documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e da Dirección Xeral de Defensa do Monte, antes do 28 de decembro de cada ano.

1.O libramento dos fondos ás entidade locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais pola Xunta de Galicia, someterase ao seguinte réxime de pago:

a) Polo que respecta a Consellería do Medio Rural, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 100% da anualidade correspondente, de acordo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No ano 2019 este pagamento efectuarase á sinatura do convenio e as restantes anualidades no primeiro trimestre de cada ano. Este anticipo farase con cargo aos fondos propios libres do código de proxecto: 2011.00771.

b) Polo que respecta á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 50% da anualidade correspondente, de acuerdo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. No ano 2019 este pagamento efectuarase á sinatura do convenio e as restantes anualidades no primeiro trimestre de cada ano.

c) Polo que respecta á Dirección Xeral de Administración Local, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 50% da anualidade correspondente, de acuerdo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. No ano 2019 este pagamento efectuarase á sinatura do convenio e as restantes anualidades no primeiro trimestre de cada ano.

2.Para a xustificación das actuacións subvencionadas ao abeiro deste convenio, ás entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, á Dirección Xeral de

Administración Local e á Dirección Xeral de Defensa do Monte respecto aos gastos en materia de vixilancia e extinción de incendios forestais, a documentación seguinte, en exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada:

-Certificación do secretario municipal, co visto e prace do presidente da corporación, do cumprimento do obxecto do presente convenio, que se emitirá con base nas certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable nos concellos sede ou subsede do GES.

Na certificación emitida para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte, detallarase que se efectuaron as contratacóns e as altas na Seguridade Social dos/as traballadores/as que forman parte da estrutura do GES en cada un dos concellos implicados.

-Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsdese do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

Nas certificacións que se emitan para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte, indicaranse as contratacóns e altas na seguridade social dos/as traballadores/as que forman parte do GES.

-Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede ou subsede do GES.

Na declaración de axudas que se emita para a Dirección Xeral de Administración Local debe facerse constar se o concello sede ou subsede percibiu algunha outra axuda, aínda que sexa no marco do propio convenio, procedente de calquera das administracións ou órganos que financian as actuacións, para os gastos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiables con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos, incorporados na relación clasificada de gastos da conta xustificativa.

-Certificación expedida pola secretaría do concello sede ou subsede, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa unha relación clasificada dos gastos imputables á actuación subvencionada.

A certificación emitida para a Dirección Xeral de Administración Local referirse á conta xustificativa dos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiables con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos.

-Documentos xustificativos de gastos e de pagamentos:

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta,

certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira.

Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto subvencionable, as certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificador da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

-Declaración responsable da persoa representante do concello sede ou subsede do GES conforme este concello, como entidade beneficiaria dunha subvención, non está incursa en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na documentación que se remita á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte incluirase unha relación nominal dos componentes do GES, con especificación da persoa responsable do grupo e un número de teléfono de contacto.

No caso de existir fondos remanentes, logo da xustificación dos concellos, serán devoltoos por estes ao Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia.

ANEXO VII. ACREDITACIÓN DE GASTOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTÁIS

Para a xustificación das actuacións subvencionadas materia de prevención de incendios forestais, as entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Defensa do Monte, antes do 31 de outubro, en relación coa actuación de cada GES a documentación seguinte, en exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada:

-Certificación do secretario da municipal, co visto e prace do presidente da corporación municipal, do cumprimento do obxecto do presente convenio, que se emitirá con base nas certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable nos concellos sede ou subsede do GES.

-Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

-Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede ou subsede do GES.

-Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Dita memoria asinada polo Alcalde correspondente deberá dar conta dos traballos xustificados, sexa:

- Definición das redes de faixas de xestión da biomasa.

- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal
- Redacción de informe de xestión de biomasa
- Número de niños de vespa velutina eliminados e xustificación de outras actuacións de prevención realizadas.

-Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

- Acreditación sobre o número de unidades físicas consideradas como módulo.
- Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos nesta subvención.

-Certificación expedida pola secretaría do concello sede ou subsede, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa unha relación clasificada dos gastos imputables á actuación subvencionada. Mediante sistema contable diferenciado por ser fondos FEADER.

-Documentos xustificativos de gastos e de pagamentos: Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificador da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

-Declaración responsable da persoa representante do concello sede ou subsede do GES conforme este concello, como entidade beneficiaria dunha subvención, non está incursa en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todo elo consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais e dando, en calquera caso, cumprimento ás cláusulas e fins establecidos no presente convenio.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas sen que, conjuntamente cos pagamentos anticipados, superen o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Os importes dispostos no Anexo IV terán a consideración de custos de referencia que suporán límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, consonte o establecido no artigo 67.1.a) do Regulamento (UE) 1303/2014. Por esta razón, esixirase aos beneficiarios da axuda que presente xunto coa solicitude de pago facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e xustificador de pago.

No caso de que existan custos simplificados avalados por cálculos dos ditos custos e certificado asinado polo organismo independente, estes custos simplificados ou módulos terán a condición de baremos estándar de custos unitarios tal como contempla o artigo 67 do Regulamento (UE) 1303/2013. De aplicarse ditos custos non será necesario para realizar o pagamento en materia de prevención a presentación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente xuntamente aos xustificantes de pago.

Por parte da Consellería do Medio Rural:

Persoal funcionario desta Consellería expedirá certificación na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas ou de actuacións de prevención de pragas realizadas.

Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas.

A redución anterior virá incrementada gradualmente, farase un cálculo sobre a base do que se considera elixible. Cada unidade xestora determinará:

- a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento. A tal efecto tomaranse en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.
- b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supere ao importe b) en mais dun 10% a cantidade a pagar é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplica cando o beneficiario poida demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

-O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 48 do Regulamento 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen as disposicións de aplicación do regulamento (CE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Emitirse certificación expedida na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.

Teranse en conta os criterios xerais para a aplicación de reducións, sancións e exclusións ditados polo Fondo Español de Garantía Agraria a Circular de coordinación 23/2015 nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado do período 2014-2020. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 22/2015 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020.

-A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar canta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

ANEXO VIII MEDIOS PERSOAIS.

Os concellos sede serán os encargados da selección do persoal. O procedemento de selección realizarase a través do sistema de concurso oposición respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade así coma a normativa de selección dos empregados públicos.

A subscrición do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia o concello asumirá a posición de empresario ou contratante de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Para participar nos procesos selectivos os aspirantes deberán contar con carné de conducir tipo C, sen prexuízo dos demais requisitos mínimos que sexan esixidos consonte a normativa de aplicación .

A capacitación acreditarase coa formación impartida pola Academia Galega de Seguridade ou outros organismos públicos.

A experiencia acreditarase a través de certificacións emitidas polos organismos correspondentes aos que pertenceran os servizos nos que estiveran inscritos e desenvolvendo as súas actividades.

FASE DE CONCURSO

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 (sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento, ou proporción que resulte equivalente). O tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos aspirantes conforme o seguinte baremo:

1. Méritos Profesionais.

- a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos à 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.
- b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emergencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público □ 0,10 puntos, ataun máximo de 2,5 puntos.
- c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan □ 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública):

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establecese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificarse: Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

- Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.
- Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos

3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos

TEMARIO MÍNIMO DA FASE DE OPOSICIÓN

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
2. Planificación en protección civil: Plans de emergencia municipal.

3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios
4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
5. Accidentes de tráfico e encarceración.
6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas
7. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.
8. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil .

O curso selectivo responde ao seguinte modelo:

DATOS XERAIS DO CURSO

1. Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil
2. Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA
3. Código:
4. Tipo de curso: ESPECÍFICO
5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.
6. Requisitos do profesorado:
 - 6.1. Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.
 - 6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.
 - 6.3. Nivel pedagógico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.
7. Requisitos de acceso do alumno:

7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:

- Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir da clase C

7.2. Nivel profesional ou técnico:

- Non se require

7.3. Condicións físicas:

Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. “Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión”.

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)
- INCENDIOS FORESTAIOS (14 horas)
- ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)
- PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)

10. Duración:

Prácticas.....	50 horas
Contidos teóricos.....	20 horas
Total.....	70 horas

Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

- Equipo e maquinaria:
- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueiras, batelumes, antorchas de goteo)
- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática
- Radio transmisores
- Equipo de primeiros auxilios
- Equipo portátil de bombeo
- Grupos electróxenos
- Autobombas urbana e forestal
- Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.)

11.2. Material de consumo:

- Folios
- Cadernos
- Bolígrafos
- Lapis

11.3 Material didáctico.

- Manual básico do curso
- Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

DATOS ESPECÍFICOS do CURSO

Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os tipos de combustión
- COÑECER os equipos de protección individual
- IDENTIFICAR tipos axentes extintores
- IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga
- IDENTIFICAR tipos de bombas
- COÑECER a conducción de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento
- COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais

Duración do módulo: 28 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de tendidos de mangueiras.
- Prácticas de mantemento de bombas e impulsión
- Prácticas de condución e de posicionamento de vehículos
- Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.
- Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.
- Prácticas de extinción de incendios de gases.

B) Contidos teóricos

- Tipos de combustión.
- Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.
- Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.
- Instalacións de auga: mangueiras, hidrantes, columnas secas y BIE.
- Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.
- Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.
- Intervención con risco eléctrico.
- A química do lume.
- Axentes extintores.
- Localización do foco.
- Orientación, busca e rescate.
- Equipos de respiración asistida
- Entradas forzosas.
- Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.

Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAISS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal
- COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais
- COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de identificación das partes dun lume forestal
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga
- Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume

B) Contidos teóricos

- A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais
- A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación
- Medios para a extinción de incendios forestais
- Métodos de extinción de incendios forestais
- Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.
- Situacións de perigo e normas de seguridade

Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO

Obxectivo do módulo:

COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico

Duración do módulo: 21 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas vehículos
- Desencarceración, excarceracións e simulacións

B) Contidos teóricos

- Introdución aos accidentes de tráfico.
- Coordinación en accidentes de tráfico.
- Seguridade pasiva.
- Estabilización de vehículos.
- Seguridade persoal en accidentes de tráfico
- Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.

Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS

Obxectivos do módulo:

- COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios
- IDENTIFICAR tipos de queimaduras
- IDENTIFICAR tipos de traumatismos
- IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas

Duración do módulo: 7 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Reanimación: tipos
- Rescates con feridas
- Rescates de interior de vehículos
- Desencarcelación, excarceracións e simulacións

B) Contidos teóricos

- Queimaduras
- Alteracións eléctricas
- Afogamentos
- Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais
- Reanimación cardiopulmonar
- Feridas e hemoraxias
- Luxacións e contusións
- Torceduras
- Pautas de actuación en accidentes de tráfico
- Equipos de corte y separación
- Equipos hidráulicos
- Excarceracións

ANEXO IX.-DOCUMENTO DE ADHESIÓN CONCELLOS

D./Dona _____, en representación do Concello de _____.

DECLARA:

Que o Pleno (ou órgano competente) do concello _____ acordou, con data de ____ do mes de ____ do ano ____ solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emergencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emergencia supramunicipais, e, en consecuencia,


MANIFESTA:

A vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

En _____, ____ de ____ de _____ "

ANEXO X.- PUBLICIDADE FEADER.

Os modelos de carteis que os concellos sede deben instalar como beneficiarios de axudas FEADER adaptaranse ao seguinte formato estándar no que o emblema da Unión Europea e a denominación do fondo, concxuntamente co lema, ademais da descripción do proxecto ou operación deberán ocupar como mínimo o 25% do deseño.



CORES E TIPO DE LETRA

Cor branco fondo	Branco
Cor fondo 1	Gris
Cor fondo 2	Cian 100%
Cor fondo 3	Negro
Tipo de letra	Rafale
Tipo de letra Feador e lema	News Gothic
Cor letra 1	Negro
Cor letra 2	Branco

Dimensións A. Mínimo	100 cm
Altura mínima	130 cm

Os carteis serán de material resistente, non sendo admisible a simple impresión en papel. Colocaranse sempre nun lugar visible ao público.

O elemento publicitario debe manterse, polo menos, durante un prazo idéntico ao do compromiso que adquire o beneficiario ao recibir a subvención.

ANEXO XI – DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO								
Gastos	Deputacións Provinciais	Concellos	Subtotal Entidades Locais	Medio Rural (en materia de emerxencias e extinción de incendios)	Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	Dirección Xeral de Administración Local	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal SSMM	200.000,00	37.500,00	237.500,00		262.500,00		262.500,00	500.000,00
Gastos correntes en bens e servizos SSMM	48.000,00	9.000,00	57.000,00			63.000,00	63.000,00	120.000,00
Gastos de persoal GES	2.900.000,00	543.750,00	3.443.750,00	3.281.250,00			3.281.250,00	6.725.000,00
Gastos correntes en bens e servizos GES	324.000,00	60.750,00	384.750,00			425.250,00	425.250,00	810.000,00
TOTAIS	3.472.000,00	651.000,00	4.123.000,00	3.281.250,00	262.500,00	488.250,00	4.032.000,00	8.155.000,00

Sr. Presidente

Hai unha moción que presenta Marea Atlántica sobre a Lei de benestar animal de Galicia.

II.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DA MAREA ATLÁNTICA SOBRE A LEI DE BENESTAR ANIMAL DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019 contemplan unha partida de 125.000 € para o conxunto dos concellos do país na que se incluirían as actuacións relacionadas co benestar dos animais de compañía, e por extensión, o cumprimento da nova norma que o vindeiro exercicio implementará a aplicación do sacrificio cero.

O anunciado incremento do 25% (de 100.000 a cantidade actual) para as vilas non só é insuficiente, senón que contrasta cos esforzos que a propia Deputación da Coruña fixo cunha primeira convocatoria de axudas para refuxios de animais da provincia, dispoñendo 150.000 euros, o co traballo que veñen facendo algúns Concellos en materia de recollida, prevención, adopción ou fomento da xestión responsable das colonias de gatos ferais.

Neste mesmo senso de apoio institucional da Xunta está a xerar situacions rocambolescas, como a denuncia do goberno de Ares, que advertiu da concesión dunha ridícula subvención de 50 euros para un proxecto de esterilización de colonias felinas que xa investiu máis de 3.000 € das arcas municipais.

A cuestión non se vai resolver construíndo macrocanceiras mentras o comercio irregular campa ás anchas en Internet e onde a única campaña de sensibilización realizada ata o momento fala do "Día Mundial dos Animais" colocando anuncios en medios de comunicación sen contido nin propostas.

Os Concellos da provincia da Coruña demandan un orzamento proporcional á derivación de competencias que formula a Lei, e sen esquecer o recoñecemento desas novas figuras participadas, como a xestión de colonias felinas ou as chamadas "casas de acollida" ou o cumprimento por parte das Polícias Locais de accións como a inspección de establecementos, voto ás mutilacións de animais por motivos estéticos ou a prohibición de empregar os cruentes colares de descargas eléctricas.

- Instar á Xunta de Galicia a dotar aos concellos de orzamento suficiente para o cumprimento da Lei de Benestar Animal asumindo a súa parte de responsabilidade na elaboración e aplicación deste texto normativo.

Sra. Delso Carreira

A exposición de motivos desta moción sobre a Lei de benestar animal de Galicia que presentamos, di o seguinte:

(le o texto da moción)

Procédese a ratificar a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo a todos e a todas. Manifestar desde o Grupo Socialista o noso apoio a esta moción que incide naquilo que vimos demandando xa desde hai moi tempo e é que a Xunta teña en conta cando lexisla as consecuencias que ten para terceiros a lexislación que se aproba. Neste caso non estamos en contra en absoluto na nova Lei de protección animal, pero si que é certo que ten unha serie de consecuencias, sobre todo de carácter económico, para os concellos, neste caso desta provincia, pero para todos os de Galicia, que nos complican bastante a situación. Por poñer un exemplo, algúun concello que o seu alcalde está sentado nesta Corporación, pasou de gastar cinco, seis, sete ou oito mil euros ao ano, a gastar setenta mil euros ao ano, porque xa non é só ter que manter os animais e que morran por causas naturais, o cal ten un custo entre cinco e sete euros diarios, senón tamén que hai que castralos, no caso dos machos creo que son douscentos e pico euros, nas femias trescientos e pico, polo tanto, as consecuencias económicas que ten para un concello, xa non falamos só de cans, senón tamén de gatos, poden ser inmensas, e estou a falar dun concello cuns recursos bastante limitados, un concello de tamaño medio, pequeno, que non é unha grande cidade, pero entendo que nas cidades áinda máis, e ao final o que se podería favorecer é certo, e enténdase a expresión, certo contrabando de animais nos que moitos acaben nas grandes cidades, que son as que teñen canceiras ou nos concellos que disponen dese servizo. Polo tanto, parécenos adecuado que a Xunta de Galicia neste caso estableza axudas más acordes á realidade económica das consecuencias que ten esta nova lei que, repito, compartimos, pero que ten que ir acompañada dos fondos necesarios para que os concellos non sexan ao final os que teñan que asumir uns custos que en moitos dos casos serán inasumibles. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Primeiro pedirle desculpas ao voceiro do PSOE, porque pensei que ía haber unha quenda máis de defensa da moción, despois de xustificar a urxencia. Nós tamén imos apoiar a moción, e ímola apoiar por razóns obvias, xa sen entrar en cuestiós e que verbalizou agora o voceiro do PSOE coas que estamos de acordo, que a lei incluso toca temas nestes momentos de moi difícil cumprimento por parte das administracións locais, pero si é certo que con certa frecuencia se lexisla por parte da Xunta, e incluso do Estado, deixando a carga económica despois para o cumprimento da lei a administracións que non teñen a posibilidade de facerlle fronte aos recursos, aos preceptos que marcan as propias normativas. Aquí con moitísima frecuencia véñense demandando orzamentos da Deputación para cuestiós que son alleas ás competencias da propia Deputación. Eu creo que as administracións evidentemente están para lexislar, teñen que lexislar, pero de nada sirve lexislar senón se poñen as ferramentas e os mecanismos necesarios para que despois fagamos cumplir o que se lexisla.

Temos un problema grande coa Lei de benestar animal, non porque non esteamos de acordo coa literatura da lei, que en certas cuestiós tamén poderíamos

discutir, pero non é ese o problema, o problema é o cumprimento da legalidade por parte dos concellos, e ao que está dando lugar a propia literalidade da lei nalgúns concellos, que é curioso que de repente algúns concellos nos atopemos con que de non ter praticamente animais abandonados no noso termo municipal, como tratamos de cumplir a lei aparécennos animais abandonados todos os días, é unha cousa moi curiosa.

Polo tanto, estas cuestiós hai que reflexionalas e hai que intentar solucionalas, pero o primeiro que hai que facer é, como moi ben di a moción da Marea Atlántica, é poñer recursos económicos suficientes para solucionar os problemas máis urxentes que temos no ámbito das localidades.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, o noso posicionamento do voto vai ser a abstención, vai ser a abstención posto que cremos que esta moción é innecesaria desde o momento en que a Xunta de Galicia xa está levando a cabo o que subliña e o que indica a propia moción.

A verdade que creo que esta moción o que reflicte claramente é que aquí o de menos é o benestar animal, o demais é tentar culpabilizar a unha Administración, curiosamente gobernada polo Partido Popular, da incapacidade e da falla de compromiso real dalgúns concellos, que curiosamente levan iso no seu sinal de identidade, se é que teñen sinal de identidade as Mareas de Podemos desta provincia, do benestar animal, etc.

A Lei de benestar animal aprobada polo Parlamento de Galicia non muda o marco competencial, non engade competencias aos concellos, é certo que incrementa os requirimentos de acordo cun sentir xeral do que debe ser o benestar animal no século XXI, nada que decir, e precisamente é curioso que agora esteamos comprobando como todos os Grupos, agás o noso, van dar a súa conformidade a esixir moito á Xunta de Galicia, pero é que este é o caso claro onde esta Deputación debería de comprometerse, como por certo nós solicitamos no seu día ao respecto de involucrar a participación, non soamente da Deputación, porque vostede di, non é que o Partido Popular o único que fai é pedirlle á Deputación que faga o que non fai a Xunta de Galicia, non, nós dicimos que sexa a Deputación, a Xunta e os concellos os que colaboren como colaboran na Deputación de Lugo, na Deputación de Ourense, ou na de Pontevedra, que exista unha rede de canceiras, que exista unha coordinación, entre os concellos, a Deputación e a Xunta, e cónstame que existe vontade na Xunta de Galicia para avanzar nesa liña, de feito cónstame que por parte da Xunta de Galicia, hai uns meses, a anterior responsable da Consellería tivo unha xuntanza co presidente da FEGAMP, e solicitou formalmente á FEGAMP que trasladaran unha proposta para artellar un marco de colaboración para a aplicación da Lei de benestar animal, áinda están agardando na Xunta de Galicia a que a FEGAMP dea a súa opinión e a súa proposta ao respecto do que é necesario para que a Lei de benestar animal poida ser implementada coa máxima eficacia e coa máxima eficiencia. Polo tanto nós cremos que o que debería facer esta Deputación é involucrarse cos concellos para mellorar a xestión das canceiras e para mellorar todo o relativo á posta en práctica da Lei de benestar animal da Xunta de Galicia. É evidente que os recursos económicos son limitados, tamén na Xunta de Galicia, pero

tamén temos que lembrar que a Xunta de Galicia ten orzamentos, tanto no 18 como no 19, para atender e para transferir aos concellos precisamente para axudar ás entidades locais a colaborar e a procurar o mellor para levar a efecto esta Lei de benestar animal.

Polo tanto, nós imos absternos e repetimos, e solicitamos unha vez máis a participación activa da Deputación, e non soamente instar, que é fácil, senón traballar para chegar a un acordo que me consta que na Xunta de Galicia hai vontade. Moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente. Soamente para dicir que o portavoz do Partido Popular di as cousas que di sen poñerse colorado, a min é o que más me sorprende, dio con tal rigorosidade que asusta. Compostela Aberta, repito, Compostela Aberta, dígoo porque o Sr. portavoz do Partido Popular, sucesor de Alianza Popular, segue sen entender que eu estou aquí representando a Compostela Aberta, e eu lle agradecería que se dirixira a nós como Compostela Aberta, xa sei que lle custa aceptar áinda hoxe que foi derrotado en Santiago por Compostela Aberta. É só para dicir que vou votar a favor da proposta de Marea Atlántica.

Sr. Requeira Varela

Eu a veces, despois de escoitar as intervencións do portavoz do Partido Popular venme a palabra esta que dicimos, "pobriña a Xunta, miña pobre". É que dá a sensación de que aquí temos diñeiro todas as administracións públicas menos a pobriña da Xunta, que un concello calquera gasta bastante máis en cumplir, en facer cumplir ou intentar cumplir a Lei de benestar animal que a pobriña da Xunta que ten 100.000 euros. O mesmo pasa coa velutina, coa vespa asiática, o mesmo pasa con todo, onde se nos carga aos concellos cun gasto grandísimo, non estamos falando, polo menos eu, non estamos falando de mil euros, estamos falando de moiísimo diñeiro, e a pobriña da Xunta que ten orzamentos parece ser que para todo, pero que non o dá transferido aos concellos, ou ao meu concello, e a moitos concellos que eu coñeza, chégannos poucas transferencias da Xunta para certas cuestións, para o de facer cumplir a Lei de benestar animal, poucas non, non nos chega praticamente ningunha. Que se intente cargar a esta administración pública que lle transfire a parte máis grande do seu orzamento aos concellos directamente, paréceme, cando menos, inxusto, e digo inxusto porque aquí pedimos, pedimos, pedimos, pero se houbera tanta preocupación por parte dos concellos tamén do Partido Popular, xa que falamos de cores políticas na xestión, seguramente habería un grupo de concellos do Partido Popular que demandarían da Deputación da Coruña que unha porcentaxe do POS que lle correspondería a eles iría destinado a cofinanciar as cancelas coa Xunta de Galicia, pero non hai iso, a min non me consta esa petición.

(Abandona o salón de Plenos o Sr. García Liñares).

Polo tanto, eu creo que hai que ser razoablemente xustos e ter certa lealdade institucional para dicir, ao mellor aquí hai unha parte moi grande dos deberes que ten que facer a Xunta que áinda están por facer, seguramente os outros tamén teñamos deberes por facer, non o nego, haberá que falar, e haberá que intentar facelos entre

todos, pero que a parte máis importante da administración que lexisla ten os deberes sen facer, iso é unha obviedade, e creo que podemos estar todos de acordo.

Sr. Fernández Piñeiro

Co ben que íamos, pero simplemente clarificar. Xa houbo algúns contactos coa Xunta de Galicia por parte desta Deputación, o que pasa que vostede, Sr. Hernández, terxiversa un pouco a realidade, é dicir, a moción na que presentaban vostedes as canceiras esixía que esta Deputación sufragase integralmente as canceiras, iso é do que estamos a falar. Esta Deputación negouse a sufragar integralmente esa rede de canceiras que vostedes propoñían, pero iso non quere decir que non esteamos dispostos a falar coa Xunta e sentarnos coa FEGAMP e co resto dos concellos para ver algún mecanismo de colaboración para poder financiar infraestruturas dese tipo, de feito xa houbo contactos desta Deputación con xente dalgunha Consellería para afondar nese tema, pero iso non ten que ver coa súa moción, a súa moción pedía que o sufragara integralmente a Deputación, o que estamos dicindo é que non, nós estamos dispostos a colaborar, dentro da porcentaxe que despois poidamos, consideremos oportuno, e se chegue a acordo, pero non a que sufrague integralmente a Deputación provincial, e en todo caso a Xunta de Galicia que lexisla, e vostede pode dicir que non ten competencias, pódolle falar da vespa velutina. O meu concello, como todos os concellos, a nós entregáronnos unha pértiga e dous traxes, esa foi a colaboración da Xunta. Todo o demais temos que pagalo nós, xa non só os gastos que nos xera, desde o insecticida, senón o persoal humano que se dedica a facer iso, e estamos a falar dun concello como o meu que estamos a retirar ao ano noventa e pico, ou cen niños de velutina, e a colaboración de traxes foi dous traxes e unha pértiga, e nunca máis. Polo tanto, todo na súa xusta medida.

E sobre este tema, cabe aclarar que a un concello cástalle entre cinco e sete euros manter a un animal, que nalgúns casos é máis do que dedica a manter a algúns dependentes, e habería que facer tamén unha reflexión da Xunta de Galicia que, por certo, si financia ese servizo, pódese establecer algún sistema de cofinanciamento para que poidamos asumilo, porque hai concellos, xa non é cuestión de vontade, hai concellos que non van poder asumir economicamente ese servizo, polo que estaba comentando o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, porque hai concellos nos que de repente agora empezan a aparecer cans a punta pala, e hai concellos nos que a xente xa empeza a chamar polos gatos, co nivel de procreación que sabemos todos que teñen os gatos. Polo tanto, penso que isto cómpre tomalo cun pouco máis de seriedade, non utilizalo tanto como para tirarnos os trastes desde punto de vista político, e para facer unha reflexión conxunta na que todos, porque é un problema de todos, xerado, se se pode dicir así, por quen lexisla, e neste caso sufrido pola última administración, que son os concellos, os que parece que temos que pagar todo canto hai e máis. Moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente por facer unha aclaración aos voceiros, tanto do Partido Socialista como do BNG, e tamén ao voceiro, ao Sr. Dios, que entendo que é asimilado ás Mareas de Podemos do Parlamento de Galicia, non sei se con presenza da Garda Civil ou non ao lado del para protexerse dos seus compañeiros, iso xa deberá de saberlo el, pero en todo caso eses Grupos no Parlamento de Galicia non

dixeron nada respecto das cuestiós que pon enriba da mesa o Sr. voceiro do PSdeG ou tamén o Sr. voceiro do BNG, unicamente votaron en contra da Lei de benestar animal por dúas cuestiós, o tiro ao pombiño e as touradas, unicamente. É moi bonito, tamén a Sra. Fraga está moi de acordo no benestar animal, e eu tamén podo concordar con moitas desas formulacións, pero logo despois iso ten unhas consecuencias, e ten uns custos, e se non houbo modificación no ámbito competencial, obviamente se ti apostas por uns determinados requisitos para o benestar animal, e ten un custo, hai que asumir ese custo e nós o que dicimos é que ese é o típico exemplo onde a Deputación debería de comprometerse de xeito coordinado e complementario coa Xunta obviamente e cos concellos, e digo e repito que por parte do anterior responsable da Consellería de Medio Ambiente solicitouse á FEGAMP unha proposta, aínda están agardando por ela. Moitas grazas e más nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Sobre isto último, esta é a Deputación da Coruña, non é a FEGAMP, polo tanto pouco podemos facer aquí a este respecto.

Sobre o outro que comentaba vostede do Parlamento que non houbo emendas, mal feito, isto ten que ver co que lle dicía no último Pleno, non teño inconveniente en recoñecer cando o meu partido se pode equivocar, se non se fixo así, mal feito. Asume vostede tamén que a Xunta fixo mal lexislando sen ter iso en conta?, esa é a diferenza. Moitas grazas.

Sr. Calvelo Martínez

Eu que son bastante coñecedor e estou moi implicado neste tema, eu creo que aquí todos temos que ter a perspectiva clara, a Lei aprobárona todos os Grupos e o que se leva é sacrificio cero, aquí o que habería que formular é se estamos de acordo co sacrificio cero, si ou non? Se hai sacrificio cero, efectivamente, entón o custo vai incrementar, iso témolos todos que asumir.

E a crítica ou non crítica, aquí o que se está pedindo, e dentro do organismo da Deputación, que eu creo que é o apropiado, que para a resolución dos problemas dos 93 concellos se faga dunha maneira coordinada, e se comecen a formular como estruturar a creación de distintas canceiras en distintas zonas da provincia porque senón o outro obxectivo é, cada concello, o concello que teña recursos, nosoutros a día de hoxe temos sacrificio cero nos animais, a día de hoxe, non matamos animais, pagámolos, e pagamos de maneira importante, incrementando. O único que pedimos é, resolvemos os problemas nosoutros, individualmente Arteixo, que ten recursos, resolvemos o problema coordinadamente coa Deputación formulando a colaboración con outros concellos se houbera un proxecto coordinado, eu creo que esa é a formulación, sen botarse as culpas uns aos outros. Agora esta é unha situación que nos vai vir, é unha situación grave, porque vai haber concellos que van empezar a incumprir e o día que caia unha denuncia porque hai un animal que está solto, que non se recolle e que morde ou que fai un altercado a un veciño, imos ter un problema. O que se pide é, a través da Deputación, tratar de maneira coordinada, e non que cada concello se vaia individualmente a salvar o seu problema, iso é o único que se pide.

Sr. Presidente

Simplemente sobre isto dicir que como di Agustín comparto completamente, isto vai de competencias e, polo tanto, a Xunta de Galicia, o Parlamento galego onde ten maioría o Partido Popular, o lóxico é que isto en tal caso é responsabilidade de todos os Grupos presentes no Parlamento e que cando se lexisla unha norma que ten trascendencia nunha competencia que é do ámbito municipal, as deputacións neste caso, ás que se está a chamar en parte para que coordine e en parte resolva esta problemática, teñen algo que dicir, igual que imos nós cada ano ao Parlamento a intentar, cumplindo a lexislación, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a coordinación entre administracións que é básica para obter unha lexislación razonable, para non encontrármosen con este tipo de debates que nos está atropelando a todos, porque todos compartimos a defensa do benestar animal, ningúén non a comparte, pero tamén hai que ser consciente das limitacións orzamentarias que teñen os concellos, das limitacións normativas que teñen os concellos, que cada vez se nos pon más difícil poder investir un euro, cada vez hai máis informes de reparo ou remilgo, como di algún alcalde, cada vez hai máis complicacións de todo tipo, normativas a nivel estatal, para poder cumplir as normas.

Polo tanto, eu ao Parlamento, neste caso a Xunta de Galicia, diríalle que cando haxa temas de trascendencia competencial, que son das deputacións, ou dos concellos, non se limite únicamente a falar coa FEGAMP, senón que creo que é ben fácil, dicíao agora Bernardo, neste caso coa Xunta de Galicia xa estamos a deseñar, áinda que a FEGAMP non fixo unha proposta, nós xa lle fixemos unha proposta á Xunta de Galicia, que en principio está polo labor, salvo que cambiara de criterio, que non nos consta, para intentar resolver, e aquí imos ter que implicarnos todos, os concellos en moita menor medida, a Deputación está disposta a servir, sobre todo para o que di Carlos, para coordinar unha resposta, que non cada un en función de que ten os recursos ou non ten os recursos poida dar unha resposta, porque igual ten o mesmo dereito un animal en Mañón que en Arteixo ou nas Pontes.

Polo tanto, quero dicir que estamos nese camiño e agardo que quede resolto con certa rapidez e nós estamos dispostos a facer o esforzo de dar esa resposta.

Sr. Requeira Varela

Simplemente un matiz que non é menor. Xa que a bicefalía do Partido Popular neste caso tivo dúas intervencións, dicir que efectivamente todas as forzas políticas votamos a Lei de benestar animal, pero só unha a aprobou, porque a que eu represento aquí, en nome da que eu falo aquí, votou en contra, ou abstívose, non recordo exactamente, pero eu creo que a lei apoiouna en solitario o Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (13 do PP; 1 do PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación- art. 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DA MAREA ATLÁNTICA SOBRE A LEI DE BENESTAR ANIMAL DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019 contemplan unha partida de 125.000 € para o conxunto dos concellos do país na que se incluirán as actuacións relacionadas co benestar dos animais de compañía, e por extensión, o cumprimento da nova norma que o vindeiro exercicio implementará a aplicación do sacrificio cero.

O anunciado incremento do 25% (de 100.000 a cantidade actual) para as vilas non só é insuficiente, senón que contrasta cos esforzos que a propia Deputación da Coruña fixo cunha primeira convocatoria de axudas para refuxios de animais da provincia, dispoñendo 150.000 euros, o co traballo que veñen facendo algúns Concellos en materia de recollida, prevención, adopción ou fomento da xestión responsable das colonias de gatos ferais.

Neste mesmo senso de apoio institucional da Xunta está a xerar situacions rocambolescas, como a denuncia do goberno de Ares, que advertiu da concesión dunha ridícula subvención de 50 euros para un proxecto de esterilización de colonias felinas que xa investiu máis de 3.000 € das arcas municipais.

A cuestión non se vai resolver construíndo macrocanceiras mentras o comercio irregular campa ás anchas en Internet e onde a única campaña de sensibilización realizada ata o momento fala do "Día Mundial dos Animais" colocando anuncios en medios de comunicación sen contido nin propostas.

Os Concellos da provincia da Coruña demandan un orzamento proporcional á derivación de competencias que formula a Lei, e sen esquecer o recoñecemento desas novas figuras participadas, como a xestión de colonias felinas ou as chamadas "casas de acollida" ou o cumprimento por parte das Policías Locais de accións como a inspección de establecementos, voto ás mutilacións de animais por motivos estéticos ou a prohibición de empregar os cruentes colares de descargas eléctricas.

- Instar á Xunta de Galicia a dotar aos concellos de orzamento suficiente para o cumprimento da Lei de Benestar Animal asumindo a súa parte de responsabilidade na elaboración e aplicación deste texto normativo."

Sr. Presidente

Hai unha última moción do BNG-Asembleas Abertas relativa ao proxecto de supresión das oficinas que a Tesourería da Seguridade Social mantén abertas na localidade da Coruña.

III.MOCIÓN RELATIVA AO PROXECTO DE SUPRESIÓN DAS OFICINAS QUE A TESOURERÍA DA SEGURIDADE SOCIAL MANTÉN ABERTAS NA LOCALIDADE DA CORUÑA DE SERVIZOS PERIFÉRICOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO- A CORUÑA

Na actualidade nas oficinas da *Tesourería da Seguridade Social da cidade da Coruña* estase a atender á poboación e empresas radicadas nos distritos postais do 15005 ao 15011 da Cidade da Coruña e nos concellos de Bergondo, Miño, Monfero, Oleiros, Sada, Vilarmaior, Abegondo, Aranga, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Oza-Cesuras, Paderne, Sobrado e Vilasantar. Afectando a un conxunto de poboación total de máis de 300.000 persoas, dos que 120.000 son traballadoras afiliadas e de alta na Seguridade Social, correspondentes ás máis de 10.000 empresas afectadas.

Perante a proposta presentada pola Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social na Coruña (TXSS), na que se pretende a *supresión e concentración de dúas Unidades de Recadación Executiva nun mesmo local, separado da Administración da que son dependentes*, a Deputación da Coruña manifesta a súa preocupación pola supresión ou traslado de calquera das administracións da Tesourería da Seguridade Social existentes nestes intres na cidade da Coruña, dado que obxecto polo que foron creadas era cumplir co principio de proximidade e inmediatez na prestación do servizo de atención ao ciudadán, pois a ubicación que teñen as oficinas nestes momentos é a idónea, xa que vai en sintonía coa distribución dos códigos postais atribuidos ás mesmas en función da proximidade ao asegurado.

Por todo o exposto, proponse ao Pleno Corporativo a aprobación da seguinte moción:

“Demandar da Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na provincia da Coruña que siga a manter o servizo á ciudadanía tal e como está na actualidade, así como tamén amosar desde a institución provincial o apoio e solidariedade co persoal afectado.”

Sr. Requeira Varela

Antes de nada, como esta moción eu entendo que é suaveciña, aproveitar xa que non me tocará intervir posteriormente, desexarlle a todo o mundo unhas boas festas.

Esta moción vén dunha reunión que mantivemos cos representantes e coas representantes dos traballadores e traballadoras das oficinas da Tesourería da Seguridade Social, onde entenden que sería importante que na Deputación tivéramos coñecemento, xa que representamos ou aquí hai representación de todos os concellos da provincia, e sobre todo preocupámonos, ou así entendemos que debería de ser, preocupámonos dos máis pequenos, sobre todo dos concellos rurais, facíannos chegar unha proposta que teñen enriba da mesa de supresión e concentración das oficinas e trasladábannos a súa preocupación na precarización do servizo que se lle presta aos concellos rurais, eles trasladáronnos unha serie de cuestións de atención ao público, sobre todo de atención aos distritos postais do 15005 ao 15011 da cidade, sobre todo traballadores e traballadoras en activo, a unha serie de concellos da provincia que son Bergondo, Miño, Monfero, Oleiros, Sada,

Vilarmaior, Abegondo, Aranga, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Oza-Cesuras, Paderne, Sobrado e Vilasantar, ás que se lles está atendendo desde hai moito tempo nunha serie de oficinas que, baixo o seu punto de vista, son más fáceis de usar, ou más fáceis de acceder por parte das trescentas mil persoas destes concellos que teñen que asistir a elas para solucionar diferentes cuestións administrativas, e que a situación actual responde aos principios de proximidade e inmediatez que debe ter a propia administración cos administrados, e polo tanto consideran que, a ser posible, se mantiveran as situacíons actuais das oficinas e non se procedera a esa supresión e centralización dos servizos.

Polo tanto, o que nos trasladaban é que a Deputación mostrara o seu apoio aos traballadores, e dalgunha maneira se lle trasladara á Tesourería Xeral da Seguridade Social a proposta de manter a situación actual das oficinas que hai na cidade. Nada máis.

Vótase a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

Sr. Fernández Piñeiro

Anunciar a nosa abstención nese punto, e simplemente comentar algunas cuestións que me comentaba o director da Tesourería da Seguridade Social hai uns intres e era que se mantíñan inicialmente a proposta parte dun informe da inspección de servizo, e en principio o que se formulaba era a partir de 2020, aínda non sería agora, e tendo en conta que se van realizar obras nalgúnha das oficinas, sería mínimo a uns catro anos vista, eliminar a da Ronda de Nelle, e conservar as de Rafael Alberti, que está na entrada da Coruña, e que polo tanto é a que dá servizo a todos estes concellos da periferia dos que estamos a falar, e a da Praza de Vigo.

Nese caso simplemente comentar que a oficina da Ronda de Nelle está a menos de 400 metros da Praza de Vigo, e que actualmente incluso dáse a casualidade de que hai veciños que viven nas inmediacións da Praza de Vigo, que por código postal teñen que desprazarse ata a Ronda de Nelle, polo tanto, a uns lles afecta e a outros lles beneficia, pero queda claro que é unha oficina que está a menos de 400 metros nunha cidade e que, polo tanto, tampouco se trata dun desprazamento que vai xerar uns custos desorbitados a calquera das persoas que poidan desprazarse ata alí, e en todo caso, reducir os custos de infraestrutura cando non se reduce o persoal que nese caso vaise reforzar o resto de oficinas, paréceme positivo sempre e cando redunde no que todos preferimos que sexa unha mellora nas prestacións, e que eses fondos se dediquen a iso e non aos máis de mil millóns de euros que a Seguridade Social gasta anualmente en infraestruturas, sobre todo, como digo, neste caso porque non afecta gravemente, tendo en conta que está a menos de 400 metros unha da outra, e que as dúas que quedarán finalmente cando pase este proceso contarán con máis persoal e, polo tanto, o servizo non vai minguar. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Sorpréndeme a abstención socialista e despois do que acaba de dicir o portavoz, más se cabe, porque o ideal cando se trata de apoiar aos traballadores é

unha declaración institucional e soe facerse así. A moción é xenérica, manter o servizo á cidadanía como está na actualidade, tampouco di nada, e sobre todo a segunda parte, "Amosar desde a institución provincial o apoio e solidariedade co persoal afectado", eu creo que a moción non era como para non asinala como declaración institucional, e simplemente lamentar isto, e quero aproveitar para felicitar o Nadal e o Ano Novo a todos porque eu teño que marchar xusto ao rematar o Pleno. Grazas.

Sr. Regueira Varela

Nós consideramos que, evidentemente, está por ver se o que di o voceiro do PSOE é así, eu penso que si podería ser así, pero ben, sería facer un exercicio de visualización do futuro. O que está claro é que dá a sensación, ou eu, o Grupo que eu represento, dános a impresión de que as administracións non podemos tomar as mesmas decisións que toma por exemplo unha entidade bancaria cando recentraliza os seus servizos periféricos ou as súas oficinas bancarias. Evidentemente, houbo marcas bancarias que tomaron decisións de concentrar as oficinas e seguramente o seu haber e debe de caixa melloraría pero o servizo ao administrado, neste caso ao usuario ou cliente deses bancos, non foi o mesmo a partir de que se concentraron.

Nesta caso nós consideramos que efectivamente ese principio do inmediato e de proximidade debe prevalecer sobre outros servizos. Como aquí esta cuestión, como se dixo tamén, está prevista para 2020, veremos en que se fundamenta a proposta de concentración, e tamén a forza que teñen as reivindicacións do persoal ao servizo das oficinas da Tesourería. Pero en todo caso, evidentemente, nós seguimos entendendo que o que se nos trasladou por parte dos representantes do colectivo de traballadores e traballadoras ten sentido e consideramos que podería haber un apoio por parte desta Administración as súas reivindicacións, porque en todo caso non empeorarían a situación inicial, se é boa, e en todo caso, benefician as persoas, ás 300.000 persoas usuarias dese servizo de toda a área metropolitana e da periferia da cidade.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente. Evidentemente, as administracións públicas non poden guiarse só por un criterio economicista, pero tampouco o feito de que sexa administración pública quere dicir que poidamos gastar daquela maneira, nun caso no que ademais, como dicía a Sra. Gallego, afecta máis e ten más que ver co persoal da propia oficina que cos cidadáns, porque para alguén que vén de Arteixo, de Oleiros, de Paderne, de Betanzos, esa diferenza de 400 metros dunha oficina a outra lle vai dar exactamente igual porque vén de desprazarse varios quilómetros, nalgún caso con caravanas e con outros moitos problemas. E a xente da cidade, 400 metros, sinceramente, comparado con alguén que pode vir de dez, quince, vinte quilómetros, entendo que non pode ser moi complicado. Pero en todo caso, repito, é unha cuestión que ten más que ver igual coa comodidade, e enténdase con comodidade o que quero dicir, dos empregados, que poden ter más proximidade ás súas vivendas nesa oficina, pero non en canto ao servizo que neste mesmo caso vaise prestar exactamente igual e, como digo, en comparación co exemplo que poñía vostede, as oficinas bancarias nas que se pecharon, non se reforzou persoal, pero neste caso si, o persoal mantense e se distribúe nas outras oficinas, e polo tanto, refórzanse, non

vai haber unha mingua, non se vai minguar o que é a calidade dos servizos aos cidadáns, simplemente se elimina unha oficina que se entende, por parte da Inspección, e eu non serei quen tome cartas no asunto, que non é necesaria tendo en conta as necesidades e os gastos que xera en base ao servizo que presta. Nada máis, moitas grazas e aproveito tamén para felicitarles as festas a todos e a todas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (13 do PP, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 do PSOE - Sr. Presidente)

Votan en contra: 1 deputado (PSOE)

Abstéñense: 5 deputados (PSOE)

O Presidente fai constar que vota a favor por equivocación.

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN RELATIVA AO PROXECTO DE SUPRESIÓN DAS OFICINAS QUE A TESOURERÍA DA SEGURIDADE SOCIAL MANTÉN ABERTAS NA LOCALIDADE DA CORUÑA DE SERVIZOS PERIFÉRICOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO- A CORUÑA

Na actualidade nas oficinas da *Tesourería da Seguridade Social da cidade da Coruña* estase a atender á poboación e empresas radicadas nos distritos postais do 15005 ao 15011 da Cidade da Coruña e nos concellos de Bergondo, Miño, Monfero, Oleiros, Sada, Vilarmaior, Abegondo, Aranga, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Oza-Cesuras, Paderne, Sobrado e Vilasantar. Afectando a un conxunto de poboación total de máis de 300.000 persoas, dos que 120.000 son traballadoras afiliadas e de alta na Seguridade Social, correspondentes ás máis de 10.000 empresas afectadas.

Perante a proposta presentada pola Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social na Coruña (TXSS), na que se pretende a *supresión e concentración de dúas Unidades de Recadación Executiva nun mesmo local, separado da Administración da que son dependentes*, a Deputación da Coruña manifesta a súa preocupación pola supresión ou traslado de calquera das administracións da Tesourería da Seguridade Social existentes nestes intres na cidade da Coruña, dado que obxecto polo que foron creadas era cumplir co principio de proximidade e inmediatez na prestación do servizo de atención ao cidadán, pois a ubicación que teñen as oficinas nestes momentos é a idónea, xa que vai en sintonía coa distribución dos códigos postais atribuidos ás mesmas en función da proximidade ao asegurado.

Por todo o exposto, proponse ao Pleno Corporativo a aprobación da seguinte moción:

"Demandar da Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na provincia da Coruña que siga a manter o servizo á ciudadanía tal e como está na actualidade, así como tamén amosar desde a institución provincial o apoio e solidariedade co persoal afectado."

ROGOS E PREGUTNAS

Sr. García Seoane

Eu quería facer un rogo, que algúns dirán que non ten moito sentido nesta sala, e eu creo que o ten todo, cando un acende a televisión, ve manifestacións, cando atacan a unha muller, onte uns que corrían detrás do sen vergoña ese, do bandido que matou a esa nena, íanse rindo, un espectáculo bochornoso. Eu creo que neste país hai que cambiar as leis, eu como presidente que vostede é desta Deputación, e pola relación que ten co Goberno de España, que xa fixo cando o goberno de Zapatero houbo unhas melloras importantes sociais en leis, que chegara, se o considera oportuno, e que cando algún violador, algún asasino, algún desalmado como este que saíu do cárcere, que lle chegue o tempo de liberar a condena, porque a cumpriu, que antes de que saian os capen, que se poña na lei que hai que capar a esta xente, para que os convertan en eunucos, e non volvan a cometer esas atrocidades con mulleres indefensas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente é un rogo, de algo concreto, pero gustaría que quedara constancia na acta de hoxe, é en relación cunha subvención nominativa no Concello de Curtis, que simplemente sei que a final de ano o esforzo dos equipos técnicos e os servizos da casa están sobresaturados, é unha subvención que non foi tramitada en tempo e forma, non vou entrar nas razóns, pero en todo caso si que me gustaría, e ese é o contido do rogo, que se tentara solucionar os efectos secundarios de non poder tramitar este ano a subvención para facilitar, digamos, actuacións complementarias que vai realizar o Concello de Curtis e que necesita poder viabilizalas por parte da Deputación con independencia de que o convenio poida substanciarse no vindeiro ano. Polo tanto, ese é o contido do rogo, e tamén aproveito na mesma liña que o resto dos compañeiros para desexar unhas felices festas de Nadal a todos os compañeiros, e por suposto todos os funcionarios e empregados desta casa.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e dezanove minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.